Neste caso seguiríamos as concrecións metodolóxicas citadas anteriormente, compaxinando o exposto no apartado de presencialidade e de ensino telemático, mediante clases virtuais por videoconferencias a través da plataforma Webex ofrecida pola Xunta e os medios telemáticos empregados na aula Edixgal, combinando coas explicacións presenciais a expensas de instrucións do centro ou a Consellería.

## 7. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

### Materiais e recursos didácticos (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Para o desenvolvemento do currículo tomarase como referencia os libros das editoriais dispoñibles de Física e Química de 2º da ESO en Edixgal (Netex, Edebé, aulaPlaneta e NetexSmart). Os materiais e recursos serán similares en todos os escenarios posibles, diferenciándose as explicacións en clases presenciais, que nas outras dúas modalidades serían a través de videoconferencias por Cisco Webex.

Tamén se poderán utilizar diferentes libros de texto do mesmo ou similar nivel dos que se dispoñan na biblioteca do centro ou da aula. Manexo doutros libros de Física ou Química, Bioloxía, Matemáticas, Tecnoloxía de nivel superior para a ampliación de coñecementos ou para a aclaración dos mesmos, ou para investigación bibliográfica.

E os materiais e recursos dixitais mínimos:

- Materiais de elaboración propia do Departamento
- Diferentes materiais e recursos de internet recompilados na Aula Virtual Edixgal.
- Libros de texto Edixgal.
- Demostracións e vídeos recollidos en YouTube.
- Presentacións de Genially.
- Xogos de Genially a modo de escape game.
- Simulacións online interactivas, en especial da Universidade de Colorado (PhET)
- Kahoot e-learning
- Google Forms, etc.

Para acceder a internet utilizarase a conexión da que se dispón na aula, ademais do ordenador da profesora, canón e pantalla e os ordenadores do alumnado dos que dispoñen por E-Dixgal. No caso que algún alumno/a non dispoña de conexión a internet na súa casa, pode traballar coa sección de E-Dixgal Offline.

Utilizarase a aula virtual da materia en E-Dixgal para ter o material de traballo sempre accesible ao alumnado. Tamén o correo electrónico.

Fichas realizadas polo profesora e/ou o alumnado.

Páxinas web de Internet de diferentes tipos e estruturas nas que se desenvolven aspectos dos tratados nos diferentes temas e que en moitos casos permiten a simulación de situacións próximas ás cotiás e incluso a realización de exercicios, cuestións e mesmo a súa comprobación.

Ademais tamén será un material importante no desenvolvemento da clase o encerado de sempre coas xices tanto brancas como de cores, o encerado dixital do que dispón a aula, apoiando as explicacións polo método tradicional co emprego das novas tecnoloxías.

O alumnado deberá dispoñer dun caderno tamaño folio, bolígrafos e o ordenador E-Dixgal cargado (se non, podería cargalo no armario-cargador das aulas), ao longo do curso valorarase que dispoñan dun pen drive. Material para prácticas do que se dispoña no laboratorio do centro, que se levarán á aula para mostrar xa que se debe cumprir o protocolo Covid e non compartir material. No caso de avance positivo da epidemia e se poida volver á utilización compartida, serían os seguintes: aparatos de medidas diversos como balanzas, termómetros, calibres, material de vidro para medir volumes, produtos para realizar disolucións e estudo de separación de mesturas, reactivos para reaccións sinxelas, etc.

## 8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

### Criterios de avaliación

Avaliacións parciais (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Criterios de avaliación comúns en todos os cursos desta etapa educativa e en todas as modalidades de ensino presencial, semipresencial e telemático:

1. A execución das tarefas encomendadas
  - A orde na execución e na presentación
  - A realización nos prazos acordados
  - A colaboración naquelas que se realizan en grupo.
2. A actitude ante o traballo
  - A súa predisposición cara o traballo
  - O interese por corrixir os seus propios erros
  - A súa disposición para solicitar as axudas necesarias
  - A cooperación cos seus compañeiros/as
  - A colaboración na creación dun clima na aula ou teleconferencias que propicie un bo desenvolvemento da clase
  - A asistencia a clase ou teleconferencia e o seu aproveitamento.
3. A capacidade comunicativa oral, escrita e gráfica
  - Terase en conta a exposición ordenada dun tema
  - A utilización dunha linguaxe axeitada ó contido da materia e cos compañeiros
  - A toma de notas no seu caderno de traballo é axeitada
  - Se son ampliadas as explicacións con consultas a libros ou outras fontes
  - Terase en conta se fai un uso axeitado dos diferentes medios como gráficas, esquemas, táboas, ..
  - A súa capacidade para comprender a información que se lle presenta en textos, táboas, gráficas, esquemas, etc.
4. Os aspectos propios da área
  - Teranse en conta os criterios específicos de coñecemento da área que correspondan a cada unha das unidades didácticas programadas para o cuadrimestre.
  - O mantemento, no centro escolar, de hábitos saudables e de respecto ao medio ambiente.

Recursos e instrumentos para a avaliación:

- A) Avaliación das actitudes e comportamentos: non cuantificable numericamente pero que nos permite coñecer o nivel de integración, a súa motivación e a participación nos traballos en grupo.
- Interese e actitude inicial (motivado, pouco motivado, nada motivado).
  - Interese na realización do traballo.
  - Formas de participación nas diferentes tarefas.
  - Estilo de participación (impositivo, aberto, reflexivo,...).
  - Participación no traballo en equipo.

B) Avaliación de contidos: implica unha metodoloxía que se concreta na aplicación de recursos e instrumentos que nos poidan ofrecer toda a información que sexa posible sobre o proceso de ensino-aprendizaxe e o nivel acadado por cada alumno/a. Destacamos os seguintes:

- Observación directa do alumnado, feitas ditas observacións en diferentes momentos e situacións (traballo individual, en equipo, postas en común, explicacións, laboratorios virtuais, traballos de investigación). Entre as observacións concretas a realizar destacamos:
  - manifestación de dúbidas, certezas, erros
  - dominio e utilización da linguaxe científica
  - argumentación das súas opinións
  - aplicación dos conceptos e procedementos aprendidos ás situacións expostas
  - hábitos de traballo; coidado e respecto polo material; autoconfianza...
- Revisión dos traballos realizados polo alumnado nos seus cadernos e/ou na súa carpeta dixital; podemos obter información sobre os aspectos seguintes:
  - nivel alcanzado na proposta de traballo presentado
  - comprensión e desenvolvemento das actividades
  - estratexias na resolución de problemas
  - dificultades atopadas
  - hábitos e métodos de traballo
  - ideas ou conceptos mal elaborados
  - nivel de expresión escrita e gráfica
  - claridade, limpeza, orde, esquemas e resumos, etc.
- Probas específicas de avaliación que poden ser de diferentes tipos en función dos contidos que queiramos avaliar:
  - probas de aplicación
  - presentación de temas, comentarios de textos, noticias, resolución de cuestionario sobre un tema
  - probas de resolución de problemas
  - controis escritos que se realizarán ó remate de cada unidade didáctica ou unidades didácticas e que se anunciarán previamente. Poderán constar de preguntas tipo definición dun concepto, preguntas de razoamento e/ou de relacionar conceptos e/ou de elixir unha opción e razoar esa elección e de exercicios para resolver numericamente pola aplicación dunha lei, ou aplicar conceptos matemáticos, ... Farase media dos controis sempre que a nota mínima de cada un sexa 3,5 ou superior, en caso contrario será necesario a súa recuperación.

No caso de modalidade semipresencial, deixáranse para realizar estes controis escritos de xeito presencial e o resto de xeito telemático. Para a modalidade telemática, agás no caso dun confinamento extremo que non permita acudir a realizar no centro probas presenciais, mantense o sistema de avaliación descrito na programación. Agás os exames escritos e algunhas prácticas de laboratorio que non se poden desenvolver de xeito alternativo mediante simuladores, o resto dos instrumentos e procedementos de avaliación son aplicables en calquera escenario. No caso de confinamento total, ou alumnado en corentena que non poida asistir ás probas escritas, conectaránse á hora sinalada, e subirase a proba á aula virtual, mentras o alumnado estará conectado por videoconferencia para realizar a proba. Unha vez rematada a sesión, daráselle 15 minutos para gardar, escanear e enviar a proba á profesora.

Realizarase unha proba global de síntese e/ou recuperación despois da avaliación.

Non se repetirá ningún control se non se recibe xustificación documental oficial na data prevista para a proba ou nos dous días seguintes.

As probas e traballos levarán os criterios de cualificación e corrección para cada un.

- As probas escritas constarán de:
  - cuestións, teñen varias respostas xa indicadas e os alumnos/as deberán elixir de xeito razoado\* cal é a resposta correcta ou ben dar unha explicación ou facer un comentario a unha pregunta ou expoñer unha definición ou demostración.
  - problemas correctamente razoados \*

\*Ejercicios razonados:

- as solucións numéricas non acompañadas de unidades ou incorrectas: -0,25
- os erros de cálculo, en cada apartado: -0,25
- a utilización directa de fórmulas que se desenvolven a partir de leis básicas, a metade do apartado.
- a elección de resposta sen razoamento, nas preguntas de resposta múltiple só contan de 0,05 a 0,1, se a resposta é válida.
- a elección de verdadeiro ou falso, sen razoamento, neste tipo de preguntas só contan de 0,05 a 0,1, se a resposta é válida.
- poñer a fórmula ou dar un resultado sen demostrar, nunha pregunta non puntúa.
- A nota da proba será a suma dos valores obtidos en cada pregunta.

#### OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Cada alumno debe asistir o exame co seu material, de querer pedir prestado material durante o exame so poderá facelo á profesora, que deberán desinfectar e en cuxo caso levará un desconto na nota da proba de 2 puntos.
- O móbil, non é material escolar nin necesario durante unha clase, logo non se pode usar durante a mesma, nin como calculadora.
- As fotocopias de apoio á materia, que a profesora considere necesarias, danse unha soa vez logo de ter gardado corentena de 24 horas para a súa desinfección..

Para aprobar a avaliación haberá que obter unha nota mínima de cinco.

#### Avaliación final (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Será común para calquer tipo de ensino, sexa presencial, semipresencial e telemático, a expensas doutras posibles instrucións da Consellería:  
A nota final calcularase facendo a media das avaliacións, utilizando o sistema de redondeo:

- Se contidos actitudinais non restan pódese redondear a alza
- Se contidos actitudinais restan nalgún apartado redondearase á baixa independentemente de cal sexa o decimal da nota.

Para aprobar a materia haberá que obter unha nota mínima de cinco.

#### Avaliación extraordinaria (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Será común para calquer tipo de ensino, sexa presencial, semipresencial e telemático, a expensas doutras posibles instrucións da Consellería:

Os alumnos que durante o curso non sexan capaces de seguir a secuenciación de contidos que se pretenden desenvolver na materia, sempre e cando mostrasen interese polo traballo e se esforzasen por acadar os mínimos sen logralo, ben porque presente dificultades de expresión oral ou de cálculo matemático, terán as seguintes recomendacións para a preparación da proba extraordinaria e así adquirir as estratexias máis adecuadas para acadar os coñecementos correspondentes e os hábitos de traballo necesarios para superar con éxito os obxectivos.

#### Actividades de recuperación e profundización

Unha cualificación negativa non quere dicir que fallase en todos os aspectos sinalados, pode ser que só fallase nalgún deles. Aquel alumnado que non acadase os mínimos esixidos e, por tanto, non teña unha nota mínima de suficiente, poderá obtela na seguinte convocatoria se segue un plan de recuperación que a continuación se detalla referido a cada un dos criterios de avaliación.

Criterio de avaliación 1. No caso de non acadar os mínimos en relación con este criterio, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos do seu traballo deberá modificar. No caso de que llo indique a profesora deberá completar ou mellorar o caderno ou realizar os traballos que non fixera. Se segue as indicacións da profesora pode acadar a avaliación positiva neste criterio e entenderase que recuperou a valoración negativa.

Criterio de avaliación 2. De igual xeito que no criterio anterior, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos da súa actitude deberá modificar. Se segue as indicacións da profesora e na avaliación seguinte acada unha valoración positiva neste criterio, entenderase que recuperou a valoración negativa inicial.

Restantes criterios. No caso de non alcanzar unha nota mínima de 5 nos criterios máis propios da área, recoméndase para cada unha das leccións:

- Facer un esquema no que se resuman os conceptos máis importantes de cada lección.
- Estudar as definicións que se remarcaron durante o curso.
- Facer para cada tema unha táboa coas fórmulas, o que significa cada símbolo que aparece nelas e as unidades SI, principalmente.
- Resolver para cada lección, a lo menos os exercicios que traen os temas e que foron resoltos na clase. Repetilos hasta que se saiban resolver sen mirar a solución.
- Sería, aconsellable, facer tamén os exercicios dados en fotocopias e os propostos na aula virtual.
- Repetir os exercicios resoltos hasta que se saiban facer sen mirar a solución.
- Visitar as páxinas de internet recomendadas e facer as actividades que propoñen

O alumnado deberá realizar a proba escrita de recuperación na convocatoria extraordinaria, convocada pola xefatura de estudos.

- O exame de setembro é único e sempre será de contidos mínimos de toda a materia.
- O estilo da proba será o mesmo que o realizado en xuño e durante o curso e se rexerán polas mesmas normas que as da avaliación ordinaria.
- As preguntas versarán sobre os contidos mínimos dos temas do currículo.

A proba de setembro terá unha cualificación máxima de 5, dado que só será sobre contidos mínimos.

Se a cualificación da proba é insuficiente, non acada como mínimo 5, o alumnado quedará coa materia suspensa e terá que matricularse da mesma no seguinte curso.

## Criterios de cualificación

Criterios de cualificación (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Será común para calquer tipo de ensino, sexa presencial, semipresencial e telemático, a expensas doutras posibles instrucións da Consellería:

A nota do módulo obterase: 80% Contidos conceptuais-procedimentais + 20% Contidos actitudinais – Faltas de orde e/ou expulsións.

Os criterios de avaliación 1, 2 e 3 (contidos actitudinais) suporán un 20% da cualificación e terá en conta o traballo voluntario, saídas ó encerado (ou á pizarra dixital virtual) para facer algún exercicio (0,8 contará cun un mínimo de doce saídas para que conte, máis de seis e menos de doce conta a metade, entre seis e tres conta 0,2 e menos de tres non conta nada); facer deberes e traer o material necesario (0,5 estes controis serán aleatorios na avaliación, se se detecta unha soa vez conta a metade, se dous ou máis veces sen facer deberes ou traer material non conta nada); comportamento/actitude (0,5 coidar linguaxe utilizado sen usar palabras malsoantes e que non haxa chamadas de atención sobre o seu comportamento na aula ata 2 veces); estar na páxina de internet indicada /ou estar noutra materia /ou facer os deberes do seguinte día (0,2 este control será aleatorio, ata 1 vez); por expulsións ou faltas de orde descontarase 0,5 puntos ilimitadamente. O criterio 4 (contidos conceptuais-procedimentais) será o 80% da media das probas escritas, cando na avaliación se realicen prácticas virtuais ou traballos o reparto será (70% para a media das probas escritas e o 10% para a media das prácticas virtuais e o seu informe, se non se entrega o informe a práctica contará cero e/ou media dos traballos específicos individuais e a media das notas numéricas de resolución de exercicios e/ou toma de leccións en clase ou videoconferencias). Para aprobar a materia é necesario obter como mínimo un 5.

Para facer a media e calcular a nota final no criterio 4, o alumno/a, deberá acadar, como pouco, a nota mínima de 3,5 en cada un dos controis/probas realizados. Se hai valores inferiores a 3,5 nalgunha das probas, para calcular a nota final, realizarase a media, se da inferior a 5 esa será a nota de avaliación. No caso de que haxa probas con valores inferiores a 3,5 e que calculada a media dea 5 ou superior, a nota de avaliación será 5 menos o tanto por cento que lle falte a nota obtida para chegar a 3,5, por exemplo se lle falta o 20% teríase  $5 - 0,2 = 4,8$  e non poderá redondearse á alza.

Cando a nota de avaliación sae decimal utilizarase o redondeo:

- Se contidos actitudinais non restan pódese redondear a alza
- Se contidos actitudinais restan nalgún apartado redondearase á baixa independentemente de cal sexa o decimal da nota.

Para aprobar a avaliación haberá que obter unha nota mínima de cinco.

Nas recuperacións as notas serán as obtidas cando se corrixa as probas das mesmas e o sistema de redondeo o citado anteriormente.

A nota final da avaliación calcularase facendo a media das avaliacións, utilizando o sistema de redondeo anterior.

Se na avaliación ordinaria, algún alumno/a, non chega a nota mínima para a media, poderá recuperala na convocatoria extraordinaria, tendo que realizar o plan de recuperación e repaso proposto na área. Se na convocatoria extraordinaria non chegara a superar positivamente a área, en cuestión, quedará coa materia pendente para o seguinte curso.

Enténdese que supera a materia, en calquera convocatoria, cando acada unha nota de 5 ou superior.

## Criterios de promoción

Criterios de promoción (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

A promoción na materia producirase cando aplicados os criterios de avaliación e de cualificación referidos nos puntos anteriores se obteña unha nota de avaliación final de cinco ou superior.

## 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente						
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.						
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.						
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.						
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.						
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.						
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.						
7. Coordinase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.						
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.						
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).						
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.						
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.						
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.						
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.						
7. Promove a reflexión dos temas tratados.						
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...						
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...						
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.						
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.						

5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.						
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.						
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.						
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.						
9. Plantexa actividades grupais e individuais.						
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</b>						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.						
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.						
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.						
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.						
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.						
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.						
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.						
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.						
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.						
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.						
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.						

## 10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste nivel non se produce esta circunstancia de materia pendente pois é a primeira vez que o alumnado cursa a materia.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

### Deseño da avaliación inicial

A proba de avaliación inicial realizarase a comezos de curso.

#### OBXECTIVOS:

- Indagar sobre as características e o nivel de competencias que presenta o alumnado en relación con esta materia.
- Saber qué alumnado ten dificultades de aprendizaxe dende principio de curso e cales son as súas carencias.
- Coñecer as peculiaridades do curso como grupo.
- Recoller información sobre as expectativas académicas do alumnado do grupo.
- Informar ao Equipo Docente das características xerais do grupo e das circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa dos mesmos.

#### QUE SE VAI A AVALIAR:

Coñecementos específicos, adquiridos en cursos anteriores, necesarios para a materia.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Mediante os mesmos veremos o grao de adquisición dos contidos avaliados.

#### VALORACIÓN DOS INDICADORES:

A valoración dos indicadores realizarase mediante a escala: Bo, Aceptable, Insuficiente.

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Consistirá nunha proba escrita común, para valorar os coñecementos específicos adquiridos en cursos anteriores, o grao de desenvolvemento na comunicación escrita e os intereses académicos do alumnado.

#### VALORACIÓN FINAL:

A valoración final do nivel que presenta o alumnado será:

- Bo.- Supera o 70%.
- Aceptable.- Supera entre o 50% e o 70%.
- Baixo.- Non supera o 50%.

### Medidas individuais e colectivas

Nas primeiras semanas de curso o equipo docente de cada grupo de alumnos/as reúnen en sesión de avaliación inicial e á vista dos resultados obtidos nas probas de avaliación inicial de cada materia, os informes do historial do alumnado, a súa traxectoria académica, o asesoramento do departamento de orientación e a supervisión de xefatura de estudos decídese cales das medidas que sinala a lexislación entre as que citamos: atención individualizada na aula para a realización das actividades propostas, de reforzo e ampliación, adaptación curricular, programa de seguimento, exencións de materias, flexibilización do currículo, etc., son as máis apropiadas a cada caso.

## 12. Medidas de atención á diversidade

### Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación traballarase para detectar os casos do alumnado que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Unha das ferramentas para auxiliar na detección de alumnado con problemas é a avaliación inicial que, con carácter informativo, faise ao alumnado ao inicio dentro das primeiras semanas de curso.

En función das características, do número de individuos que precisan atención, e da dispoñibilidade do centro (tanto persoal como material) poden facerse agrupamentos específicos para tal fin.

Dado que nos atopamos nunha ensinanza obrigatoria debe quedar claro que todo o alumnado debe acadar os niveis mínimos xa sinalados, pero isto pódese conseguir de xeito non uniforme dentro da mesma clase para o cal faremos unha diferenciación clara entre actividades básicas e complementarias correspondentes a cada unidade.

Dentro das actividades básicas destacamos:

- cuestións de diagnóstico previo ao comezo do tema para introducilo e ao mesmo tempo motivalos
- actividades de desenvolvemento que permiten ir reestruturando o coñecemento do alumnado
- actividades experimentais de nivel básico
- actividades de síntese para asegurar uns coñecementos mínimos a todo o alumnado.

Dentro das actividades complementarias destacaremos:

- resolución de exercicios cun nivel de razoamento máis elevado que permiten relacionar diferentes aspectos do tema tratado; requírese un grao de abstracción maior así como un nivel de cálculo moitas veces superior.

Xa se falou dos aspectos relacionados coa avaliación de actividades de repaso necesarias para o alumnado que non acada avaliación positiva e debe con elas adquirir os coñecementos máis significativos destacados nos contidos mínimos.

## 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

### Elementos transversais que se traballarán

Elemento transversal	Actividades/ procedementos/ferramentas	Unidades							
		1	2	3	4	5	6	7	8
Comprensión lectora	Actividades de final da unidade formas de pensar	x	x	x	x	x	x	x	x
	Fomentar a comprensión lectora traballando a linguaxe propio da asignatura buscando na prensa diaria e revistas de divulgación artigos relacionados coa materia	x		x					
	Proposta da realización de traballos bibliográficos e biográficos sobre algún dos científicos nomeados nos temas ou nos artigos de prensa e publicacións para buscar os datos en enciclopedias, libros de historia, internet, etc., resaltando aqueles onde os científicos sexan mulleres.					x			
Expresión oral e escrita	Actividades da unidade referidas ao apartado formas de pensar	x	x	x	x	x	x	x	x
	Conversación e debate sobre os problemas ambientais que se están producindo a nivel global		x						

	Extracción da idea principal dun texto científico							X		
Comunicación audiovisual	Actividades de final da unidade	X			X					
	Mapa conceptual teoría cinética e cambios de estado		X							
	Esquema resumen da unidade			X			X	X		
	Realización da gráfica x-t, v-t, con unha folla de cálculo					X				
	A actividade física e a dieta equilibrada (consumo de enerxía)								X	X
	Realización PowerPoint aprendo a aforrar enerxía en calefacción									X
As tecnoloxías da información e da comunicación	Utilizar os recursos de internet para unha mellor comprensión de conceptos utilizando as numerosas animacións, montaxes prácticas e applets.	X	X			X	X	X		
	Incorporación da aula virtual do centro como ferramenta para o desenvolvemento da materia.		X			X				
	Incorporación da aula virtual de Edixgal para o desenvolvemento da materia.	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Realización de tarefas que poñan de manifesto as súas habilidades para obter, procesar e comunicar información e para transformarlal en coñecemento.			X	X					
	Realización da gráfica x-t, v-t, con unha folla de cálculo					X				
	PowerPoint aprendo a aforrar enerxía en calefacción									X
Emprendemento	Analizar un texto científico	X		X						
	Traballo cooperativo de final de capítulo			X	X	X				
	Aplicando técnicas de representación						X			
	Transformacións e transferencias de enerxía que teñen lugar nas centrais eléctricas								X	
	Aprendo a aforrar enerxía en calefacción									X
Educación cívica e constitucional	A importancia de traballar dun modo cooperativo	X								
	O desenvolvemento sustentable e o medio ambiente		X							
	Colaboro achegando ideas para frear o desxeo dos polos		X							
	Coidado da nosa contorna e medio ambiente		X		X					
	Fomento do uso de materiais non contaminantes ou que contaminen menos e de enerxías renovables			X			X	X		

Reciclamos					x				
A educación e a seguridade viaria						x			
O respecto cara ás persoas que nos rodean, prevención da violencia									x

### 14. Actividades complementarias e extraescolares

#### Actividades complementarias e extraescolares

Debido a inestabilidade na que nos encontramos debido á pandemia de Covid-19, non se contemplan a priori actividades complementarias e extraescolares. Se a medida que o curso avance, a situación da pandemia nos permite, poderemos modificar este punto, xa que a programación didáctica é flexible e vai adaptándose á nosa realidade cotiá.

### 15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

#### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

A forma en que ensinamos condiciona a forma de aprender e as dificultades de aprendizaxe do alumnado dependen tanto das súas propias limitacións como do contexto no que se desenvolven e das respostas educativas que se lles ofrece. Polo que se fai necesario establecer un mecanismo de revisión, avaliación e, se é preciso de modificación da programación.

É necesaria para axustar a intervención educativa ás características e necesidades dos alumnos e analizar o grao de adecuación ou desenvolvemento na práctica do programado inicialmente e mellorar a competencia e desenvolvemento profesional.

Os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán serán varios, diversos e en diferentes niveis de concreción como centro, claustro, etc. Aquí referirémonos á parte que nos corresponde como profesora que consistirá nunha autoavaliación aplicada de forma metódica e sistemática, que consideramos como unha motivación e estímulo do traballo ben feito e da profesionalidade, facilitando a autoreflexión e a autocrítica da metodoloxía didáctica empregada, do coñecemento da materia, do respecto á participación, etc. A autoavaliación debe aplicarse de forma permanente, para ter constancia da evolución do proceso de ensino.

A súa finalidade é retroalimentar o proceso de ensino e propiciar os axustes que sexan necesarios e a modificación da programación se fose necesario.

O mecanismo de revisión - avaliación da programación realizarase como mínimo unha vez ao final de cada avaliación e a final de curso. Teranse en conta os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente recollidos no punto 9 e os indicadores seguintes:

	Valoración				
	1	2	3	4	5
1. Recoñecemento e respecto polas disposicións legais que determinan os seus principios e elementos básicos.					
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
3. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					

5. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.					
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
7. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
8. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach].					
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
11. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).					
12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.					
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].					
16. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
18. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
19. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.					
21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.					
22. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					

Valorados os indicadores anteriores e os do punto 9, a puntuación que terá que acadar a programación será a lo menos do 55% da total.

# Programación didáctica

## ESO

<b>DEPARTAMENTO</b>	FÍSICA E QUÍMICA	
<b>MATERIA OU ÁMBITO</b>	FÍSICA E QUÍMICA	
<b>CURSO E GRUPOS</b>	3º ESO	
<b>PROFESORADO</b>	M <sup>a</sup> de la Concepción Ramos Méndez	
<b>LIBRO DE TEXTO</b>	FÍSICA E QUÍMICA 3ºESO, ED. SANTILLANA Serie investiga, proxecto SABER HACER	
	Ano de implantación	2015

## Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	<b>Introdución e contextualización</b> .....	3
2.	<b>Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación</b> .....	4
3.	<b>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</b> .....	4
4.	<b>Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso</b> .....	8
5.	<b>Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:</b> .....	24
6.	<b>Concrecións metodolóxicas</b> .....	46
6.1	Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial .....	46
6.2	Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático .....	47
6.3	Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial.....	47
7.	<b>Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar</b> .....	48
8.	<b>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción</b> .....	48
8.1	Criterios de avaliación .....	49
8.2	Criterios de cualificación .....	54
8.3	Criterios de promoción .....	55
9.	<b>Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente</b> .....	55
10.	<b>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes</b> .....	57
11.	<b>Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados</b> .....	57
12.	<b>Medidas de atención á diversidade</b> .....	58
13.	<b>Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda</b> .....	59
14.	<b>Actividades complementarias e extraescolares</b> .....	61
15.	<b>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora</b> .....	61

## 1. Introducción e contextualización

### Introdución xeral

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, considera a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida. En coherencia con este principio, a lei dedica o capítulo IX do seu título I á educación das persoas adultas e establece no seu artigo 66 que esa educación ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezoito anos a posibilidade de adquiriren, actualizaren, completaren ou ampliaren os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 10 do RD 1105/2014, a finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en acadar que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; preparalos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

O alumnado do IES O Ribeiro procede de familias da comarca do Ribeiro, cun perfil socioeconómico medio e medio baixo. As actividades produtivas da zona son fundamentalmente do sector primario, predominantemente rurais e orientadas ao autoconsumo o que levou a un éxodo do campo á cidade e á emigración. No sector secundario, a industria e a construción vive unha situación de estancamento, con unha produtividade baixa. O sector terciario, e o sector económico que máis se desenvolveu nos últimos tempos cun crecemento xeneralizado do comercio a hostalería e o transporte.

Actualmente a comarca do Ribeiro é unha referencia obrigada ao falar do desenvolvemento económico e cultural da provincia de Ourense e do sur de Galicia; son numerosos os eventos a nivel nacional e internacional que se dan na comarca ao longo do ano como a Feira do viño de O Ribeiro, festa da Istoría, mostra Internacional de Teatro, A Vendima, ...

O Municipio de Ribadavia como capital do Ribeiro conta con todas as instalacións, infraestruturas e servizos públicos e privados, necesarios para o desenvolvemento de toda actividade social, económica e cultural.

No tecido empresarial destaca a industria da madeira, a pedra, a produción vitivinícola (ademais da produción privada con innumerables adegas particulares existe a Cooperativa coa denominación de orixe de viño Ribeiro) e tamén carpintería metálica. Os sectores que teñen máis potencialidade para o seu crecemento son os relacionados cos servizos xerátricos, debido a tendencia demográfica; os balnearios, recursos termais fonte de riqueza con posibilidade de explotación; o sector do enoturismo, turismo asociado ao viño e a oferta turística; produción auxiliar do automóbil pola súa posición con excelentes comunicacións e a súa proximidade a Citroën de Vigo; factorías relacionadas coa produción e envasado de produtos agrícolas, en concreto a industria cárnica, os pementos de Arnoia como produto incluído dentro da Indicación Xeográfica Protexida e empresas relacionadas co subsector forestal.

## 2. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación

### Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos

A relación das aprendizaxes que se recollen neste apartado incorporaranse ao currículo para a súa impartición preferente durante o primeiro trimestre, pero non será obxecto de cualificación. Figurarán, cando menos, nos apartados 3 (contribución ás competencias), 4 (contribución aos obxectivos) e 5 (temporalización).

O currículo da materia de Física e Química de 3ºESO volve tratar a maioría dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe de 2º ESO, excepto o movemento e forzas, Todos os criterios vanse ampliando un pouco máis, polo que en 3º ESO empezárase por repasar os criterios básicos de 2ºESO, no tema que corresponda, como introdución á ampliación que está contido no currículo de 3º ESO.

En canto ás aprendizaxes non adquiridas, bloque 4 o movemento e as forzas, o movemento trátase en profundidade no currículo de Física e Química de 4º ESO.

Mentres tanto, e sobre todo para o alumnado que non elixirá Física e Química en 4º ESO, estas aprendizaxes básicas non adquiridos, serán introducidas no bloque 1, "a actividade científica de terceiro", cando se estude en máis profundidade o método científico no que se fai máis fincapé que a partir de datos obtidos de forma experimental, represéntanse gráficas, interprétanse resultados, obtéñense leis que se expresan mediante fórmulas matemáticas, explícanse fenómenos e dedúcense outros valores de magnitudes, aínda que non se midan de forma experimental, poñendo exemplos variados de diferentes movementos, e como a partir das gráficas obtéñense as fórmulas dos movementos e tamén sobre forzas.

As aprendizaxes referidos á enerxía trátaranse no bloque e tema sobre a enerxía correspondente de terceiro de ESO.

Quedando así especificada a temporalización de cando se darán estes contidos neste curso.

E a continuación, figura xa a contribución ás competencias e os obxectivos

Obxectivos	Contidos curriculares	Contidos da unidade	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4. O movemento e as forzas	Unidade 5: Forzas e movementos			
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Forzas: efectos.</li> <li>B4.2. Medida das forzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Concepto de forza.</li> <li>Lei de Hooke.</li> <li>O dinamómetro.</li> <li>Sistema de referencia. Traxectoria. Posición e desprazamento.</li> <li>A velocidade. Cambios de unidades de velocidade.</li> <li>O movemento rectilíneo uniforme (MRU).</li> <li>O movemento circular uniforme (MCU).</li> <li>A aceleración.</li> <li>O movemento e as forzas. Forzas que tiran ou empuxan. A forza de rozamento e o movemento.</li> <li>As máquinas. Máquinas que transforman movementos. Máquinas que transforman forzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.</li> <li>FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.</li> <li>FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>

Obxectivos	Contidos curriculares	Contidos da unidade	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aplicación dunha técnica. Traballo con animacións en movemento.</li> <li>▪ Investigación. Máquinas que transforman forzas. A polea e as forzas. A rampla e as forzas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Velocidade media.</li> <li>▪ B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.</li> <li>▪ FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Máquinas simples.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. O rozamento e os seus efectos.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ AA</li> <li>▪ IE</li> </ul>

Obxectivos	Contidos curriculares	Contidos da unidade	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4. O movemento e as forzas	Unidade 6: As forzas na natureza			

Obxectivos	Contidos curriculares	Contidos da unidade	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Forzas: efectos.</li> <li>▪ B4.2. Medida das forzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ As forzas na natureza. Forza gravitatoria. Forza eléctrica. Forza nuclear débil. Forza nuclear forte.</li> <li>▪ A forza de gravidade. Lei de gravitación universal. A forza gravitatoria e o peso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ AA</li> </ul>
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. Forza gravitatoria.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ AA</li> </ul>
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ AA</li> </ul>

- Interese e actitude polo traballo, todos os exercicios resoltos 1 punto, segundo o nº de exercicios sen resolver ata 0,5 puntos; máis do 10% de exercicios sen resolver, non conta nada.
- Competencia dixital, seguir perfectamente as instrucións para o documento dixital, forma de entrega de traballos, nome no documento, ... valorarase con 1 punto; se entregan o traballo por método diferente ao indicado, só contará ata 0,5; enviar o traballo de calquera xeito, imaxe de pantalla de ordenador, exercicios escaneados, na resolución de exercicios pedidos en papel, non ter coidado ao mandar a imaxe, centrada e con luz para que se poida ler, neste caso se falta ese coidado, contará cero.

- Corrección ortográfica, entregar o traballo dixital sen faltas conta 1, en caso contrario non conta nada.  
- Contidos valorarase con 6 puntos a dividir por igual entre o nº de exercicios do traballo, contarase só os exercicios perfectamente resolto ou con erros leves (como erro de cálculo final, esquecemento dalgunha unidade), os exercicios de verdadeiro ou falso se non están razoados non se contarán. Se se detecta que os exercicios foron plaxiados, copiados, os contidos non contarán nada.

- As probas escritas constarán de:
- **cuestións**, teñen **varias respostas** xa indicadas e os alumnos/as deberán elixir de xeito **razoado\*** cal é a resposta correcta ou ben dar unha explicación ou facer un comentario a unha pregunta ou expoñer unha definición ou demostración.
- problemas **correctamente razoados \***

#### \*Exercicios razoados:

- as solucións numéricas non acompañadas de unidades ou incorrectas: penalízase co 20% do valor do apartado.
- os erros de cálculo, en cada apartado: penalízase co 20% do valor do apartado.
- a utilización directa de fórmulas que se desenvolven a partir de leis básicas, a metade do apartado.
- a elección de resposta sen razoamento, nas preguntas de resposta múltiple só contan de 0,05 a 0,1, se a resposta é válida.
- a elección de verdadeiro ou falso, sen razoamento, neste tipo de preguntas só contan de 0,05 a 0,1, se a resposta é válida.
- poñer a fórmula ou dar un resultado sen demostrar, nunha pregunta non puntúa.
- as faltas de ortografía diferentes descuentan 0,1 puntos ata un máximo de 1 punto.
- A nota da proba será a suma dos valores obtidos en cada pregunta e o que corresponda das faltas de ortografía.

#### OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Cada alumno debe asistir ao exame co seu material, de querer pedir prestado material durante o exame so poderá facelo á profesora en cuxo caso levará un desconto na nota da proba de 2 puntos.
- O móbil, non é material escolar nin necesario durante unha clase, logo non se pode usar durante a mesma, nin como calculadora.
- As fotocopias de apoio á materia, que a profesora considere necesarias, danse unha soa vez.

Para aprobar a avaliación haberá que obter unha nota mínima de cinco.

#### Casos particulares

#### No ensino presencial

• Cando un alumno falte de xeito xustifico a unha proba de avaliación, o profesor da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes á devandita proba, procurando sempre facilitar a reincorporación do alumno ao ritmo normal da clase. Seguirase o establecido na recuperación de avaliacións.

• Cando un alumno falte de xeito inxustifico a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado. Continuarase co proceso de avaliación segundo o establecido na programación.

• No caso de que un alumno falte durante unha temporada longa e perda varias probas de avaliación, o titor encargarse de coordinar a temporalización destas probas coa xunta de avaliación, para evitar a coincidencia de moitas delas no mesmo día.

No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ao centro ou por unha ausencia longa), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, o profesor da materia aplicará o

procedemento de avaliación extraordinario que teña determinado na programación didáctica para estes casos, co fin de que o alumno poda demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o titor coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

#### No ensino telemático

- Cando un alumno falte de xeito inxustificable a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado, neste caso poderá facer unha proba global ao final de curso (xuño), se fora posible de xeito presencial.
- Cando un alumno falte de xeito xustificable a unha proba de avaliación, que non lle funcione o acceso a wifi (neste caso debe demostrar a incidencia con un recorte de noticia de fallo nas redes wifi da zona ou debida a situacións meteorolóxicas), que se encontre enfermo (neste caso será necesario xustificante médico de que non está en condicións de facer a proba telemática). Para que a criterio da profesora se lle deixe facer unha nova proba antes de final de curso.

#### Avaliación final

**A nota final calcularase facendo a media das avaliacións, utilizando o sistema de redondeo:**

- Se contidos actitudinais non restan pódese redondear a alza
- Se contidos actitudinais restan nalgún apartado redondearase á baixa independentemente de cal sexa o decimal da nota.

Para aprobar a materia haberá que obter unha nota mínima de cinco.

#### Avaliación extraordinaria

Os alumnos que durante o curso non sexan capaces de seguir a secuenciación de contidos que se pretenden desenvolver na materia, sempre e cando mostrasen interese polo traballo e se esforzasen por acadar os mínimos sen logralo, ben porque presente dificultades de expresión oral ou de cálculo matemático, terán as seguintes recomendacións para a preparación da proba extraordinaria e así adquirir as estratexias máis adecuadas para acadar os coñecementos correspondentes e os hábitos de traballo necesarios para superar con éxito os obxectivos.

##### Actividades de recuperación e profundización

Unha cualificación negativa non quere dicir que fallase en todos os aspectos sinalados, pode ser que só fallase nalgún deles. Aquel alumnado que non acadase os mínimos esixidos e, por tanto, non teña unha nota mínima de suficiente, poderá obtela na seguinte convocatoria se segue un plan de recuperación que a continuación se detalla referido a cada un dos criterios de avaliación.

Criterio de avaliación 1. No caso de non acadalos mínimos en relación con este criterio, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos do seu traballo deberá modificar. No caso de que llo indique a profesora deberá completar ou mellorar o caderno ou realizar os traballos que non fixera. Se segue as indicacións da profesora pode acadar a avaliación positiva neste criterio e entenderase que recuperou a valoración negativa.

Criterio de avaliación 2. De igual xeito que no criterio anterior, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos da súa actitude deberá modificar. Se segue as indicacións da profesora e na avaliación seguinte acadará unha valoración positiva neste criterio, entenderase que recuperou a valoración negativa inicial.

Restantes criterios. No caso de non alcanzar unha nota mínima de 5 nos criterios máis propios da área, recoméndase para cada unha das leccións:

- Facer un esquema no que se resuman os conceptos máis importantes de cada lección.
- Estudar as definicións que se remarcaron durante o curso.
- Facer para cada tema unha táboa coas fórmulas, o que significa cada símbolo que aparece nelas e as unidades SI, principalmente.

- Resolver para cada lección, a lo menos os exercicios que traen os temas e que foron resoltos na clase. Repetilos hasta que se saiban resolver sen mirar a solución.
- Sería, aconsellable, facer tamén os exercicios dados en fotocopias e os propostos na aula virtual.
- Repetir os exercicios resoltos hasta que se saiban facer sen mirar a solución.
- Visitar as páxinas de internet recomendadas e facer as actividades que propoñen

O alumnado deberá realizar a proba escrita de recuperación na convocatoria extraordinaria, convocada pola xefatura de estudos.

- O exame de setembro é único e sempre será de toda a materia.
- O estilo da proba será o mesmo que o realizado en xuño e durante o curso e se rexerán polas mesmas normas que as da avaliación ordinaria.
- As preguntas versarán sobre os contidos mínimos dos temas do currículo.

A proba de setembro terá unha cualificación máxima de 5, dado que só será sobre contidos mínimos.

Se a cualificación da proba é insuficiente, non acadada como mínimo 5, o alumnado quedará coa materia suspensa e terá que matricularse da mesma no seguinte curso.

## 8.2 Criterios de cualificación

### Criterios de cualificación

A nota do módulo obterase: 80% Contidos conceptuais-procedimentais + 20% Contidos actitudinais – Faltas de orde e/ou expulsións.

Os criterios de avaliación 1, 2 e 3 (contidos actitudinais) suporán un 20% da cualificación e terá en conta o traballo voluntario saídas ó encerado para facer algún exercicio (0,8 contará cun un mínimo de doce saídas para que conte, máis de seis e menos de doce conta a metade, entre seis e tres conta 0,2 e menos de tres non conta nada); facer deberes e traer o material necesario (0,5 estes controis serán aleatorios na avaliación, se se detecta unha soa vez conta a metade, se dous ou máis veces sen facer deberes ou traer material non conta nada); comportamento/actitude (0,5 coidar linguaxe utilizado sen usar palabras malsoantes e que non haxa chamadas de atención sobre o seu comportamento na aula ata 2 veces); estar na páxina de internet indicada /ou estar noutra materia /ou facer os deberes do seguinte día (0,2 este control será aleatorio, cando as clases se desenvolvan na aula de informática, ata 1 vez); por expulsións ou faltas de orde descontarase 0,5 puntos ilimitadamente. O criterio 4 (contidos conceptuais-procedimentais) será o 80% da media das probas escritas, cando na avaliación se realicen prácticas ou traballos o reparto será (70% para a media das probas escritas e o 10% para a media das prácticas e o seu informe, se non se entrega o informe a práctica contará cero e/ou media dos traballos específicos individuais e a media das notas numéricas de resolución de exercicios e/ou toma de leccións en clase). Para aprobar a materia é necesario obter como mínimo un 5.

Para facer a media e calcular a nota final no criterio 4, o alumno/a, deberá acadar, como pouco, a nota mínima de 3,5 en cada un dos controis/probas realizados.

Se hai valores inferiores a 3,5 nalgunha das probas, para calcular a nota final, realizarase a media, se da inferior a 5 esa será a nota de avaliación.

No caso de que haxa probas con valores inferiores a 3,5 e que calculada a media dea 5 ou superior, a nota de avaliación será 5 menos o tanto por cento que lle falte a nota obtida para chegar a 3,5, por exemplo se lle falta o 20% teríase  $5 - 0,2 = 4,8$  e non poderá redondearse á alza.

No caso de que o ensino pase a ser telemático no 20% de contidos actitudinais terase en conta a entrada regular do alumnado na aula virtual da materia (10%), como mínimo os días que temos marcados no horario cada semana, asistencia ás convocatorias telemáticas (5%), a realización das actividades interactivas que se lle propoñen na aula virtual (5%).

O 80% de contidos conceptuais-procedimentais manterase co mesmo reparto.

Cando a nota de avaliación sae decimal utilizarase o redondeo:

- Se contidos acititudinais non restan pódese redondear a alza
  - Se contidos acititudinais restan nalgún apartado redondearase á baixa independentemente de cal sexa o decimal da nota.
- Para aprobar a avaliación haberá que obter unha nota mínima de cinco.

Nas recuperacións as notas serán as obtidas cando se corrixa as probas das mesmas e o sistema de redondeo o citado anteriormente.

A nota final da avaliación calcularase facendo a media das avaliacións, utilizando o sistema de redondeo anterior.

Se na avaliación ordinaria, algún alumno/a, non chega a nota mínima para a media, poderá recuperala na convocatoria extraordinaria, tendo que realizar o plan de recuperación e repaso proposto na área. Se na convocatoria extraordinaria non chegara a superar positivamente a área, en cuestión, quedará coa materia pendente para o seguinte curso.

Enténdese que supera a materia, en calquera convocatoria, cando acadada unha nota de 5 ou superior.

### 8.3 Criterios de promoción

#### Criterios de promoción

A promoción na materia producirase cando aplicados os criterios de avaliación e de cualificación referidos nos puntos anteriores se obteña unha nota de avaliación final de cinco ou superior.

## 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente						
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases						
2. Existe unha distribución temporal equilibrada.						
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.						
4. Coordinase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.						
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.						
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).						
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.						
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.						
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.						
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.						
7. Promove a reflexión dos temas tratados.						
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO</b>						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...						
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...						
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.						
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.						
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.						
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.						
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.						
8. Expón actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.						
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</b>						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.						
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.						
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.						
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.						
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.						
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.						
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.						
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.						
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.						

10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.						
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.						

## 10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se o alumnado ten pendente a materia de Física e Química de 2º da ESO o plan de recuperación realízase:

A principio de curso establécese a nivel de centro e consensuado coa CCP, un calendario de entrega e recollida de traballos de materia pendentes, datas probables de probas escritas por avaliación e probas finais para todos os niveis de ensinanzas, procurando que non coincidan coas avaliacións do curso normal.

Nestas datas establecidas, o xefe de departamento, despois de consultar coa profesora que impartiu a materia, propón a cada alumno que teña a materia de 2º ESO pendente, unha serie de exercicios sobre unha parte da mesma nas datas previstas recolle os exercicios resolto e comunica ao alumno os erros, resolvendo as dúbidas xurdidas. A continuación faise a proba escrita organizada por xefatura de estudos. Así repítese o proceso por tres veces, unha por avaliación. Se o alumno acadou unha nota de cinco ou máis, aproba a materia e deixa de estar pendente.

O alumnado que non acadou valoración positiva ao final das tres avaliacións, a finais de maio principios de xuño terá unha proba global de contidos mínimos da materia. Se nesta proba obtén cinco ou máis puntos, deixará de ter a materia pendente se non disporá da convocatoria de setembro.

Se un alumno non aproba a materia pendente pero é capaz de obter un resultado de avaliación positivo no curso actual de terceiro na materia de Física e Química, automaticamente se lle dará por superada a do curso anterior.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

### Deseño da avaliación inicial

A proba de avaliación inicial realizarase a comezos de curso.

OBXECTIVOS:

- Indagar sobre as características e o nivel de competencias que presenta o alumnado en relación con esta materia.
- Saber que alumnos teñen dificultades de aprendizaxe desde principio de curso e cales son as súas carencias.
- Coñecer as peculiaridades do curso como grupo.
- Recoller información sobre as expectativas académicas do alumnado do grupo.
- Informar o Equipo Docente das características xerais do grupo e das circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa dos mesmos.

QUE SE VAI A AVALIAR.

Coñecementos específicos, adquiridos en cursos anteriores, necesarios para a materia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Mediante os mesmos veremos o grao de adquisición dos contidos avaliados.

VALORACIÓN DOS INDICADORES:

A valoración dos indicadores realizarase mediante a escala: Bo, Aceptable, Insuficiente.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Consistirá nunha proba escrita común, para valorar os coñecementos específicos adquiridos en cursos anteriores, o grao de desenvolvemento na comunicación escrita e os intereses académicos do alumnado.

VALORACIÓN FINAL:

A valoración final do nivel que presenta o alumno será:

Bo.- Supera o 70%.

Aceptable.- Supera entre o 50% e o 70%.

Baixo.- Non supera o 50%.

#### Medidas individuais e colectivas

Nas primeiras semanas de curso o equipo docente de cada grupo de alumnos reúnen en sesión de avaliación inicial e á vista dos resultados obtidos nas probas de avaliación inicial de cada materia, os informes do historial do alumno, a súa traxectoria académica, o asesoramento do departamento de orientación e a supervisión de xefatura de estudos decidese cales das medidas que sinala a lexislación entre as que citamos: atención individualizada na aula para a realización das actividades propostas, adaptación curricular, programa de seguimento, exencións de materias, flexibilización do currículo, etc., son as máis apropiadas a cada caso.

## 12. Medidas de atención á diversidade

#### Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención a diversidade nesta materia poderán concretarse en:

- Promover a aprendizaxe significativa, é dicir que os alumnos relacionen os contidos novos cos previos.
- Procurar a aprendizaxe funcional, isto é que os alumnos poidan aplicar os contidos aprendidos.
- Planificar actividades variadas e con diferentes niveis de dificultade e profundidade.
- Realizar distintos agrupamentos dos alumnos para realizar as actividades.
- Utilizar diferentes materiais e recursos didácticos.

Ademais, tendo en conta os distintos motivos da atención a diversidade levarán a cabo as seguintes accións:

Alumnos superdotados intelectualmente: O alumnado que posúa características de superdotados e/ou a aqueles que pola súa capacidade ou experiencia teñan un nivel claramente superior ao resto da clase, proporcionaráselles actividades específicas que permitan desenvolver o seu intelecto da forma máis adecuada. Recomendaráselles e propoñeráselles a realización de actividades de maior complexidade que ao resto da clase, que amplíen os conceptos, ben sexa coa lectura de artigos ou bibliografía avanzados ou a realización de actividades de maior complexidade.

Alumnos con dificultade de aprendizaxe:

Aos alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe trataráselles de orientar cara á realización de actividades máis básicas que fagan falta os obxectivos marcados para a materia. Proporcionaráselles información de apoio adecuada ao seu nivel. Se fose necesario poderase facer reforza na aula.

Alumnos con discapacidade física:

Con respecto aos alumnos que presenten algunha discapacidade física, segundo sexa esta temporal o permanente, actuarase de diferente forma. Para as discapacidades físicas permanentes realizaranse as adaptacións curriculares que sexan oportunas, baseadas na adaptación dos espazos, aspectos físicos, equipamento e recursos. No caso de discapacidades físicas temporais realizarase a adaptación que se considere máis adecuada para cada caso particular durante o tempo que dure a discapacidade.

Alumnos estranxeiros:

No caso de alumnos estranxeiros con problemas de comunicación asociados a linguaxe, aínda que a materia será impartida en galego, explicaráselle en castelán si fose necesario.

Por último, prestaráselles igualmente unha atención especial a aqueles alumnos e alumnas con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).

Alumnos con necesidades educativas especiais: Para os alumnos con necesidades educativas especiais realizaranse adaptacións curriculares, estas poderán ser significativas ou non significativas. Calquera adaptación curricular que se faga aos alumnos con necesidades educativas especiais farase sempre en colaboración co Departamento de Orientación, o cal nos indicará os graos e formas de aprender do alumno co fin de determinar que obxectivos da programación convén modificar ou adaptar. Todo isto tentando sempre integrar ao alumno co resto de compañeiros.

### 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

#### Elementos transversais que se traballarán

Elemento transversal	Actividades/ procedementos/ferramentas	Unidades						
		1	2	3	4	5	6	7
Comprensión lectora	Actividades de inicio da unidade	x	x		x	x	x	x
	Fomentar a comprensión lectora traballando a linguaxe propio da asignatura buscando na prensa diaria e revistas de divulgación artigos relacionados coa materia.			x	x			x
	Proposta da realización de traballos bibliográficos e biográficos sobre algún dos científicos nomeados nos temas ou nos artigos de prensa e publicacións para buscar os datos en enciclopedias, libros de historia, internet, etc., resaltando aqueles onde os científicos sexan mulleres.			x		x		
Expresión oral e escrita	Actividades de introdución a unidade	x	x	x	x	x	x	x
	Saber facer da unidade		x					
	Elaboración dun informe científico	x			x		x	x
	Actividades do libro FORMAS DE PENSAR		x	x		x	x	x
Comunicación audiovisual	Actividades de final da unidade			x	x			x
	Sinais de prevención de riscos e materiais básicos do laboratorio	x			x	x		
	Manexo da calculadora	x			x	x		
	Mapa conceptual átomo, as súas partículas		x					
	Esquema resumen da unidade		x	x	x	x	x	

Elemento transversal	Actividades/ procedimientos/ferramentas	Unidades						
		1	2	3	4	5	6	7
	Realización de gráficas con unha folla de cálculo	x					x	
	Realización dun esquema dun circuíto e interpretación de imaxes						x	
As tecnoloxías da información e da comunicación	Utilizar os recursos de internet para unha mellor comprensión de conceptos utilizando as numerosas animacións, montaxes prácticas e applets.	x	x	x	x	x	x	x
	Incorporación da aula virtual do centro como ferramenta para o desenvolvemento da materia.	x	x	x	x	x	x	x
	Incorporación da aula virtual de Santillana para o desenvolvemento da materia.	x	x	x	x	x	x	x
	Realización de tarefas que poñan de manifesto as súas habilidades para obter, procesar e comunicar información e para transformarlá en coñecemento.	x		x	x			
	Realización de gráficas con unha folla de cálculo						x	
	PowerPoint aprendo a aforrar enerxía							x
Emprendemento	Analizar un texto científico. Elaboración dun informe científico	x		x	x	x		
	Discernir variables independentes, dependentes e controladas	x						
	Traballo cooperativo de final de capítulo					x		
	Aplicando técnicas de representación	x						
	Medidas a adoptar para recoller os cartuchos esgotados de tóner		x					
	Calcula a distancia á que se atopa unha tormenta eléctrica.					x		
	Transformacións e transferencias de enerxía que teñen lugar nas centrais eléctricas							x
	Aprendo o uso responsable dos diferentes materiais				x		x	
	Elaboración dun cartel, destinado a previr accidentes e a sinalar as medidas adecuadas para evitar riscos, previr accidentes e protexer ás persoas mediante o uso adecuado da electricidade						x	
Educación cívica e constitucional	A importancia de traballar dun modo cooperativo	x			x		x	x
	Prevención de riscos e normas de seguridade no laboratorio	x		x	x		x	
	O desenvolvemento sustentable e o medio ambiente			x	x			x
	Colaboro achegando ideas para frear a destrución da capa de ozono				x			

Elemento transversal	Actividades/ procedementos/ferramentas	Unidades						
		1	2	3	4	5	6	7
	Coidado da nosa contorna e medio ambiente		x	x	x			
	Fomento do uso de materiais non contaminantes ou que contaminen menos			x	x		x	
	Reciclamos		x	x	x		x	
	Prevenición de riscos durante unha tormenta					x		
	Compromisos para aforrar enerxía							x
	O respecto cara ás persoas que nos rodean, prevención da violencia				x			

#### 14. Actividades complementarias e extraescolares

##### Actividades complementarias e extraescolares

Durante o presente curso organizarase unha visita aos Museos Científicos de Coruña en colaboración cos departamentos de bioloxía e xeoloxía e o de tecnoloxía que está prevista para o terceiro trimestre. E sempre cabe a posibilidade de colaborar e participar nas actividades programadas por outros departamentos se organizan algunha actividade que poida resultar interesante.

#### 15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

##### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

A forma en que ensinamos condiciona a forma de aprender e as dificultades de aprendizaxe dos alumnos dependen tanto das súas propias limitacións como do contexto no que se desenvolven e das respostas educativas que se lles ofrece. Polo que se fai necesario establecer un mecanismo de revisión, avaliación e, se é preciso de modificación da programación.

É necesaria para axustar a intervención educativa ás características e necesidades dos alumnos e analizar o grao de adecuación ou desenvolvemento na práctica do programado inicialmente e mellorar a competencia e desenvolvemento profesional.

Os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán serán varios, diversos e en diferentes niveis de concreción como centro, claustro, etc. Aquí referirémonos á parte que nos corresponde como profesora que consistirá nunha autoavaliación aplicada de forma metódica e sistemática, que consideramos como unha motivación e estímulo do traballo ben feito e da profesionalidade, facilitando a autoreflexión e a autocrítica da metodoloxía didáctica empregada, do coñecemento da materia, do respecto á participación, etc. A autoavaliación debe aplicarse de forma permanente, para ter constancia da evolución do proceso de ensino.

A súa finalidade é retroalimentar o proceso de ensino e propiciar os axustes que sexan necesarios e a modificación da programación se fose necesario..

O mecanismo de revisión - avaliación da programación realizarase como mínimo unha vez ao final de cada avaliación e a final de curso. Teranse en conta os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente recollidos no punto 8 e os indicadores seguintes:

	Valoración				
	1	2	3	4	5
1. Recoñecemento e respecto polas disposicións legais que determinan os seus principios e elementos básicos.					
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
3. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
5. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.					
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
7. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
8. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach].					
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
11. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).					
12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.					
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].					
16. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
18. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
19. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.					
21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.					
22. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					

Valorados os indicadores anteriores e os do punto oito, a puntuación que terá que acadar a programación será a lo menos do 55% da total.

# Programación didáctica

## ESO

<b>DEPARTAMENTO</b>	FÍSICA E QUÍMICA	
<b>MATERIA OU ÁMBITO</b>	CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL	
<b>CURSO E GRUPOS</b>	4º ESO	
<b>PROFESORADO</b>	M <sup>a</sup> de la Concepción Ramos Méndez	
<b>LIBRO DE TEXTO</b>	Ciencias aplicadas á actividade profesional Ed. Vicens Vives	
	<b>Ano de implantación</b>	2016

## Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	Introdución e contextualización .....	3
2.	Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación .....	4
3.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	5
4.	Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso .....	6
5.	Concreción de cada estándar de aprendizaxe available: .....	19
6.	Concrecións metodolóxicas .....	36
6.1	Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial .....	36
6.2	Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático .....	37
6.3	Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial.....	38
7.	Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar .....	38
8.	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción.....	39
8.1	Criterios de avaliación .....	40
8.2	Criterios de cualificación .....	45
8.3	Criterios de promoción .....	46
9.	Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	46
10.	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	48
11.	Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	48
12.	Medidas de atención á diversidade .....	49
13.	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda .....	49
14.	Actividades complementarias e extraescolares .....	51
15.	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .....	51

## 1. Introducción e contextualización

### Introdución xeral

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, considera a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida. En coherencia con este principio, a lei dedica o capítulo IX do seu título I á educación das persoas adultas e establece no seu artigo 66 que esa educación ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezaoito anos a posibilidade de adquiriren, actualizaren, completaren ou ampliaren os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 10 do RD 1105/2014, a finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en acadar que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; preparalos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

O alumnado do IES O Ribeiro procede de familias da comarca do Ribeiro, cun perfil socioeconómico medio e medio baixo. As actividades produtivas da zona son fundamentalmente do sector primario, predominantemente rurais e orientadas ao autoconsumo o que levou a un éxodo do campo á cidade e á emigración. No sector secundario, a industria e a construción vive unha situación de estancamento, con unha produtividade baixa. O sector terciario, e o sector económico que máis se desenvolveu nos últimos tempos cun crecemento xeneralizado do comercio a hostalería e o transporte.

Actualmente a comarca do Ribeiro é unha referencia obrigada ao falar do desenvolvemento económico e cultural da provincia de Ourense e do sur de Galicia; son numerosos os eventos a nivel nacional e internacional que se dan na comarca ao longo do ano como a Feira do viño de O Ribeiro, festa da Istoría, mostra Internacional de Teatro, A Vendima, ...

O Municipio de Ribadavia como capital do Ribeiro conta con todas as instalacións, infraestruturas e servizos públicos e privados, necesarios para o desenvolvemento de toda actividade social, económica e cultural.

No tecido empresarial destaca a industria da madeira, a pedra, a produción vitivinícola (ademais da produción privada con innumerables adegas particulares existe a Cooperativa coa denominación de orixe de viño Ribeiro) e tamén carpintería metálica. Os sectores que teñen máis potencialidade para o seu crecemento son os relacionados cos servizos xeriátricos, debido a tendencia demográfica; os balnearios, recursos termais fonte de riqueza con posibilidade de explotación; o sector do enoturismo, turismo asociado ao viño e a oferta turística; produción auxiliar do automóbil pola súa posición con excelentes comunicacións e a súa proximidade a Citroën de Vigo; factorías relacionadas coa produción e envasado de produtos agrícolas, en concreto a industria cárnica, os pementos de Arnoia como produto incluído dentro da Indicación Xeográfica Protexida e empresas relacionadas co subsector forestal.

Por todo isto a programación desta materia propón un modelo de ensinanza-aprendizaxe comprensiva que se enmarca dentro do paradigma da educación universal (global ou integral) que debe preparar todos os cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das Competencias Clave. Este modelo segue as directrices dos distintos estudos promovidos por instancias nacionais e internacionais, entre os cales destacan o programa PISA, o proxecto DeSeCo da OCDE, o informe Eurydice e os diferentes informes e proxectos educativos abordados desde o ámbito do proxecto da Unión Europea Estratexia Europa 2020.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as competencias clave que lles permitan

**Introdución xeral**

integrarse na sociedade do coñecemento e enfrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que articulan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. Neste sentido DeSeCo (2003) define competencia como "a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada". A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz».

Nunha sociedade en constante cambio as demandas que ten un individuo varían dunha situación a outra e dun momento a outro. Por este motivo defendemos un modelo de competencia holístico, dinámico e funcional que xorde da combinación de habilidades prácticas, coñecementos (incluíndo o coñecemento tácito), motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Tendo en conta que cada unha das materias contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias acadarase como consecuencia do traballo en varias materias, a Programación Didáctica Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional -Vicens Vives- adopta unha perspectiva globalizadora á vez que pon a atención naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos.

Así, a aprendizaxe das competencias clave, aínda que vai ligado ás materias ou ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, é global e adquirírase a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumno para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto os formais, como os informais e non formais, e utilízalos de forma efectiva cando lle resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.

Nesta liña queremos incidir con especial énfase na relación dos contidos e materiais tratados ao longo da nosa Programación Didáctica Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional para o Cuarto Curso da Educación Secundaria Obrigatoria coas novas realidades tecnolóxicas tan próximas e atractivas para o alumnado.

A aplicación ou desenvolvemento dos coñecementos tratados na materia dentro de ámbitos como a Internet, o uso de soportes informáticos ou a análise da información transmitida por medios audiovisuais... constitúense como un elemento gratificante e motivador á vez que nunha aprendizaxe imprescindible para a adaptación do alumnado a futuras incorporacións a distintos ámbitos académicos ou laborais.

## 2. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación

**Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos**

A relación das aprendizaxes que se recollen neste apartado incorporaranse ao currículo para a súa impartición preferente durante o primeiro trimestre, pero non será obxecto de cualificación. Figurarán, cando menos, nos apartados 3 (contribución ás competencias), 4 (contribución aos obxectivos) e 5 (temporalización).

Nesta materia non é aplicable por non ser progresiva, aínda que se repasarán e reforzarán conceptos básicos de Física e Química que se aplican nalgúns temas e foron impartidos o curso anterior.

### 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

#### Competencias clave do currículo de ESO

Segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 8/2013, se coñecen como competencias son "capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".

O RD 1105/2014 precisa que as competencias do currículo serán as seguintes:

- o Comunicación lingüística (CCL).
- o Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- o Competencia dixital (CD).
- o Aprender a aprender (CAA).
- o Competencias sociais e cívicas (CSC).
- o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- o Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O Decreto autonómico 86/2015, que establece o currículo para a ESO e o bacharelato no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia precisa a relación entre as competencias clave e os criterios de avaliación. Deste xeito, facilítase a integración das competencias no currículo.

A aprendizaxe das Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional na etapa da ESO debe contribuír á adquisición, por parte dos alumnos e das alumnas, das competencias clave, tal e como se recolle no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

A continuación indícanse tales competencias, en orde da importancia que teñen nelas as Ciencias aplicadas á actividade profesional:

1) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: Trátase de que el alumno adquira as técnicas instrumentais básicas para traballar no laboratorio comprendendo o obxectivo da técnica que está aplicando, decidindo o procedemento que debe seguir e xustificando a razón de cada un dos pasos que realice, de forma que todas as súas tarefas teñan un sentido conxunto.

2) Competencia de aprender a aprender: A metodoloxía práctica característica dos experimentos no laboratorio fai que o alumno constrúa os seus coñecementos nun contexto interactivo, adquirindo as ferramentas necesarias para aprender por si mesmos dunha forma cada vez máis autónoma.

3) Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor: Algunhas capacidades básicas para poder innovar, como a creatividade, o interese, o esforzo e o sentido crítico, trabállanse no bloque de contidos dedicado á Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i) e contribúen ao desenvolvemento de novas aplicacións ou tecnoloxías.

4) Competencia dixital: A procura e selección de información utilizando as TIC contribúe á competencia dixital ao igual que a presentación dos resultados, conclusións e valoracións dos proxectos de investigación ou experimentais empregando recursos informáticos.

5) Competencia en comunicación lingüística: A interpretación de textos científicos e a comunicación oral e escrita relacionada cos proxectos de investigación realizados contribúen a desenvolver esta competencia en todos os bloques de contidos.

6) Competencias sociais e cívicas: O traballo en equipo, en actividades experimentais, favorece o desenvolvemento desta competencia, da mesma forma que a participación do alumnado en campañas de sensibilización no centro educativo ou local sobre diferentes temas como a reciclaxe de residuos ou o aforro de enerxía que contribúen ao desenvolvemento sostible.

7) Competencia de conciencia e expresións culturais: Tanto a sostibilidade medioambiental como a protección do patrimonio medioambiental contribúen a desenvolver esta competencia.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

Indicadas no cadro do punto 3 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA (CMCCT)

Indicadas no cadro do punto 3 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL (CD)**

Indicadas no cadro do punto 3 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (CAA)**

Indicadas no cadro do punto 3 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)**

Indicadas no cadro do punto 3 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR (CSIEE)**

Indicadas no cadro do punto 3 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)**

Indicadas no cadro do punto 3 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

## 4. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

O RD 1105/2014 establece que os obxectivos do currículo son os referentes relativos aos logros que o estudante debe acadar ao finalizar cada etapa, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas con ese fin (Cfr. Artigo 2). No artigo 10 do Decreto 86/2015 precísanse os obxectivos da ensinanza secundaria obrigatoria, que a seguir se concretan para este curso e materia, establecendo a súa correspondencia cos contidos e criterios de avaliación.

### Obxectivos de etapa

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece teorías e leis científicas diferenciándoas unhas das outras nos exemplos que se lle proponen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proba escrita e ou TIC</li> </ul>	Si	9	3						
Total				100	20	26	7	23	5	19	0

Temporalización de contidos		
1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
3,4 unidades	3,3 unidades	3,3 unidades

## 6. Concrecións metodolóxicas

### 6.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial
<p>A materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional ten como obxectivo ofrecerlle ao alumnado a oportunidade de aplicar en cuestións prácticas, cotiás e próximas os coñecementos adquiridos ao longo dos cursos anteriores en disciplinas como Física, Química, Matemáticas, Bioloxía ou Xeoloxía.</p> <p>É importante que, ao finalizar ESO, o alumnado teña adquiridos coñecementos procedementais na área científica, sobre todo en técnicas experimentais. Esta materia vai chegar unha formación experimental básica e vai contribuir á adquisición dunha disciplina de traballo no laboratorio, respectando as normas de seguridade e hixiene, e valorando a importancia de utilizar os equipamentos de protección persoal necesarios en cada caso. Asemade, esta materia proporciona unha orientación xeral aos/as estudantes sobre os métodos prácticos da ciencia, as súas aplicacións á actividade profesional, os impactos ambientais que leva consigo, así como operacións básicas de laboratorio relacionadas. Esta formación achegaralles unha base moi importante para abordaren en mellores condicións os estudos de formación profesional nas familias profesionais Agraria, de Industrias Alimentarias, de Química, de Sanidade, de Vidro e Cerámica, etc.</p> <p>Polo tanto, o método a empregar debe permitir que aprendan a pensar dentro dunha conciencia concreta e que sexan capaces de presentar problemas e resolvelos por sé mesmos, así como, adquirir o hábito de investigar a realidade, pasando dunha actitude receptiva a unha actitude activa, buscando en todo momento os aprendizaxes significativos, racionais, a autonomía e o espírito crítico dos alumnos. Pero a diversidade do alumnado e a variedade de contidos a impartir aconsellan empregar unha ampla gama de estratexias didácticas que se adapten ás necesidades dos alumnos en cada momento e aos contidos a explicar en función do tempo dispoñible. Polo que debemos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Partir dos coñecementos previos: os alumnos polo seu pasado escolar teñen determinadas ideas sobre a materia que lle imos impartir.</li> <li>Ter en conta o entorno inmediato: os alumnos deben aprender a recoñecer o seu redor os elementos cos que traballan.</li> <li>Estratexias de aprendizaxe significativo: no referente a estratexias para lograr un aprendizaxe significativo empregaremos:</li> </ul>

- o Estratexias expositivas interrogativas, que nos levan a presentar ao alumnado unha información clara, coherente e elaborada sobre a que pedimos que reflexione. Nas distintas unidades seguirase o libro e apoiárase sempre que se poida con presentación dixitais e applets que se atopen na web, material do que dispoñemos no laboratorio.
- o Estratexias de indagación, pódese sorprender o alumno expondo situación reais, novas ou problemas que apliquen os coñecementos xa adquiridos, así como que expoñan as súas ideas para solventar os problemas que se lle proponían na clase.

#### Tipos de actividades

Os coñecementos que presentemos deben situarse na chamada zona de desenvolvemento próxima, entre o límite do saber coñecido e o novo, obrigando a reestruturar os coñecementos dos alumnos de acordo cos novos obxectivos. O proceso de ensinanza- aprendizaxe desenvolverémolo do seguinte modo:

- **Actividades iniciais:** un paso novo debe ir precedido dunha primeira actividade que conecte coa realidade coñecida. Sempre que sexa posible partiremos dunha situación concreta. Plantexaremos que é aquilo que queremos ensinar e o aplicaremos a diversas situacións (casos prácticos e exemplos que están desenvolvidos nas unidades didácticas).
- **Actividades de desenvolvemento:** Na materia que nos ocupa, predominarán as actividades de tipo práctico, de todos xeitos e co fin de procurar unha formación integral do alumno desenvolveremos outro tipo de actividades como por exemplo, valoracións e xuízos sobre problemas actuais, elaboración de mapas conceptuais, pequenos informes a partir de artigos en periódicos e revistas, que deben constituir instrumentos útiles para a autocomprobación do alumnado e do profesorado das ideas captadas e a súa capacidade de aplicación.
- **Actividades finais:** Realizaranse ao final da unidade didáctica co obxectivo de afianzar os diferentes contidos traballados á vez que nos permitan constatar se se alcanzaron os obxectivos como mapas conceptuais onde relacionen todos os contidos da unidade.
- **Actividades de ampliación e reforzo:** Pretenden dar resposta á diversidade existente na aula, ás necesidades individuais de cada alumno. Así, as actividades de reforzo serán actividades adicionais ou complementarias que reforcen os contidos básicos da unidade de xeito que os alumnos acaden os obxectivos, como por exemplo actividades de adquisición ou recordatorio de coñecementos previos necesarios para cada unidade.

Respecto das actividades de ampliación serán actividades que permitan continuar co proceso de construción de novos coñecementos. Por exemplo exercicios prácticos de redacción de informes ou debates sobre temas controvertidos relacionados cos contidos nos que teñan que buscar información, etc.

Nas actividades combínanse diferentes formatos de ítems:

- Preguntas de resposta pechada, baixo o formato de elección múltiple, nas que só unha opción é correcta e as restantes considéranse erróneas.
- Preguntas de resposta semiconstruída, que inclúen varias preguntas de resposta pechada dicotómicas ou solicitan ao alumnado que complete frases ou que relacione diferentes termos ou elementos.
- Preguntas de resposta construída que esixen o desenvolvemento de procedementos e a obtención de resultados. Este tipo de cuestións contempla a necesidade de alcanzar un resultado único, aínda que podería expresarse de distintas formas e describirse diferentes camiños para chegar ao mesmo. Tanto o procedemento como o resultado han de ser valorados, para o que hai que establecer diferentes niveis de execución na resposta en función do grao de desenvolvemento competencial evidenciado.
- Preguntas de resposta aberta que admiten respostas diversas, as cales, aínda sendo correctas, poden diferir duns alumnos a outros.

## 6.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

### Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

A materia, aínda que dispón de libro de consulta, para contribuír de maneira máis práctica á adquisición da competencia dixital e á competencia de aprender a aprender do alumnado, sempre apoiou o seu ensino coa aula virtual para o desenvolvemento do currículo.

Na modalidade telemática as clases serán a través da aula virtual e terán lugar cando non se poida acudir ao centro, en caso de confinamento total.

Na aula virtual, para cada tema dispóñense documentos de actividades iniciais, actividades de desenvolvemento, finais e de ampliación e reforzo que cada alumno pode resolver ao seu ritmo.

As diferentes actividades apóianse con vídeos adecuados ao tema tratado, actividades interactivas sobre contidos, esquemas de organización de contidos, ...

Dentro das actividades propoñense tarefas de resolución de exercicios, probas escritas, traballos de investigación bibliográfica, para entregar en prazos concretos que serán a base da avaliación do alumnado. A súa entrega será mediante a subida das mesmas á aula virtual ou mediante correo electrónico que a profesora ten, específico para as materias que imparte.

Para realizar o ensino telemático necesítase acceso a un equipo informático e conexión a internet de banda ancha. A información para o acceso á aula virtual facilítase na materia a principio de curso.

### 6.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

#### Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Na modalidade semipresencial combinamos as clases presenciais de asistencia obrigatoria con outras que se cursan a través da aula virtual e terán lugar cando non se poida acudir ao centro durante todos os períodos lectivos.

As sesións presenciais determináanse o centro e como xa dixemos son de asistencia obrigatoria e o resto de actividades e traballos realízanse de maneira telemática.

Durante as sesións presenciais o alumno participa co seu grupo das actividades que se realicen para o desenvolvemento do currículo, realízanse tarefas grupais e trabállanse diversas destrezas, consulta de dúbidas, .... Así mesmo, dispénsase orientación no uso das ferramentas necesarias para esta modalidade de ensino.

Para realizar a parte telemática na modalidade semipresencial necesítase acceso a un equipo informático e conexión a internet de banda ancha. A información para o acceso á aula virtual facilítase na materia a principio de curso.

## 7. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

#### Materiais e recursos didácticos

Para o desenvolvemento do currículo tomarase como referencia o libro de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional de 4º da ESO da editorial Vicens Vives.

Tamén se poderán utilizar diferentes libros de texto do mesmo ou similar nivel dos que se dispoñan na biblioteca do centro ou da aula .

Manexo doutros libros de Física ou Química, Bioloxía, Matemáticas, Tecnoloxía de nivel superior para a ampliación de coñecementos ou para a aclaración dos mesmos, ou para investigación bibliográfica.

Fichas realizadas polo alumnado e/ou a profesora.

Páxinas web de Internet de diferentes tipos e estruturas nas que se desenvolven aspectos dos tratados nos diferentes temas e que en moitos casos permiten a simulación de situacións próximas ás cotiás e incluso a realización de exercicios, cuestións e mesmo a súa comprobación.

Para acceder a internet utilízase a conexión da que se dispón na aula, ademais do ordenador da profesora, canón e pantalla e ordenadores para o alumnado na aula de informática do centro.

Utilízase a aula virtual do centro no que a profesora irá desenvolvendo aspectos dos temas con documentos aclaratorios de conceptos, técnicas, boletíns de exercicios de reforzo e/ou ampliación, hipervínculos a actividades de simulación de prácticas de laboratorio, de actividades autoavaliáveis para repaso e consolidación de conceptos, táboas de datos, etc. O material de traballo estará sempre accesible ao alumnado (cada alumno poderá acceder sempre que o desexe co seu usuario e contrasinal).

Ademais tamén será un material importante no desenvolvemento da clase o encerado branco cos rotuladores de cores apoiando as explicacións polo método tradicional co emprego das novas tecnoloxías.

O alumnado deberá dispoñer dun caderno tamaño folio, bolígrafos e o libro do alumno, unha conta de correo electrónico e valorarase se é necesario que dispoñan dun *pen drive*.

Dispónse tamén do laboratorio do centro e o material para prácticas: aparatos de medidas diversos como balanzas, termómetros, calibres, material de vidro para medir volumes, produtos para realizar disolucións y estudio de separación de mesturas, reactivos para reaccións sinxelas, etc.

#### Precisión para o uso do laboratorio no curso actual

Dado que as recomendacións sanitarias restrinxen a mobilidade polos diferentes espazos do centro (corredores, aulas, ...) e o laboratorio é un espazo no que o movemento para elección de material a usar nunha práctica, reactivos, manipulación de material en equipo, ..., é imprescindible, parece de sentido común non usalo.

Para que o alumnado non quede sen esta parte práctica de como desenvolver a actividade experimental nun laboratorio, apoiárase máis que outros anos os recursos virtuais, ben con recomendacións de vídeos que recreen diferentes prácticas, as características de diferentes laboratorios, revisaranse as aplicacións html, usadas xa en cursos anteriores para que o propio alumno sexa o que realice a práctica e xustifique as diferentes circunstancias que inciden na mesma ou ben a realización dalgunha experiencia de cátedra en que sexa o profesor o único que manipule todo o material.

No caso de que de maneira excepcional débese utilizar o laboratorio, terase en conta o protocolo COVID do departamento para o uso do laboratorio, recollido no protocolo do centro.

## 8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

### Introdución sobre avaliación

Entendémola avaliación como un proceso de diagnóstico da situación escolar de cada alumno/a respecto á aprendizaxe e ó mesmo tempo da situación do propio proceso de ensinanza-aprendizaxe para ir adaptándoo ás necesidades particulares de cada alumno/a.

Ó mesmo tempo é un proceso continuo que se debe desenvolver durante todo o período de ensino-aprendizaxe.

#### I. Avaliación inicial

Ten por obxecto obter información sobre a situación de cada alumno/a ó inicio dun determinado proceso de ensinanza e de aprendizaxe para adecuar dito proceso á realidade e ás posibilidades do alumnado.

Realizarase unha avaliación inicial ó comezo de cada unidade para:

- detectar os coñecementos previos
- detectalas actitudes persoais ante a nova aprendizaxe.

#### II. Avaliación continua

Para garantir a adquisición das competencias imprescindibles, establecendo reforzos en calquera momento do curso cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado.

#### III. Avaliación formativa

É o conxunto de procedementos para adaptar o proceso didáctico aos progresos e ás necesidades de aprendizaxe observadas no alumnado. Preténdese determinar cales son os puntos débiles da aprendizaxe; partindo da análise dos erros detectados pódese encontrar a dificultade que ten o alumnado para realizar determinadas tarefas e arbitralos mecanismos necesarios que lles axuden a superalas.

Neste sentido resulta moi importante a realización de tódalas actividades de aprendizaxe que sexa posible e facer unha análise o mais detallada posible das mesmas.

#### IV. Avaliación sumativa

Pretende establecer balances fiables dos resultados obtidos ao final dun proceso de ensinanza-aprendizaxe. Nesta avaliación faise fincapé na recollida de información e na elaboración de instrumentos que posibiliten medidas fiables do que se vai a avaliar. A recollida de información a partir da análise das diversas tarefas que o alumnado realice na actividade diaria na aula, actividades diversas para avaliación de aprendizaxes e de competencias clave, preguntas individuais e colectivas, a observación e valoración do grao de participación do alumno e a calidade das súas intervencións, valoración da formulación e procesos seguidos nas diversas actividades escritas, etc, serán útiles as rúbricas para a gradación das aprendizaxes e competencias desenvolvidas, serán moi importante para asignar unha nota que traduza o rendemento de cada alumno/a.

#### V. Avaliación integradora

Para a consecución dos obxectivos e competencias correspondentes tendo en conta todas as materias, sen impedir a realización da avaliación diferenciada das mesmas.

É importante que o alumnado coñeza os criterios de avaliación tanto no senso do que "debe facer" como no senso do que "debe saber". As liñas xerais do proceso de avaliación recóllense no PCC, no apartado correspondente e son comunicadas a todo o alumnado ó comezo de cada curso escolar polo profesor correspondente e estarán expostas na páxina web do centro no apartado habilitado para o departamento de Física e Química.

## 8.1 Criterios de avaliación

### Avaliacións parciais

Criterios de avaliación comúns en todos os cursos desta etapa educativa:

1. A execución das tarefas encomendadas

- A orde na execución e na presentación
- A realización nos prazos acordados
- A minuciosidade das tarefas
- A colaboración naquelas que se realizan en grupo

2. A actitude ante o traballo

- A súa predisposición cara o traballo
- O interese por corrixir os seus propios erros
- A súa disposición para solicitar as axudas necesarias
- A súa perseveranza
- A cooperación cos seus compañeiros/as
- A colaboración na creación dun clima na aula que propicie un bo desenvolvemento da clase
- A asistencia a clase e o seu aproveitamento.

3. A capacidade comunicativa oral, escrita e gráfica

- Terase en conta a exposición ordenada dun tema
- A utilización dunha linguaxe axeitada ó contido da materia e cos compañeiros
- A toma de notas no seu caderno de traballo é axeitada
- Se son ampliadas as explicacións con consultas a libros ou outras fontes
- Terase en conta se fai un uso axeitado dos diferentes medios como gráficas, esquemas, táboas, ..
- A súa capacidade para comprender a información que se lle presenta en textos, táboas, gráficas, esquemas, etc.

4. Os aspectos propios da área

- Teranse en conta os criterios específicos de coñecemento da área que correspondan a cada unha das unidades didácticas programadas para a avaliación.
- O mantemento, no centro escolar, de hábitos saudables e de respecto ao medio ambiente.

Recursos e instrumentos para a avaliación

A) Avaliación das actitudes e comportamentos: non cuantificable numericamente pero que nos permite coñecelo nivel de integración, a súa motivación e a participación nos traballos en grupo.

- Interese e actitude inicial (motivado, pouco motivado, nada motivado).
- Interese na realización do traballo.
- Formas de participación nas diferentes tarefas ( é minucioso, é perseverante, ...).
- Estilo de participación (impositivo, aberto, reflexivo,...).
- Participación no traballo en equipo.

B) Avaliación de contidos: implica unha metodoloxía que se concreta na aplicación de recursos e instrumentos que nos poidan ofrecer toda a información que sexa posible sobre o proceso de ensino-aprendizaxe e o nivel acadado por cada alumno/a. Destacamos os seguintes:

- Observación directa do alumnado, ben no ensino presencial ou no ensino telemático, feitas ditas observacións en diferentes momentos e situacións (traballo individual, en equipo, postas en común, explicacións, laboratorio, traballos de investigación, entrada na aula virtual). Entre as observacións concretas a realizar destacamos:
  - manifestación de dúbidas, certezas, erros, consulta de dúbidas a través da aula virtual ou do correo electrónico
  - dominio e utilización da linguaxe científica
  - argumentación das súas opinións
  - aplicación dos conceptos e procedementos aprendidos ás situacións expostas
  - hábitos de traballo; coidado e respecto polo material; autoconfianza, entrada regular na aula virtual, minucioso, perseverante, ...
- Revisión dos traballos realizados polo alumnado nos seus cadernos e/ou na súa carpeta dixital; podemos obter información sobre os aspectos seguintes:
  - nivel alcanzado na proposta de traballo presentado
  - comprensión e desenvolvemento das actividades
  - estratexias na resolución de problemas
  - dificultades atopadas
  - hábitos e métodos de traballo
  - ideas ou conceptos mal elaborados
  - nivel de expresión escrita, gráfica e tic
  - claridade, limpeza, orde, esquemas e resumos, etc.
  - uso das TIC, seguir as instrucións proporcionadas en cada traballo, interese por corrixir erros indicados.
- Probas específicas de avaliación que poden ser de diferentes tipos en función dos contidos que queiramos avaliar:
  - probas de aplicación
  - presentación de temas, comentarios de texto, resolución de cuestionario sobre un tema.
  - probas de resolución de problemas
  - actividades de aula virtual
  - tarefas de investigación

- probas escritas que se realizarán ó remate de cada unidade didáctica ou unidades didácticas e que se anunciarán previamente. Poderán constar de preguntas tipo definición dun concepto, preguntas de razoamento e/ou de relacionar conceptos e/ou de elixir unha opción e razoar esa elección e de exercicios para resolver numericamente pola aplicación dunha lei, ou aplicar conceptos matemáticos, ... Farase media dos controis sempre que a nota mínima de cada un sexa 4 ou superior, en caso contrario será necesario a súa recuperación.

Realizarase unha proba global de síntese e/ou recuperación despois da avaliación.

**Non se repetirá ningún control se non se recibe xustificación documental oficial na data prevista para a proba ou nos dous días seguintes.**

As probas e traballos levarán os criterios de cualificación e corrección para cada un.

Traballos de campo, de laboratorio e investigacións a un nivel axeitado ós seus coñecementos e posibilidades.

- Os traballos poderán consistir nun cuestionario sobre un tema, a resolución de exercicios ou problemas dun tema ou parte dun tema, un traballo de investigación bibliográfica, o desenvolvemento dun tema.

Estes traballos no ensino presencial corrixiranse mediante rúbrica cunha puntuación entre 0 e 10, se un traballo non se presenta contará cero. Na rúbrica dos traballos terase en conta:

- Interese e actitude polo traballo, todos os exercicios resoltos, presentación, escribir con bolígrafo azul ou negro, esforzo por utilizar linguaxe da materia, esforzo por unha explicación clara, ata 1 punto.
- Competencia dixital, de ter que entregarse en formato dixital, seguir perfectamente as instrucións para o documento dixital, forma de entrega de traballos, nome no documento, ... valorarase con 1 punto; se entregan o traballo por método diferente ao indicado, só contará ata 0,5; enviar o traballo de calquera xeito, imaxe de pantalla de ordenador, exercicios escaneados, na resolución de exercicios pedidos en papel, non ter coidado ao mandar a imaxe, centrada e con luz para que se poida ler, neste caso contará cero. Se o traballo pídese en formato papel, este punto irá aos contidos.
- Corrección ortográfica, ata 1 punto, cada falta diferente desconta 0,1 punto.
- Contidos valorarase con 7 puntos (ou 8 puntos, nos traballos que deban entregarse en papel) a dividir por igual entre o nº de exercicios do traballo, contarase só os exercicios perfectamente resoltos ou con erros leves (como erro de cálculo final, esquecemento dalgunha unidade), os exercicios de verdadeiro ou falso se non están razoados non se contarán. Se se detecta que os exercicios foron plaxiados, copiados, os contidos non contarán nada.
- Se a entrega do traballo non se fai no prazo indicado, o traballo poderán entregalo sempre ata unha semana antes da avaliación pero neste *caso a puntuación total do traballo será sobre 7 puntos*, para a mesma rúbrica.

Estes traballos no ensino telemáticos corríxense mediante rúbrica cunha puntuación entre 0 e 10, se un traballo non se presenta contará cero. Na rúbrica dos traballos terase en conta:

- Entrega en prazo ata 1 punto, se hai un retraso xustificado (por exemplo sin wifi que debe estar documentada) de menos dunha semana poderá contar 0,5 puntos, restos dos casos valorarase con cero.
- Interese e actitude polo traballo, todos os exercicios resoltos 1 punto, segundo o nº de exercicios menos do 10% de exercicios sen resolver ata 0,5 puntos; máis do 10% de exercicios sen resolver, non conta nada.
- Competencia dixital, seguir perfectamente as instrucións para o documento dixital, forma de entrega de traballos, nome no documento, ... valorarase con 1 punto; se entregan o traballo por método diferente ao indicado, só contará ata 0,5; enviar o traballo de calquera xeito, imaxe de pantalla de ordenador, exercicios escaneados, na resolución de exercicios pedidos en papel, non ter coidado ao mandar a imaxe, centrada e con luz para que se poida ler, neste caso contará cero.
- Corrección ortográfica, entregar o traballo dixital sen faltas conta 1, en caso contrario non conta nada.
- Contidos valorarase con 6 puntos a dividir por igual entre o nº de exercicios do traballo, contarase só os exercicios perfectamente resoltos ou con erros leves (como erro de cálculo final, esquecemento dalgunha unidade), os exercicios de verdadeiro ou falso se non están razoados non se contarán. Se se detecta que os exercicios foron plaxiados, copiados, os contidos non contarán nada.

- As probas escritas constarán de:

- cuestións, teñen varias respostas xa indicadas e os alumnos/as deberán elixir de xeito razoado\* cal é a resposta correcta ou ben dar unha explicación ou facer un comentario a unha pregunta ou expoñer unha definición ou demostración.
- problemas correctamente razoados \*

\*Exercicios razoados:

- as solucións numéricas non acompañadas de unidades ou incorrectas: penalízanse co 20% do apartado.
- os erros de cálculo, en cada apartado: penalízanse co 20% do apartado.
- a utilización directa de fórmulas que se desenvolven a partir de leis básicas, a metade do apartado.
- a elección de resposta sen razoamento, nas preguntas de resposta múltiple só contan de 0,05 a 0,1, se a resposta é válida.
- a elección de verdadeiro ou falso, sen razoamento, neste tipo de preguntas só contan de 0,05 a 0,1, se a resposta é válida.
- poñer a fórmula ou dar un resultado sen demostrar, nunha pregunta non puntúa.
- as faltas de ortografía diferentes descontan 0,1 puntos ata un máximo de un punto en cada proba, traballo.
- A nota da proba será a suma dos valores obtidos en cada pregunta e o que corresponda das faltas de ortografía.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Cada alumno debe asistir o exame co seu material, de querer pedir prestado material durante o exame so poderá facelo á profesora en cuxo caso levará un desconto na nota da proba de 2 puntos.
- O móbil, non é material escolar nin necesario durante unha clase, logo non se pode usar durante a mesma, nin como calculadora.
- As fotocopias de apoio á materia, que a profesora considere necesarias, danse unha soa vez.

Recuperación da avaliación

Os alumnos matriculados que durante o tempo ordinario de avaliación non sexan capaces de seguir a secuenciación de contidos que se pretenden desenvolver na materia, sempre e cando mostrasen interese polo traballo e se

esforzase por acadar os mínimos sen logralo, ben porque presente dificultades de expresión oral ou de cálculo matemático, terán o seguinte plan de recuperación para a preparación da proba extraordinaria e así adquirir as estratexias mais adecuadas para acadar os coñecementos correspondentes e os hábitos de traballo necesarios para superar con éxito os obxectivos.

#### Actividades de recuperación e profundización

Unha cualificación negativa non quere dicir que fallase en todos os aspectos sinalados, pode ser que só fallase nalgún deles. Aquel alumnado que non acadase os mínimos esixidos e, por tanto, non teña unha nota mínima de suficiente, poderá obtela na seguinte convocatoria se segue un plan de recuperación que a continuación se detalla referido a cada un dos criterios de avaliación.

Criterio de avaliación 1. No caso de non acadalos mínimos en relación con este criterio, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos do seu traballo deberá modificar. No caso de que llo indique a profesora deberá completar ou mellorar o caderno ou realizar os traballos que non fixera. Se segue as indicacións da profesora pode acadar a avaliación positiva neste criterio e entenderase que recuperou a valoración negativa.

Criterio de avaliación 2. De igual xeito que no criterio anterior, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos da súa actitude deberá modificar. Se segue as indicacións da profesora e na avaliación seguinte acadará unha valoración positiva neste criterio, entenderase que recuperou a valoración negativa inicial.

Restantes criterios. No caso de non alcanzar unha nota mínima de 5 nos criterios mais propios da área, a profesora propoñerá unha serie de actividades de apoio e repaso que lle permitirán ó alumnado traballar máis esa parte da materia. Poderán contar coas explicacións da profesora sempre que llo soliciten e poidan fixar un día e hora para facelo.

Ese alumnado deberá realizar unha proba escrita de recuperación se a cualificación da proba é insuficiente, non acadará como mínimo 5, o alumnado quedará coa materia suspensa en xuño.

O alumnado que durante a avaliación ordinaria demostrase pouco interese polo ámbito e/ou tivese condutas contrarias as normas de convivencia terá que preparar a proba extraordinaria polos seus propios medios.

A nota de avaliación será a suma dos diferentes apartados dos criterios de avaliación, como se indica no apartado de obtención da cualificación.

Para aprobar a avaliación haberá que obter unha nota mínima de cinco.

#### Casos particulares

##### No ensino presencial

- Cando un alumno falte de xeito xustificable a unha proba de avaliación, o profesor da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes á devandita proba, procurando sempre facilitar a reincorporación do alumno ao ritmo normal da clase. Seguirase o establecido na recuperación de avaliacións.

- Cando un alumno falte de xeito inxustificable a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado. Continuarase co proceso de avaliación segundo o establecido na programación.

- No caso de que un alumno falte durante unha temporada longa e perda varias probas de avaliación, o titor encargarse de coordinar a temporalización destas probas coa xunta de avaliación, para evitar a coincidencia de moitas delas no mesmo día.

No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ao centro ou por unha ausencia longa), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, o profesor da materia aplicará o procedemento de avaliación extraordinario que teña determinado na programación didáctica para estes casos, co fin de que o alumno poda demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o titor coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

##### No ensino telemático

- Cando un alumno falte de xeito inxustificable a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado, neste caso poderá facer unha proba global ao final de curso (xuño), se fora posible de xeito presencial.

- Cando un alumno falte de xeito xustificable a unha proba de avaliación, que non lle funcione o acceso a wifi (neste caso debe demostrar a incidencia con un recorte de noticia de fallo nas redes wifi da zona ou debida a situacións meteorolóxicas), que se encontre enfermo (neste caso será necesario xustificante médico de que non está en condicións de facer a proba telemática). Para que a criterio da profesora se lle deixe facer unha nova proba antes de final de curso..

**Avaliación final**

A nota final calcularase facendo a media das avaliacións, utilizando o sistema de redondeo:

- Se contidos actitudinais non restan pódese redondear a alza
- Se contidos actitudinais restan nalgún apartado redondearase á baixa independentemente de cal sexa o decimal da nota.

Para aprobar a materia haberá que obter unha nota mínima de cinco.

**Avaliación extraordinaria**

Os alumnos que durante o curso non sexan capaces de seguir a secuenciación de contidos que se pretenden desenvolver na materia, sempre e cando mostrasen interese polo traballo e se esforzasen por acadar os mínimos sen logralo, ben porque presente dificultades de expresión oral ou de cálculo matemático, terán as seguintes recomendacións para a preparación da proba extraordinaria e así adquirir as estratexias mais adecuadas para acadar os coñecementos correspondentes e os hábitos de traballo necesarios para superar con éxito os obxectivos.

Actividades de recuperación e profundización

Unha cualificación negativa non quere dicir que fallase en todos os aspectos sinalados, pode ser que só fallase nalgún deles. Aquel alumnado que non acade os mínimos esixidos e, por tanto, non teña unha nota mínima de suficiente, poderá obtela na seguinte convocatoria se segue un plan de recuperación que a continuación se detalla referido a cada un dos criterios de avaliación.

Criterio de avaliación 1. No caso de non acadalos mínimos en relación con este criterio, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos do seu traballo deberá modificar. No caso de que llo indique a profesora deberá completar ou mellorar o caderno ou realizar os traballos que non fixera. Se segue as indicacións da profesora pode acadar a avaliación positiva neste criterio e entenderase que recuperou a valoración negativa.

Criterio de avaliación 2. De igual xeito que no criterio anterior, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos da súa actitude deberá modificar. Se segue as indicacións da profesora e na avaliación seguinte acadada unha valoración positiva neste criterio, entenderase que recuperou a valoración negativa inicial.

Restantes criterios. No caso de non alcanzar unha nota mínima de 5 nos criterios mais propios da área, recoméndase para cada unha das leccións:

- Facer un esquema no que se resuman os conceptos máis importantes de cada lección.
- Estudar as definicións que se remarcaron durante o curso.
- Facer para cada tema unha táboa coas fórmulas, o que significa cada símbolo que aparece nelas e as unidades SI, principalmente.
- Resolver para cada lección, a lo menos os exercicios que traen os temas e que foron resoltos na clase. Repetilos hasta que se saiban resolver sen mirar a solución.
- Sería, aconsellable, facer tamén os exercicios dados en fotocopias e os propostos na aula virtual.
- Repetir os exercicios resoltos hasta que se saiban facer sen mirar a solución.
- Visitar as páxinas de internet recomendadas e facer as actividades que proponen

O alumnado deberá realizar a proba escrita de recuperación na convocatoria extraordinaria, convocada pola xefatura de estudos.

- O exame de setembro é único e sempre será de toda a materia.
- O estilo da proba será o mesmo que o realizado en xuño e durante o curso e se rexerán polas mesmas normas que as da avaliación ordinaria.
- As preguntas versarán sobre os contidos mínimos dos temas do currículo.

A proba de setembro terá unha cualificación máxima de 5, dado que só será sobre contidos mínimos.

Se a cualificación da proba é insuficiente, non acadada como mínimo 5, o alumnado quedará coa materia suspensa e terá que matricularse da mesma no seguinte curso

## 8.2 Criterios de cualificación

### Criterios de cualificación

Cos instrumentos de avaliación anteriores pretendemos determinar se un/ha alumno/a acadou ou non o que se establece en cada un dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe aos que se refire dita información.

A cualificación que se dará a cada alumno/a ó remate de cada avaliación expresarase como: insuficiente (0, 1, 2, 3, 4) , suficiente (5), ben (6), notable (7, 8) e sobresaliente (9, 10).

Obterase a cualificación de suficiente ou superior ó remate da avaliación sempre que se conseguira unha cualificación positiva (normal ou ben) en cada un dos criterios de avaliación xerais e propios da materia sinalados anteriormente. A valoración positiva en cada un destes criterios de avaliación acadarase sempre que se produzan as seguintes condicións:

Criterio de avaliación 1 (execución das tarefas): Ter acadado unha valoración positiva polo menos no 40 % da información recollida respecto a este criterio.

Criterio de avaliación 2 (actitude ante o traballo): Non ter unha actitude claramente negativa na clase. Entendemos por actitude negativa a non realización das actividades sinaladas, asistencia á clase de xeito irregular sen o material necesario para traballar, molesta a calquera entorpecendo o clima de traballo que debe reinar na aula, falta a clase ou chega con retraso reiteradamente sen xustificación.

Criterio de avaliación 3 (capacidade comunicativa oral, escrita e gráfica): Ter acadada unha valoración positiva no esforzo por mellorar a súa expresión na linguaxe propia da materia, a toma de notas e a súa ampliación coa bibliografía da aula, a valoración positiva consistirá na mellora respecto a avaliación inicial e a medida que se avance no curso

Criterio de avaliación 4 (aspectos propios da área): Acadar unha valoración positiva no 50 % dos criterios de avaliación relacionados cos contidos que se traballaron no periodo de avaliación correspondente, é dicir obter unha nota mínima de 5 como media das probas realizadas durante a avaliación.

Dado o carácter de avaliación continua a recollida de información sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe terá lugar ó longo do mesmo e os instrumentos sinalados serán utilizados de maneira continuada durante o curso.

#### Sistema de cualificación

A nota da materia obterase: 90% Contidos conceptuais-procedimentais + 10% Contidos actitudinais – Faltas de orde e/ou expulsións.

Os criterios de avaliación 1, 2 e 3 (contidos actitudinais) suporán un 10% da cualificación e terá en conta o *traballo voluntario* saídas ao encerado para facer algún exercicio (0,5 supón un mínimo de doce saídas para que conte, máis de seis e menos de doce conta 0,3, de cinco a tres 0,2 e menos de tres non conta nada); *facer deberes e traer o material* necesario (0,2 estes controis serán aleatorios na avaliación, se se detecta dous ou máis veces sen facer deberes ou traer material non conta nada); *comportamento/actitude* (0,2 coidar linguaxe utilizado sen usar palabras malsoantes e que non haxa chamadas de atención sobre o seu comportamento na aula ata 2 veces); *estar na páxina de internet indicada* (0,1 este control será aleatorio, cando as clases se desenvolvan na aula de informática ou co ordenador, ata 1 vez); *por expulsións ou faltas de orde* descontarase 0,5 puntos ilimitadamente. O criterio 4 (contidos conceptuais-procedimentais) será o 90% da media das probas escritas, cando na avaliación se realicen prácticas ou traballos o reparto será (60% para a media das probas escritas e o 30% para a media das prácticas e o seu informe, se non se entrega o informe a práctica contará cero e/ou media dos traballos específicos individuais e a media de notas numéricas de resolución de exercicios e/ou toma de leccións en clase). Para aprobar a materia é necesario obter como mínimo un 5.

Para facer a media no criterio 4, o alumno/a, deberá acadar, como pouco, a nota mínima de 4 en cada un dos controis/probas realizados. Se hai valores inferiores a 4 nalgunha das probas, para calcular a nota final, realizarase a media, se da inferior a 5 esa será a nota de avaliación.

No caso de haber probas con valores inferiores a 4 a nota de avaliación será 5 menos o tanto por cento que lle falte a nota obtida para chegar a 4, por exemplo se lle falta o 10% teríase  $5 - 0,4 = 4,6$  e neste caso non poderá redondearse á alza.

No caso de que o ensino pase a ser telemático no 10% de contidos actitudinais terase en conta a entrada regular do alumnado na aula virtual da materia, como mínimo os días que temos marcados no horario cada semana.

O 90% de contidos conceptuais-procedimentais manterase co mesmo reparto.

Cando a nota de avaliación sae decimal utilizarase o redondeo:

- Se contidos actitudinais non restan pódese redondear a alza

- Se contidos actitudinais restan nalgún apartado redondearase á baixa independentemente de cal sexa o decimal da nota.

Para aprobar a avaliación haberá que obter unha nota mínima de cinco.

Nas recuperacións as notas serán as obtidas cando se corríxan as probas das mesmas e o sistema de redondeo o citado anteriormente.

A nota final calcularase facendo a media das avaliacións, utilizando o sistema de redondeo anterior.

Se na avaliación ordinaria, algún alumno/a, non chega a nota mínima para a media, poderá recuperala na convocatoria extraordinaria, tendo que realizar o plan de recuperación e repaso proposto na área. Se na convocatoria extraordinaria non chegara a superar positivamente a área, en cuestión, quedará coa materia pendente para o seguinte curso.

Enténdese que supera a materia, en calquera convocatoria, cando acadada unha nota de 5 ou superior.

### 8.3 Criterios de promoción

#### Criterios de promoción

A promoción na materia producirase cando aplicados os criterios de avaliación e de cualificación referidos nos puntos anteriores se obteña unha nota de avaliación final de cinco ou superior.

## 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente						
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases						
2. Existe unha distribución temporal equilibrada.						
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.						
4. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.						
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.						
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).						
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais e ou coa súa funcionalidade.						

4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.						
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.						
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.						
7. Promove a reflexión dos temas tratados.						
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO</b>						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...						
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...						
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.						
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.						
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.						
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.						
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.						
8. Expón actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.						
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</b>						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.						
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.						
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.						
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.						
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.						
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.						
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.						
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.						
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.						
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.						
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.						

## 10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste nivel non se produce esta circunstancia de materia pendente pois é a primeira vez que o alumnado cursa a materia, non é de continuidade, só se da neste nivel.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

### Deseño da avaliación inicial

A proba de avaliación inicial realizarase a comezos de curso.

OBXECTIVOS:

- Indagar sobre as características e o nivel de competencias que presenta o alumnado en relación con esta materia.
- Saber que alumnos teñen dificultades de aprendizaxe desde principio de curso e cales son as súas carencias.
- Coñecer as peculiaridades do curso como grupo.
- Recoller información sobre as expectativas académicas do alumnado do grupo.
- Informar o Equipo Docente das características xerais do grupo e das circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa dos mesmos.

QUE SE VAI A AVALIAR.

Coñecementos específicos, adquiridos en cursos anteriores, necesarios para a materia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Mediante os mesmos veremos o grao de adquisición dos contidos avaliados.

VALORACIÓN DOS INDICADORES:

A valoración dos indicadores realizarase mediante a escala: Bo, Aceptable, Insuficiente.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Consistirá nunha proba escrita común, para valorar os coñecementos específicos adquiridos en cursos anteriores, o grao de desenvolvemento na comunicación escrita e os intereses académicos do alumnado.

VALORACIÓN FINAL:

A valoración final do nivel que presenta o alumno será:

Bo.- Supera o 70%.

Aceptable.- Supera entre o 50% e o 70%.

Baixo.- Non supera o 50%.

### Medidas individuais e colectivas

Nas primeiras semanas de curso o equipo docente de cada grupo de alumnos reúnen en sesión de avaliación inicial e á vista dos resultados obtidos nas probas de avaliación inicial de cada materia, os informes do historial do alumno, a súa traxectoria académica, o asesoramento do departamento de orientación e a supervisión de xefatura de estudos decídese cales das medidas que sinala a lexislación entre as que citamos: atención individualizada na aula para a realización das actividades propostas, adaptación curricular, programa de seguimento, exencións de materias, flexibilización do currículo, etc., son as máis apropiadas a cada caso.

## 12. Medidas de atención á diversidade

### Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención a diversidade nesta materia poderán concretarse en:

- Promover a aprendizaxe significativa, é dicir que os alumnos relacionen os contidos novos cos previos.
- Procurar a aprendizaxe funcional, isto é que os alumnos poidan aplicar os contidos aprendidos.
- Planificar actividades variadas e con diferentes niveis de dificultade e profundidade.
- Realizar distintos agrupamentos dos alumnos para realizar as actividades.
- Utilizar diferentes materiais e recursos didácticos.

Ademais, tendo en conta os distintos motivos da atención a diversidade levarán a cabo as seguintes accións:

**Alumnos superdotados intelectualmente:** O alumnado que posúa características de superdotados e/ou a aqueles que pola súa capacidade ou experiencia teñan un nivel claramente superior ao resto da clase, proporcionaráselles actividades específicas que permitan desenvolver o seu intelecto da forma máis adecuada. Recomendaráselles e propoñeráselles a realización de actividades de maior complexidade que ao resto da clase, que amplien os conceptos, ben sexa coa lectura de artigos ou bibliografía avanzados ou a realización de actividades de maior complexidade.

**Alumnos con dificultade de aprendizaxe:**

Aos alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe trataráselles de orientar cara á realización de actividades máis básicas que fagan falta os obxectivos marcados para a materia. Proporcionaráselles información de apoio adecuada ao seu nivel.

**Alumnos con discapacidade física:**

Con respecto aos alumnos que presenten algunha discapacidade física, segundo sexa esta temporal o permanente, actuarase de diferente forma. Para as discapacidades físicas permanentes realizaranse as adaptacións curriculares que sexan oportunas, baseadas na adaptación dos espazos, aspectos físicos, equipamento e recursos. No caso de discapacidades físicas temporais realizarase a adaptación que se considere máis adecuada para cada caso particular durante o tempo que dure a discapacidade.

**Alumnos estranxeiros:**

No caso de alumnos estranxeiros con problemas de comunicación asociados a linguaxe, aínda que a materia será impartida en galego, explicaráselle en castelán si fose necesario.

Por último, prestaráselles igualmente unha atención especial a aqueles alumnos e alumnas con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).

**Alumnos con necesidades educativas especiais:** Para os alumnos con necesidades educativas especiais realizaranse adaptacións curriculares, estas poderán ser significativas ou non significativas. Calquera adaptación curricular que se faga aos alumnos con necesidades educativas especiais farase sempre en colaboración co Departamento de Orientación, o cal nos indicará os graos e formas de aprender do alumno co fin de determinar que obxectivos da programación convén modificar ou adaptar. Todo isto tentando sempre integrar ao alumno co resto de compañeiros.

## 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

### Elementos transversais que se traballarán

Elemento transversal	Actividades/ procedimientos/ferramentas	Unidades									
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 7 do libro de texto</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoa o concepto de velocidade instantánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 7 do libro de texto</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.3.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 7 do libro de texto</li> <li>Problemas da unidade 7 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 7</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>

Física e Química. 4º de ESO						
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Movemento. Movements rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Problemas da unidade 7 do libro de texto</li> <li>Boletíns de problemas propostos semellantes aos da unidade 7</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Problemas da unidade 7 do libro de texto</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 7 do libro de texto</li> <li>Problemas da unidade 7 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 7</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Movemento. Movements rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Problemas da unidade 7 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 7</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de practicas, virtuais de cinemática</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe que recolle cuestións sobre as practicas virtuais realizadas</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Natureza vectorial das forzas.</li> <li>B4.3. Leis de Newton.</li> <li>B4.4. Forzas de especial</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> <li>Problemas da unidade 8 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 8</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>	

Física e Química. 4º de ESO					
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
<p>interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> <li>Problemas da unidade 8 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 8</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Leis de Newton.</li> <li>B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> <li>Problemas da unidade 8 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 8</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Leis de Newton.</li> <li>B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e propostos semellantes aos da unidade 8</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.8.2. Deducer a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e propostos semellantes aos da unidade 8</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.</li> <li>B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 9 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e propostos semellantes aos da unidade 9</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 9 do libro de texto</li> <li>Problemas da unidade 9 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 9</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>

Física e Química. 4º de ESO					
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.10.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 9 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e propostos semellantes aos da unidade 9</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 9 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e propostos semellantes aos da unidade 9</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Presión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 9 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e propostos semellantes aos da unidade 9</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Problemas da unidade 10 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Principios da hidrostática.</li> <li>B4.8. Física da atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 10 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións propostos semellantes aos da unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise dun texto proposto sobre temas tratados na unidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións sobre un texto científico relacionado cos contidos do tema 10</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Problemas da unidade 10 do libro de texto</li> <li>Boletíns de problemas propostos semellantes aos da unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>

Física e Química. 4º de ESO					
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 10 do libro de texto</li> <li>Problemas da unidade 10 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	si	3º trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.5. Predi a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións propostos semellantes aos da unidade 10</li> </ul>		3º trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Principios da hidrostática.</li> <li>B4.8. Física da atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de prácticas maxistras ou virtuais de aplicación dos principios dados na unidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informes de práctica para dar resposta a cuestións basadas en los contenidos tratados en la unidad 10</li> </ul>		3º trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións propostos semellantes aos da unidade 10</li> </ul>		3º trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Realización de prácticas maxistras ou virtuais de aplicación dos principios dados na unidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións propostos semellantes aos da unidade 8</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	si	3º trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.8. Física da atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> </ul>		3º trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de prácticas baseadas na utilización de mapas meteorolóxicos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema 8 do libro de texto</li> </ul>		3º trimestre

Física e Química. 4º de ESO					
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
Bloque 5. A enerxía					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Enerxías cinética e potencial. Enerxía mecánica. Principio de conservación.</li> <li>▪ B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolución de cuestións teóricas</li> <li>▪ Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestións teóricas do tema11 do libro de texto</li> <li>▪ Problemas da unidade 11 do libro de texto</li> <li>▪ Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 11</li> <li>▪ Proba escrita</li> </ul>	si	3º trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolución de cuestións teóricas</li> <li>▪ Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestións teóricas do tema11 do libro de texto</li> <li>▪ Problemas da unidade 11 do libro de texto</li> <li>▪ Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 11</li> <li>▪ Proba escrita</li> </ul>	si	3º trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolución de cuestións teóricas</li> <li>▪ Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestións teóricas do tema11 do libro de texto</li> <li>▪ Problemas da unidade 11 do libro de texto</li> <li>▪ Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 11</li> <li>▪ Proba escrita</li> </ul>	si	3º trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolución de cuestións teóricas</li> <li>▪ Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestións teóricas do tema11 do libro de texto</li> <li>▪ Problemas da unidade 11 do libro de texto</li> <li>▪ Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 11</li> <li>▪ Proba escrita</li> </ul>	si	3º trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Traballo e potencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolución de cuestións teóricas</li> <li>▪ Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestións teóricas do tema11 do libro de texto</li> <li>▪ Problemas da unidade 11 do libro de texto</li> <li>▪ Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 11</li> <li>▪ Proba escrita</li> </ul>	si	3º trimestre

Física e Química. 4º de ESO					
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.</li> <li>B5.4. Efectos da calor sobre os corpos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema12 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións propostos semellantes aos da unidade 12</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Problemas da unidade 11 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 11</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución de cuestións teóricas</li> <li>Resolución de problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas do tema11 do libro de texto</li> <li>Problemas da unidade 11 do libro de texto</li> <li>Boletíns de cuestións e problemas propostos semellantes aos da unidade 11</li> <li>Proba escrita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>si</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB5.4.4. Determina experimentalmente calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de practicas virtuais e/ou visionado de practicas de calorimetría</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre as practicas realizadas ou vistas a través dos enlaces propostos</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Traballo e potencia.</li> <li>B5.5. Máquinas térmicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visionado de video sobre o funcionamento dos motores de explosión</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre os videos vistos a través dos enlaces propostos</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de traballo voluntario sobre o motor de explosión</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tarefa voluntaria sobre un tema a desenvolver con carácter científico</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>

Física e Química. 4º de ESO					
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
▪ B5.5. Máquinas térmicas.	▪ FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.	▪ Resolución de cuestións teóricas	▪ Cuestións teóricas do tema12 do libro de texto ▪ Boletíns de cuestións propostos semellantes aos da unidade 12		▪ 3º trimestre
	▪ FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.	▪ Realización de practicas virtuais e/ou visionado de practicas de calorimetría	▪ Informe sobre as practicas realizadas ou vistas a través dos enlaces propostos		▪ 3º trimestre

## 4. Concrecións metodolóxicas

### 4.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial
<p>Desenvolverase una metodoloxía didáctica a través da cal se consiga unha aprendizaxe <b>constructivista, significativa, autónoma e activa</b> por parte do alumnado. A través da metodoloxía a desenvolver, pretenderase que o alumnado sexa o protagonista principal do proceso de ensinanza- aprendizaxe, especialmente no ensino telemático e semipresencial, sendo o profesor e o resto de elementos que interveñen no proceso, secundarios o que non significa prescindibles. O profesor, xunto co material e recursos dos que disporá o alumnado, serán elementos que guiarán e axudarán , nalgúns casos reorientarán, neste proceso de aprendizaxe, onde será imprescindible a <b>participación activa</b> do alumnado.</p> <p>Desenvolverase una metodoloxía na que se intentará potenciar ao máximo a <b>autonomía</b> do alumnado. Falar de autonomía do alumnado, en ningún momento implica que o profesor sexa mero observador. O profesor marcará o inicio do proceso de aprendizaxe, dará pautas, ideas, estratexias para o proceso de aprendizaxe e guiará en todo momento estas aprendizaxes. En todo momento o profesor intentará que o alumnado sexa suxeito <b>activo</b> no proceso, tanto no inicio, como no desenvolvemento das distintas unidades. Tratarase de que haxa unha comunicación omnidireccional: alumno-profesor e profesor-alumno. De xeito que non só se potencia a aprendizaxe individual senón tamén o intercambio de ideas e procedementos que permitan conseguir aprendizaxes máis <b>significativas e constructivistas</b>.</p> <p>Para desenvolver esta metodoloxía a profesora seguirá máis o menos sempre a mesmo esquema:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1º - sesión de introducción á unidade didáctica, na que a profesora presentará os contidos principais do tema, establecendo relación entre estes e os xa coñecidos polo alumnado</li> <li>- 2º - sesións de desenvolvemento e explicación de contidos e procedementos novos , nas que a profesora dirixirá o proceso de aprendizaxe pero interactuará co alumnado a través de preguntas, exercicios e cuestións teóricas orais, buscando a participación activa do alumnado</li> <li>- 3º - sesión de realización de cuestións teóricas e problemas, para aplicar os contidos e procedementos explicados con anterioridade; inicialmente a profesora resolverá exercicios modelo, que logo , a través dos exercicios propostos, o alumnado realizará de xeito individual, fomentando a súa autonomía.</li> </ul>

Os puntos 2º e 3º combinaranse co fin de que o alumnado non sexa mero oínte e espectador en varias sesións de explicación, e poda participar nas sesións coa resolución de exercicios, ben teóricos ou prácticos.

- 4º - sesión de explicación e realización, de xeito maxistral ou ben a través de prácticas virtuais, de prácticas relacionadas coa unidade didáctica desenvolvida, co fin de aplicar as aprendizaxes adquiridas e o método científico propio da materia

Para o desenvolvemento desta metodoloxía a profesora seguirá o libro de texto proposto para esta materia ( Física y Química 4º ESO. Serie Investiga da Editorial Santillana ), no que se desenvolven os contidos curriculares antes expostos en 12 unidades didácticas, seguindo o currículo, e aportando ao comezo de cada unidade un resumo de ideas básicas e de repaso de 3º ESO, unha proposta de exercicios teóricos e problemas. Ao remate de cada unidade, se procede, levaranse a cabo as correspondentes prácticas de laboratorio, nas unidades que proceda, que este curso serán realizadas de xeito maxistral polo profesor ou mediante o emprego de simuladores, dada a actual situación sanitaria que recomenda a mínima manipulación posible por parte de todos.

Ao remate de cada unidade, adicaranse unha ou dúas sesións para reforzar contidos e procedementos, así como para o plantexamento de dúbidas, antes de pasar á unidade seguinte.

Os contidos curriculares expostos no punto 4, desenvólense en 12 unidades didácticas:

- UNIDADE 1: Magnitudes e unidades
- UNIDADE 2: Átomos e sistema periódico
- UNIDADE 3: Enlace químico
- UNIDADE 4: Química do carbono
- UNIDADE 5: Reaccións químicas
- UNIDADE 6: Exemplos de reaccións químicas
- UNIDADE 7: O movemento
- UNIDADE 8: As forzas
- UNIDADE 9: Forzas gravitatorias
- UNIDADE 10: Forzas en fluídos
- UNIDADE 11: Traballo e enerxía
- UNIDADE 12: Enerxía e calor

As unidades están ordeadas e encadeadas segundo os contidos curriculares e bloques que se indican no punto 4, de xeito que se van relacionando cada unidade coas anteriores na parte de Química e na parte de Física, co fin de que a medida que se avance o alumnado vaia globalizando coñecementos. Ao longo do curso, inclúiranse os contidos non impartidos na Física e Química de 3º de ESO relacionados coas diferentes unidades didácticas do presente curso.

Neste proceso o **traballo diario** do alumnado será avaliado e cualificado:

- A través da observación directa: participación activa nas distintas sesións ( preguntas, atención, aportación de ideas, realización de tarefas...) A través da recollida de tarefas, de carácter obrigatorio ou voluntario, normalmente a través do correo ou da AV : exercicios propostos ao final de cada unidade, boletíns de reforzo dados pola profesora, controis, informes de prácticas)

Será un apartado da súa nota de cada avaliación, e unha parte importante do proceso de aprendizaxe, onde se detectarán os progresos e se atallarán posibles erros, para a súa rectificación

Terase en conta os distintos ritmos de aprendizaxes, propondo actividades de reforzo para aqueles alumnos cun ritmo máis lento, e de ampliación para aqueles que teñan un ritmo maior ou máis facilidade..

A outra parte do proceso será a avaliación parcial das aprendizaxes a través de probas escritas, co fin de globalizar coñecementos. Da cualificación destas probas, extraerase a segunda parte da nota de cada avaliación parcial.

## 4.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

### Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

Preténdese aplicar a mesma base metodolóxica no ensino temático que no presencial, partindo da base de que non haberá "presencialidade". É dicir, desenvolverase una metodoloxía didáctica a través da cal se consiga unha aprendizaxe constructivista, significativa, autónoma e activa por parte do alumnado, do mesmo xeito que se expuxo no apartado anterior do ensino presencial, pero neste caso a autonomía e actividade do alumno serán determinantes.

Os contidos curriculares expostos no punto 4, desenvólense en 12 unidades didácticas, igualmente que no apartado anterior. Para desenvolver esta metodoloxía a profesora seguirá máis ou menos sempre a mesmo esquema, de 4 puntos, os indicados no apartado do ensino presencial; a diferenza estará nos medios empregados para o desenvolvemento desta metodoloxía:

- Os puntos 1º e 2º referentes a introducción a cada unidade e explicación de contidos e procedementos, serán remitidos ao alumnado a través de documento pdf ou vídeo a través da AV do centro; cando sexa posible, en función da dispoñibilidade de medios e/ou conexión do alumnado e profesorado, desenvolveranse estes puntos a través da aplicación Cisco Webex ou calquera outra (Meet, por exemplo) que permita a interacción entre o profesor e o alumnado en tempo real para a aclaración de contidos e/ou procedementos que non quedasen suficientemente claros a través de lectura de documentos ou visualización de vídeos

- O punto 3º referente ao traballo individual do alumno, seguirase igualmente coma no ensino presencial, entregando todas as súas tarefas, obrigatorias ou voluntarias a través da AV ou correo electrónico

Neste apartado do traballo diario:

- O recollido a través da observación directa (participación activa nas distintas sesións: preguntas, atención, aportación de ideas, realización de tarefas...) quedará por unha banda limitado as sesións de videochamadas que se puidesen realizar; por outra banda, a AV permite comprobar a actividade e participación do alumnado na materia
- a recollida de tarefas, de carácter obrigatorio ou voluntario, farase integramente a través do correo ou da AV: exercicios dos boletíns propostos ao final de cada unidade, informes de prácticas; pero non se levarán a cabo controis telemáticamente

As probas escritas en este modelo de ensino realizaranse telematicamente: marcaranse as datas das probas, igual ao modelo presencial, e ademais a hora de inicio (recepción da proba a través de AV ou correo) e unha hora de finalización (para o envío da proba resolta, ben por AV ou correo). Se os medios de alumnado e profesorado o permitan, a proba realizarase con videochamada (CiscoWebex ou outra aplicación), para aclarar posibles dúbidas que puidesen xurdir. De xurdir algún problema que impidise a un alumno a realización da proba escrita, tras previa xustificación, acordarase outra data posible para a realización da proba pendente, nas mesmas condicións.

As tarefas que se avaliaran como traballo diario, marcaranse con tempo suficiente de entrega para que o alumnado poida facelas e entregalas; neste modelo non se levarán a cabo controis, outro dos instrumentos empregados para avaliar o traballo diario.

## 4.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

### Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Para o ensino semipresencial plantéxase exactamente a mesma metodoloxía ca no presencial, agás no referente á realización das probas escritas.

No momento da redacción desta Programación non é posible facer una clase online en tempo real, é dicir, conectar na hora da sesión de clase co alumno ausente a través de aplicación de videochamada; ao longo do presente curso, se isto se consegue, farase, xa que é a mellor maneira de facer ao alumno participe do proceso aínda que non estea presente na aula. Dado que nestes momentos non é posible, a profesora, a través da AV do grupo, exporá diariamente as tarefas desenvolvidas na clase (tanto por profesora como por alumnado), con material de apoio as explicacións presenciais (documentos pdf ou word explicativos, vídeos, prácticas virtuais...). Tras a súa incorporación as clases presenciais o alumno presentará as súas dúbidas á profesora, que aclarará de ser necesario.

As tarefas de carácter obrigatorio e voluntario que tivese que presentar o alumnado en reximen semipresencial, serán remitidas a traves da AV ou de correo electrónico á profesora

Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba despois da súa incorporación ao ensino presencial, tras a resolución de dúbidas.

Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, faríase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificada, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

## 5. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

### Materiais e recursos didácticos (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Para o desenvolvemento do currículo e os contidos e procedementos nel sinalados a profesora seguirá o libro de texto proposto para este curso e materia, " Física y Química de 4º ESO.- Serie Investiga" de Editorial Santillana, o cal recolle as 12 unidades didácticas indicadas no apartado 6.1, desenvolvendo todos os contidos e procedementos recollidos no currículo . Ao final de cada unidade adxúntanse as correspondentes propostas de exercicios, onde se recollen cuestións teóricas e problemas. O libro de texto conta tamén cunha recopilación de exercicios resoltos en cada unidade , que servirán como base ao alumnado para resolver exercicios similares

O libro de texto será un recurso común empregado nas tres modalidades de ensino,e serán postos a disposición do alumnado mediante a súa publicación na AV do centro as explicacións pertencentes a cada contido explicacdo así como os exercicios resoltos, a que o alumnado accederá a través do curso 4º ESO-F.Q.; como hai dous grupos de 4º, cada grupo terá o seu curso na aula virtual. Neste curso da **AV do ies** será o lugar onde se publiquen os **recursos** a empregar tanto no **ensino presencial, semipresencial como telemático**: nos cursos de Física e Química para 4º de ESO iranse anotando a actividade diaria de cada sesión, as explicacións teóricas, os exercicios resoltos, todo o feito na clase; de ser preciso ,tamén se publicarán explicacións máis exhaustivas e de reforzo ou ampliación de contidos ( documentos pdf ou vídeos ou imaxes),e prácticas de laboratorio ( virtuais ou maxistras, a través de vídeos).

A través da AV tamén se marcarán as datas de entrega de tarefas , así como a traves do correo electronico. Estes recursos permitirá tamén a aclaración de dúbidas e seguimento da actividade do alumnado en **rexime telemático e semipresencial**.

**No ensino presencial**, contarase con máis recursos. As sesións desenvolveranse nas aulas de referencia, contando con pizarra dixital, cañón,e pizarra de xiz. Para o desenvolvemento de prácticas maxistras o profesor levará á aula o material ou montaxe precisa dada a actual situación sanitaria; para evitar o movemento de material fora do laboratorio de Química, empregaranse tamén aplicacións virtuais que permitan a realización virtual das prácticas ou ben videos explicativos do desenvolvemento das mesmas. Todo este material será publicado na AV para o accseo do alumnado en rexime semipresencial ou no ensino telemático.

O alumnado precisará para desenvolver o seu traballo de calculadora científica.

No caso de ter que desenvolver un **ensino telemático** por mor dun confinamento, a profesora fará chegar ao alumnado as súas explicacións e desenvolverá a metodoloxía xa indicada empregando, como xa se mencionou a AV do centro e conectando , de ser posible, co alumnado a través de aplicacións como Cisco Webex ou similares, co fin de buscar a interacción máis directa profesor-alumno . Este recurso vai depender da posibilidade de medios e/ou conexión tanto do alumnado coma do profesor.

## 6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

### 6.1 Criterios de avaliación

A avaliación do alumnado constará de varias partes:

**1º.- Avaliación inicial** . Nas primeiras semanas de clase levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado para coñecer cal é o punto de partida, sobre todo tendo en conta a situación de confinamento e ensino telemático que se viviron desde o 13 de marzo do pasado curso académico. Por medio da Memoria do curso 19-20, a profesora coñece cales foron os contidos impartidos e non impartidos na materia de 3º de ESO; co cal a avaliación inicial estará baseada nestes coñecementos impartidos antes do confinamento. En calquera caso, esta avaliación estará exentas de cualificación; servirá unicamente para que o profesor teña información do punto de partida dos seus alumnos..

**2º.-Avaliación continua**. O alumnado será avaliado de maneira continua, intentarase que sexa diariamente, para analizar a evolución da súa aprendizaxe ao longo das diferentes unidades didácticas que se vaian desenvolvendo. Para esta avaliación o profesorado contará con diversos procedementos e instrumentos, a través dos cales o profesor poderá avaliar o **traballo diario do alumno**, saber como desenvolve destrezas e aplica novos coñecementos. Todos os instrumentos empregados serán deseñados polo profesorado co fin de que recollan os EA a acadar en cada unidade. Dentro desta avaliación continua, tamén se realizarán **probos escritos** que recollerán información sobre o avance do alumno a máis longo prazo. Estas probas tamén estarán deseñadas de tal xeito que recollan os EA indicados para cada unidade. Realizaranse 2 probas parciais escritas por trimestre . As probas constarán de exercicios do mesmo tipo dos feitos na clase, de todo tipo – cuestións teóricas de resposta curta, de desenvolvemento, resolución de cuestións prácticas curtas, de problemas- Trátase de recoller a través das probas todos os EA traballados, e que calquera alumno que traballe a materia sexa capaz de acadar o grao mínimo esixible.

**3º.- Avaliación final**. Esta parte refírese a *avaliación parcial de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes: parte A, referente as probas escritas; e parte B, referida ao traballo diario

#### Avaliacións parciais (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

**Ensino presencial:** Esta parte refírese a *avaliación de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes:

- **Parte A, referente as probas escritas:** A nota desta parte será a media ponderada das notas das probas escritas, realizaranse dúas probas escritas por trimestre.
- **Parte B, referida ao traballo diario:** A nota desta parte será a media de todas as notas acadadas polo alumno no seu traballo diario de todo o trimestre e recollidas no caderno do profesor ( chamadas de clase, controis, tarefas obrigatorias recollidas, prácticas, participación ...).

Esta nota de traballo diario poderase incrementar coa entrega de tarefas de carácter voluntario. Terase en conta a puntualidade na entrega das tarefas de carácter obrigatorio, para as cales se porá límite de entrega; fora de prazo as tarefas non serán cualificadas

Con respecto as probas escritas, terase en conta a caligrafía, presentación e ortografía :

A falta de asistencia a unha proba escrita – marcadas de antemán con suficiente antelación – deberá ser xustificada correctamente e en prazo para poder realizala con posterioridade noutra data acordada polo alumno e profesor; de non ser así, non se realizará a proba

Se o profesor se decata de que un alumno está a copiar nunha proba escrita, considerarase unha falta grave.

A nota parcial de avaliación , como se dixo anteriormente será a suma da parte A e B. Esta nota poderase baixar se o alumno ten faltas de orde

Nestes casos os alumnos realizarán unha **proba de recuperación**, unha vez rematada a avaliación, que será en 2º de bacharelato , a proba trimestral

Neste apartado incluírase a avaliación do alumnado con absentismo escolar. Casos particulares:

- Cando un alumno *falte de xeito xustificado* a unha proba de avaliación, o profesor determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes á devandita proba, procurando sempre facilitar a reincorporación do alumno ao ritmo normal da clase. Noutras palabras, o profesor decidirá que procedemento de avaliación é o mellor para garantir a continuidade da avaliación do alumno: pódese avaliar ao alumno cunha proba semellante á que realizaron os seus compañeiros; pódese arbitrar un procedemento de avaliación distinto para os mesmos estándares ou ben pódese considerar máis axeitado unificar o contido da proba realizada co de outro instrumento de avaliación previsto para máis adiante.
- Cando un alumno *falte de xeito inxustificado* a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado. Continuarase co proceso de avaliación según o establecido na programación.
- No caso de que un alumno *falte durante unha temporada longa e perda varias probas de avaliación*, o titor encargarase de coordinar a temporalización destas probas coa xunta de avaliación, para evitar a coincidencia de moitas delas no mesmo día.

No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ao centro ou por unha ausencia longa), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, o profesor aplicará un procedemento de avaliación extraordinario , co fin de que o alumno poda demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o titor coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación."

**Ensino semipresencial:** Os criterios de avaliación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial, atendendo as concrecións metodolóxicas que para o ensino semipresencial se expuxeron no apartado 6.3, concretamente no referente as probas escritas: " Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba, tras a resolución de dúbidas. Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, fariase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificad, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

**Ensino telemático:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial:

- **Parte A, referente as probas escritas:** A nota desta parte será a media ponderada das notas das probas escritas, realizaranse dúas probas escritas por trimestre. A data e hora de realización destas probas será comunicada ao alumnado con suficiente antelación na AV; na data e hora indicadas os alumnos disporán do tempo que se lles indique para a recepción, realización e envío da proba resolta , ben a través de AV ou correo electrónico; se os medios disponibles nese momento son suficientes, a proba realizarase estando conectados a través de vídeo chamada

- **Parte B, referida ao traballo diario:** A nota desta parte será a media de todas as notas acadadas polo alumno no seu traballo diario de todo o trimestre e recollidas no caderno do profesor ( tarefas obrigatorias recollidas, prácticas, participación a través da AV...).

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación, que será a proba trimestral correspondente a esa avaliación, ao rematar a avaliación; nesta situación , a recuperación realizaríase tamén telematicamente ,na data e hora marcadas polo profesor e publicada na AV.

#### **Avaliación final (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

A nota da **avaliación ordinaria de xuño**, é dicir, a avaliación final , resultará da media aritmética das tres avaliacións trimestrais ou parciais.**Este criterio será o mesmo nas tres modalidades de ensino, presencial, semipresencial e telemático.** Ningún alumno poderá ter unha cualificación positiva en maio con algunha avaliación trimestral suspensa.

**Avaliación extraordinaria (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

Tanto para o ensino presencial como semipresencial, como telemático, os alumnos que non acaden cualificación positiva en xuño someteranse á **avaliación extraordinaria de setembro**. As probas extraordinarias estarán deseñadas recollendo o grao mínimo de consecución dos EA marcados durante o curso.

No ensino semipresencial e telemático, se o alumno ten que realizar a proba extraordinaria de setembro, comunicáraselle con suficiente antelación a data e hora de realización da proba. Contará con tempo suficiente para a recepción, realización e envío da proba resolta, a cal será enviada a través de AV ou correo electrónico; se os medios disponibles son suficiente, tentarse a conexión a través de videochamada durante a realización da proba.

**6.2 Criterios de cualificación****Criterios de cualificación (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

**Ensinso presencial:** Esta parte refírese a *avaliación de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes:

- **Parte A, referente as probas escritas: 70 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso unha nota mínima de 3
- **Parte B, referida ao traballo diario: 30 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso acadar como mínimo 1 punto, dos 3 posibles.

Esta nota de traballo diario poderase incrementar en 0.1 puntos como máximo por tarefa entregada de carácter voluntario. Terase en conta a puntualidade na entrega das tarefas de carácter obrigatorio, para as cales se porá límite de entrega; fora de prazo as tarefas non serán cualificadas e constará como nota da mesma 0

Con respecto as probas escritas, terase en conta a caligrafía, presentación e ortografía :

- por mala presentación e caligrafía, baixárase 0.25 puntos na cualificación global da proba
- por cada 10 faltas de ortografía baixárase 0.25 puntos na cualificación global da proba
- por cada 10 tildes baixárase 0.1 puntos na cualificación global da proba

A falta de asistencia a unha proba escrita – marcadas de antemán con suficiente antelación – deberá ser xustificada correctamente e en prazo para poder realizala con posterioridade noutra data acordada polo alumno e profesor; de non ser así, non se realizará a proba e a nota na mesma será 0.

Se o profesor se decata de que un alumno está a copiar nunha proba escrita, retiráraselle a proba e será cualificada con nota 0, xa que considerárase unha falta grave.

A nota parcial de avaliación , como se dixo anteriormente será a suma da parte A e B. Esta nota poderase baixar se o alumno ten faltas de orde: - 0.1 por falta leve; - 0.5 por falta grave. .

Se a nota parcial de avaliación é igual ou superior a 5, a avaliación estará aprobada; se a nota é inferior a 5, estará suspensa.

Nestes casos os alumnos realizarán unha **proba de recuperación**, unha vez rematada a avaliación. Nesa proba o alumno deberá acadar o grao mínimo de consecución dos EA. Se a nota desta recuperación está entre 5-7, constará como nota de avaliación un 5; se a nota da recuperación é superior a 7, a nota que constará como avaliación recuperada será de 6.

**Ensino semipresencial:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial e tendo en conta as concrecións metodolóxicas que para o ensino semipresencial se expuxeron no apartado 6.3, concretamente no referente as probas escritas: “ Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba, tras a resolución de dúbidas. Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, faríase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificada, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, ao rematar a avaliación; nesta situación de semipresencialidade, a recuperación realizaríase tras a incorporación do alumno e previo acordo co profesor sobre a data.

**Ensino telemático:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial, variando as porcentaxes das partes A e B:

- **Parte A, referente as probas escritas: 60 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso unha nota mínima de 3.
- **Parte B, referida ao traballo diario: 40 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso acadar como mínimo 1 punto, dos 3 posibles.

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación; nesta situación, a recuperación realizaríase tamén telematicamente, na data e hora marcadas polo profesor e publicada na AV; tentarase, se os medios o permiten a conexión por videochamada durante a proba.

### 6.3 Criterios de promoción

#### Criterios de promoción (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Nas tres modalidades de ensino - presencial, semipresencial e telemático- promoverá aquel alumno que habendo superado a materia por avaliacións parciais – nota de 5 ou superior-, ou superando as correspondentes recuperacións. acade nota igual ou superior a 5 nas avaliacións ordinaria de xuño, ou no seu defecto, na extraordinaria de setembro.

## 7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Ademais de realizar a avaliación do alumnado, é imprescindible levar a cabo unha avaliación do propio proceso de ensinanza-aprendizaxe, da práctica docente e desta programación didáctica para analizar todos estes puntos se forma crítica e poder mellorar así a calidade do proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		

6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os		

traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

## 8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na ESO, as materias son de contido progresivo polo que a súa superación nun curso supón a superación da materia do curso anterior se estivese pendente.

Ademais da avaliación continua correspondente ao curso no que se está matriculado, realizarase outra avaliación continua particular para a materia pendente, avaliación que será independente da anterior. A superación de esta avaliación continua particular suporá o aprobado da materia pendente.

Para o presente curso 2020-2021 o departamento de Física e Química elabora un plan de seguimento e avaliación dos alumnos coa materia de Física e Química pendente de 2º e 3º ESO, plan do que se encargará a xefa de departamento, M<sup>a</sup> Eugenia Blanco Gómez..

Neste curso hay dous alumnos de 3º de ESO coa Física e Química de 2º ESO pendente e catro alumnos de 4º de ESO coa Física e Química de 3º ESO pendente.

O plan de seguimento e avaliación será o mesmo en ambos casos. Os alumnos coa materia pendente serán avaliados das unidades didácticas que foran impartidas no curso anterior, as cales están recollidas nas actas de reunión do departamento do curso 2018-2019 e na memoria final dese curso académico; neste curso ademais terase en conta que parte dos contidos recollidos nas programacións do pasado curso non foron impartidos, tanto en 2º coma en 3º de ESO; os alumnos, lóxicamente, non serán avaliados dos contidos non impartidos.

Para facilitar a recuperación das materias, farase un reparto das unidades didácticas por trimestre. Convocarase a todos os alumnos coa materia pendente para informalos do plan de seguimento e avaliación; asemade, proporcionaráselles unha serie de actividades de repaso das distintas unidades vistas no curso pasado, as cales se recollerán nas datas marcadas polo centro no calendario de inicio de curso para ser corrixiadas e cualificadas. A avaliación deste traballo do alumnado pendente, permitirá asignar una cualificación na avaliación trimestral correspondente a dita materia pendente..

No caso dos pendentes de 4º Eso, para a preparación da materia pendente de 3º utilizarán o libro de texto de 3º ESO (o alumnado que non dispoña del, o centro prestaralle o libro durante o actual curso); o alumnado de 3º eso coa materia de 2º pendente, non dispoñan de libro de texto o ano pasado xa que traballan con Edixgal, co cal serán matriculados nin curso da AV do centro, Pendentes-2º ESO, no que dispoñan de dos apuntamentos do ano pasado, co fin de poder preparar a materia pendente.

Co fin de facilitar a superación da materia pendente, marcaranse tres probas parciais coa intención de non interferir nas avaliacións trimestrais. A avaliación de cada parcial incluír a cualificación das actividades entregadas (será obrigatoria a entrega das actividades trimestrais), que suporá o 30 % da nota, e a cualificación da propia proba escrita, que suporá o 70% restante. Se a avaliación da cada parcial é igual a 5 e inferior a 7, o parcial estará superado con nota de 5; se a avaliación da cada parcial é igual ou superior a 7, o parcial estará superado con nota de 6

A materia quedará aprobada se o alumno supera as avaliacións parciais. Se non superase algún deles ou ningún ou non entregase as actividades, o alumno presentarse a unha proba global de pendentes no mes de maio, cuxa data de realización será marcada pola dirección do centro.

Neste apartado de alumnos con materia pendente sinalar que:

- un alumno de 3º de ESO coa Física e Química de 2º ESO pendente, terá a materia pendente aprobada si supera a de 3º ESO
- un alumno de 4º de ESO coa Física e Química de 3º ESO pendente, terá a materia pendente aprobada si supera a de 4º ESO

Tendo en conta que este alumnado tamén se pode atopar en réxime de semipresencialidade ou, incluso, en telemático, o plan de seguimento será o mesmo, agás:

- se o alumno se atopa en réxime de semipresencialidade, entregará as súas tarefas, cumprindo prazos de entrega, a través da AV ou de correo electrónico; se na súa ausencia estivese marcada algunha proba parcial escrita, este alumno realizará a proba tras a súa incorporación, previo acordo coa xefa de departamento.

- se a situación do alumnado pendente é de ensino telemático, manterase o mesmo plan de pendentes, pero as tarefas serán entregadas via AV ou correo electrónico, en prazo; e neste caso, as probas, parciais ou finais, si serían telemáticas: a data e hora de inicio serían indicadas con suficiente antelación a través da AV e/ou correo, no aviso indicárase a data e hora de inicio, o tempo de realización da proba e hora de entrega a través da AV ou correo electrónico. Se os medios o permitían, levarase a cabo conexión por videochamada durante a proba.

## 9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial
<p>En 4º de ESO nas primeiras semanas do curso, como xa se expuxo anteriormente, levarase a cabo a avaliación inicial do alumnado, a través da observación directa e o traballo diario desenvolvido, así como tomando como punto de partida os contidos impartidos no curso de 3º de ESO na materia de Física e Química, segundo consta na Memoria Anual do curso 2019-2020. Nas semanas os alumnos realizarán unha proba escrita de avaliación inicial que recolla os contidos mínimos impartidos en 3º ESO, co fin de avaliar as súas aprendizaxes adquiridas e non adquiridas, que determinen o punto de partida na materia de 4º ESO e indique que aprendizaxes haberá que corrixir ou reforzar para o desenvolvemento da materia en 4º ESO.</p> <p>Esta proba non será cualificada con cualificación numérica, nin formará parte da avaliación parcial do alumnado de 4º ESO na 1ª avaliación.</p> <p>No mes de outubro levaranse a cabo as correspondentes sesións de avaliación inicial no centro, nas que se informará dos resultados dos alumnos e o profesorado e o departamento de orientación intercambiarán datos de interese académico sobre cada alumno, co fin de coñecer a súa situación académica ao inicio do presente curso e, de ser necesario, tomar as medidas de atención á diversidade necesarias.</p>
Medidas individuais e colectivas
<p>No mes de outubro levaranse a cabo as correspondentes sesións de avaliación inicial no centro, nas que se informará dos resultados dos alumnos e o profesorado e o departamento de orientación intercambiarán datos de interese académico sobre cada alumno, co fin de coñecer a súa situación académica ao inicio do presente curso e, de ser necesario, tomar as medidas de atención á diversidade necesarias.</p> <p>A nivel individual non se tomará ningunha medida, agás que nas sesións de avaliación inicial se indique alguna medida especial para alumnado con nee. A nivel colectivo, tal e como se sinala nas instrucións de inicio de curso, retómaranse os contidos non impartidos na Física e Química de 3º de ESO, nesta materia e curso; farase ao longo do curso, xa que parte destes contidos do curso anterior corresponden á parte de Química, pola que se empeza en 4º ESO, e outros pertencen á parte de Física.</p>

## 10. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade
<p>En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.</p> <p>Terase en conta os distintos ritmos de aprendizaxes, propondo actividades de reforzo para aqueles alumnos cun ritmo máis lento, e de ampliación para aqueles que teñan un ritmo maior ou máis facilidade.</p> <p>Tras as primeiras semana de curso 20-21 e tras falar co departamento de orientación e levar a cabo as sesións de avaliación inicial, tomaranse medidas concretas de atención a determinados alumnos que presentan dificultades concretas (déficit de atención e TDAH) e alumnos que en cursos inferiores da ESO tivesen reforzo educativo). Estas medidas axustaranse aos protocolos establecidos para este tipo de alumnado, tomando aquelas que mellor se axeniten ao alumnado: estes</p>

alumnos situaranse próximos á pizarra e á mesa do profesor, co fin de captar a súa atención e que non se dispersen; co mesmo fin, procurárase alternar na mesma sesión explicación e traballo individual, exercicios orais e/ou escritos, procurando que non sexan tarefas largas que poidan dispersar a atención do alumnado.

Para a realización de probas escritas, cando se detecte que o alumno o precisa, nestas cada exercicio a resolver irá nunha carilla, con letra de maior tamaño y marcando en negra as preguntas ou palabras importantes nas que o alumnado deberá fixarse para a súa resolución

Neste curso 20-21 o número de alumnos en Física e Química de 4º ESO é inferior a 20 alumnos nos dous grupos, o que facilitará o seguimento diario da aprendizaxe do alumnado; o profesor tratará de analizar os seus progresos e corrixi-los as súas deficiencias diariamente, desenvolvendo actividades orais (observación e avaliación directas) e tamén escritas (recollidas a través da AV ou correo electrónico para a súa avaliación, e posteriormente entregadas ao alumnado para analizar e corrixi-los posibles erros). Este tipo de medidas serán tomadas no ensino presencial.

No ensino semipresencial e telemático as medidas de atención á diversidade estarán dirixidas a controlar máis frecuentemente e facer un seguimento máis marcado a aqueles alumnos que presenten dificultades, a través da AV ou do correo electrónico, aportando actividades de reforzo para afianzar aprendizaxes.

## 11. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

### Elementos transversais que se traballarán

Na materia de Física e Química de 1º de bacharelato inclúense os seguintes elementos transversais: a **comprensión lectora** (CL), a **expresión oral y escrita** (COE), a **comunicación audiovisual** (CA), as **tecnoloxías da información e da comunicación**, (TIC) o **emprendemento** (E) e la **educación cívica e constitucional** (ECC). Ben é certo que pola propia natureza da materia e a metodoloxía a desenvolver, os elementos que máis estarán presentes serán CL, COE, CA, TIC e E.

Sen embargo, a través das distintas unidades didácticas a desenvolver nesta materia fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes y mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Tamén promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, así como dos valores que sustentan a igualdade, a paz, o respecto aos dereitos humanos así como a prevención de calquera tipo de violencia. Evítanse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Co desenvolvemento desta programación fomentárase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa no traballo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

## 12. Actividades complementarias e extraescolares

### Actividades complementarias e extraescolares

Nas datas en que se deseña a presente Programación Didáctica, este departamento non ten marcada a realización ningunha actividade complementaria, dada a actual situación sanitaria derivada pola pandemia por Covid-19.

Este departamento está aberto neste presente curso académico á colaboración con outros departamentos para a realización de outras posibles actividades complementarias que poidan resultar de interese para o alumnado, previa aprobación en sesión extraordinaria do consello escolar, e sempre que a situación sanitaria o permita.

### 13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

#### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Para o seguimento das programacións e análise do seu grao de cumprimento, ao remate da cada avaliación parcial cubrirase un modelo de seguimento da programación, proporcionada polo propio centro, e que se mostra a continuación:

#### SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN POR AVALIACIÓN

DEPARTAMENTO					MATERIA/MÓDULO							
Física e Química												
AVALIACIÓN: 1ª <input type="checkbox"/> 2ª <input type="checkbox"/> 3ª <input type="checkbox"/>					CURSO:							
UNIDADES DIDÁCTICAS OU ESTÁNDARES PREVISTOS	Impartíuse totalmente				Impartíuse parcialmente				Non se impartiu			
	A	B	C	D	A	B	C	D	A	B	C	D
CAUSAS DAS MODIFICACIÓNS NA TEMPORALIZACIÓN PREVISTA:												

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁTICA DOCENTE	
1. PLANIFICACIÓN	
Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. A temporalización programada é realista	
2. A secuencia dos contidos segue unha orde pedagóxica.	
3. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos adecuados ás necesidades e os intereses do alumnado.	
4. Coordinase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa disciplina.	
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁTICA DOCENTE	
2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	
Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.	
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).	
3. Relaciona os contidos con aplicacións reais e/ou coa súa funcionalidade.	
4. Informa sobre os progresos alcanzados e as dificultades atopadas.	
5. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.	
6. Promove a reflexión dos temas tratados.	
3. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	
Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...	
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos coñecidos; intercala preguntas aclaratorias, por exemplos...	
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrece asesoría dentro e fóra das clases.	
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.	
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.	
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.	

7. Desenvolve os contidos dunha maneira ordenada e comprensible para os alumnos.	
8. Expón actividades grupais e individuais.	
<b>4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE</b>	
<b>Indicador de logro</b>	<b>Valoración e propostas de mellora</b>
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.	
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.	
3. Corrix e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora da súa aprendizaxe.	
4. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.	
5. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non fosen alcanzados.	
6. Propón actividades para profundar cando os obxectivos fosen alcanzados.	
7. Emprega medios adecuados e suficientes para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.	

Ditos seguimentos serán recollidos pola xefa de departamento e arquivados , co fin de poder ser revisados; así mesmo enviarase copia dos mesmos ao correo do centro ao término de cada avaliación parcial. No modelo de seguimento, como se pode observar, sinalanse as posibles modificacións realizadas na programación deseñada inicialmente , así como as súas causas e como se reaxustará dita programación para conseguir o seu cumprimento

Tamén se fará un seguimento das programacións a través das distintas reunións de departamento, que neste curso os membros levarán a cabo telemáticamente a través da aplicación de Cisco Webex mensualmente.

Ao finalizar o curso , tamén se fai balance do cumprimento da Programación da materia na Memoria anual.

No pasado curso 19-20, a causa da situación sanitaria provocada pola pandemia por Covid-19, a Consellería de Educación solicitou a Modificación das Programacións de cada curso e materia, adaptándoas as circunstancias sobrevidas polo confinamento no terceiro trimestre. De se repetir novamente esta situación, volveranse facer as pertinentes Modificacións , se fosen solicitadas pola Consellería.

# Programación didáctica

## BAC

<b>DEPARTAMENTO</b>	Física e Química	
<b>MATERIA OU ÁMBITO</b>	Física e Química	
<b>CURSO E GRUPOS</b>	1º Bacharelato	
<b>PROFESORADO</b>	M <sup>a</sup> Eugenia Blanco Gómez	
<b>LIBRO DE TEXTO</b>	Física y Química 1º Bacharelato. Serie Investiga Ed. Santillana	
	Ano de implantación	2017-2018

## Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	<b>Introdución e contextualización</b> .....	3
2.	<b>Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación</b> .....	4
3.	<b>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</b> .....	4
4.	<b>Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso</b> .....	10
5.	<b>Concreción de cada estándar de aprendizaxe available:</b> .....	11
6.	<b>Concrecións metodolóxicas</b> .....	24
6.1	Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial.....	40
6.2	Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático.....	41
6.3	Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial .....	42
7.	<b>Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar</b> .....	43
8.	<b>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción</b> .....	44
8.1	Criterios de avaliación.....	44
8.2	Criterios de cualificación .....	45
8.3	Criterios de promoción.....	47
9.	<b>Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente</b> .....	47
10.	<b>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes</b> .....	50
11.	<b>Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato</b> .....	50
12.	<b>Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados</b> .....	50
13.	<b>Medidas de atención á diversidade</b> .....	51
14.	<b>Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda</b> .....	52
15.	<b>Actividades complementarias e extraescolares</b> .....	52
16.	<b>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora</b> .....	52

## 1. Introducción e contextualización

### Introdución xeral

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 24 do RD 1105/2014, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

A esta normativa de carácter xeral engádesse este ano a emanada en relación coa pandemia da COVID 19:

- A Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

- As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinan as liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten mais dificultades.

- A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

- Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

- As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En consecuencia, ademais dos aspectos habituais, ás programacións didácticas terán en conta as aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso 2019-2020 e a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar períodos de docencia presencial, con outros telemáticos ou ben a implantación do ensino semipresencial.

## 2. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación

Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos				
<p>A relación das aprendizaxes que se recollen neste apartado incorporaranse ao currículo para a súa impartición a partir do segundo trimestre, ya que todos os contidos non impartidos de 4º de ESO corresponden á parte de Física, que se comeza a ver en 1º de bacharelato no segundo trimestre, xa que os alumnos precisan de coñecementos matemáticos que non teñen ao principio do curso; estes contidos non impartidos no curso anterior teñen continuidade en 1º de bacharelato, retómanse e prodúzanse, co que serán avaliados como contidos de 1º de bacharelato. Figurarán, cando menos, nos apartados 3 (contribución ás competencias), 4 (contribución aos obxectivos) e 5 (temporalización).</p>				
Bloque 4. O movemento e as forzas				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	▪ B4.1. Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores, para o describir adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.	▪ FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	▪ B4.2. Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea, e xustificar a súa necesidade segundo o tipo de movemento.	▪ FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade. ▪ FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoa o concepto de velocidade instantánea.	▪ CMCCT ▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	▪ B4.3. Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos e circulares.	▪ FQB4.3.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.	▪ CMCCT

▪ f	▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	▪ B4.4. Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional.	▪ FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.	▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	▪ B4.5. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.	▪ FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
▪ f	▪ B4.2. Natureza vectorial das forzas. ▪ B4.3. Leis de Newton. ▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	▪ B4.6. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.	▪ FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	▪ CMCCT
			▪ FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.3. Leis de Newton. ▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	▪ B4.7. Utilizar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.	▪ FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B4.3. Leis de Newton.	▪ B4.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.	▪ FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	▪ CMCCT

	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.8.2. Deducer a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.</li> <li>B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.9. Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.10. Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.10.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Lei da gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Presión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Principios da hidrostática.</li> <li>B4.8. Física da atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>f</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Principios da hidrostática.</li> <li>B4.8. Física da atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.14. Diseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.8. Física da atmosfera.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.15. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
	Bloque 5. A enerxía			

▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Enerxías cinética e potencial. Enerxía mecánica. Principio de conservación.</li> <li>▪ B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.</li> </ul>	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.</li> </ul>	▪ CMCCT
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e identificar as situacións en que se producen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.</li> </ul>	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.</li> </ul>	▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.4. Forzas elásticas. Dinámica do MHS.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.3.1. Determina experimentalmente a constante elástica dun resorte aplicando a lei de Hooke e calcula a frecuencia coa que oscila unha masa coñecida unida a un extremo do citado resorte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión dos informes das practicas virtuais ou vídeos visulaizados propostos polo profesor</li> <li>Revisión de tarefas propostas : problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor</li> <li>Informes de prácticas</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.3.2. Demostra que a aceleración dun movemento harmónico simple (MHS) é proporcional ao desprazamento empregando a ecuación fundamental da dinámica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.3.3. Estima o valor da gravidade facendo un estudo do movemento do péndulo simple.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión dos informes das practicas virtuais ou vídeos visulaizados propostos polo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 9</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>

Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
		profesor • Revisión de tarefas propostas : problemas	• Proba escrita • Boletíns de exercicios da unidade 9 proporcionados polo profesor • Informes de prácticas		
• B7.5. Sistema de dúas partículas. • B7.6. Conservación do momento lineal e impulso mecánico.	• FQB7.4.1. Establece a relación entre impulso mecánico e momento lineal aplicando a segunda lei de Newton.	• Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas	• Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 9 • Proba escrita • Boletíns de exercicios da unidade 9 proporcionados polo profesor •	• si	• 3º trimestre
	• FQB7.4.2. Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.	• Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas	• Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 9 • Proba escrita • Boletíns de exercicios da unidade 9 proporcionados polo profesor •	• si	• 3º trimestre
• B7.7. Dinámica do movemento circular uniforme.	• FQB7.5.1. Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares.	• Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas	• Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10 • Proba escrita • Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor	• si	• 3º trimestre
• B7.8. Leis de Kepler.	• FQB7.6.1. Comproba as leis de Kepler a partir de táboas de datos astronómicos correspondentes ao movemento dalgúns planetas.	• Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas	• Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10 • Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor • Probas escrita	• si	• 3º trimestre
	• FQB7.6.2. Describe o movemento orbital dos planetas do Sistema Solar aplicando as leis de Kepler e extrae conclusións acerca do período orbital destes.	• Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas	• Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10 • Proba escrita • Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor	• si	• 3º trimestre

Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.9. Forzas centrais. Momento dunha forza e momento angular. Conservación do momento angular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.7.1. Aplica a lei de conservación do momento angular ao movemento elíptico dos planetas, relacionando valores do raio orbital e da velocidade en diferentes puntos da órbita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.7.2. Utiliza a lei fundamental da dinámica para explicar o movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias, relacionando o raio e a velocidade orbital coa masa do corpo central.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.10. Lei de gravitación universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.8.1. Expresa a forza da atracción gravitatoria entre dous corpos calquera, coñecidas as variables das que depende, establecendo como inciden os cambios nestas sobre aquela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 12</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 12 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.8.2. Compara o valor da atracción gravitatoria da Terra sobre un corpo na súa superficie coa acción de corpos afastados sobre o mesmo corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 12</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.11. Interacción electrostática: lei de Coulomb.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.9.1. Compara a lei de Newton da gravitación universal e a de Coulomb, e establece diferenzas e semellanzas entre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 12</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 12 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.9.2. Acha a forza neta que un conxunto de cargas exerce sobre unha carga problema utilizando a lei de Coulomb.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 12</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 12 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>

Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> <li>B7.10. Lei de gravitación universal.</li> <li>B7.11. Interacción electrostática: lei de Coulomb.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB7.10.1. Determina as forzas electrostática e gravitatoria entre dúas partículas de carga e masa coñecidas e compara os valores obtidos, extrapolando conclusións ao caso dos electróns e o núcleo dun átomo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
Bloque 8. Enerxía					
<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.1. Enerxía mecánica e traballo.</li> <li>B8.2. Teorema das forzas vivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.1.1. Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.1.2. Relaciona o traballo que realiza unha forza sobre un corpo coa variación da súa enerxía cinética, e determina algunha das magnitudes implicadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 11 e 12</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 11 e 12 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.3. Sistemas conservativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.2.1. Clasifica en conservativas e non conservativas, as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións enerxéticas que se producen e a súa relación co traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 11 e 12</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 11 e 12 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.4. Enerxía cinética e potencial do movemento harmónico simple.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.3.1. Estima a enerxía almacenada nun resorte en función da elongación, coñecida a súa constante elástica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.3.2. Calcula as enerxías cinética, potencial e mecánica dun oscilador harmónico aplicando o principio de conservación da enerxía e realiza a representación gráfica correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 10</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 10 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>

Contidos	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimo esixible	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.5. Diferenza de potencial eléctrico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.4.1. Asocia o traballo necesario para trasladar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico coa diferenza de potencial existente entre eles permitindo a determinación da enerxía implicada no proceso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión de tarefas propostas : cuestións teóricas e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios cuestións teóricas e problemas do libro de texto unidade 12</li> <li>Proba escrita</li> <li>Boletíns de exercicios da unidade 12 proporcionados polo profesor</li> </ul>	si	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º trimestre</li> </ul>

## 5. Concrecións metodolóxicas

### 5.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

#### Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

Desenvolverase una metodoloxía didáctica a través da cal se consiga unha aprendizaxe **constructivista, significativa, autónoma e activa** por parte do alumnado. A través da metodoloxía a desenvolver, pretenderase que o alumnado sexa o protagonista principal do proceso de ensinanza- aprendizaxe, especialmente no ensino telemático e semipresencial, sendo o profesor e o resto de elementos que interveñen no proceso, secundarios o que non significa prescindibles. O profesor, xunto co material e recursos dos que disporá o alumnado, serán elementos que guiarán e axudarán , nalgúns casos reorientarán, neste proceso de aprendizaxe, onde será imprescindible a **participación activa** do alumnado.

Desenvolverase una metodoloxía na que se intentará potenciar ao máximo a **autonomía** do alumnado. Falar de autonomía do alumnado, en ningún momento implica que o profesor sexa mero observador. O profesor marcará o inicio do proceso de aprendizaxe, dará pautas, ideas, estratexias para o proceso de aprendizaxe e guiará en todo momento estas aprendizaxes. En todo momento o profesor intentará que o alumnado sexa suxeito **activo** no proceso, tanto no inicio, como no desenvolvemento das distintas unidades. Tratarase de que haxa unha comunicación omnidireccional: alumno-profesor e profesor-alumno. De xeito que non só se potencia a aprendizaxe individual senón tamén o intercambio de ideas e procedementos que permitan conseguir aprendizaxes máis **significativas e constructivistas**.

Para desenvolver esta metodoloxía a profesora seguirá máis o menos sempre a mesmo esquema:

- 1º - sesión de introducción á unidade didáctica, na que a profesora presentará os contidos principais do tema, establecendo relación entre estes e os xa coñecidos polo alumnado
- 2º - sesións de desenvolvemento e explicación de contidos e procedementos novos , nas que a profesora dirixirá o proceso de aprendizaxe pero interactuará co alumnado a través de preguntas, exercicios e cuestións teóricas orais, buscando a participación activa do alumnado
- 3º - sesión de realización de cuestións teóricas e problemas, para aplicar os contidos e procedementos explicados con anterioridade; inicialmente a profesora resolverá exercicios modelo, que logo , a través dos exercicios propostos, o alumnado realizará de xeito individual, fomentando a súa autonomía.  
Os puntos 2º e 3º combinaranse co fin de que o alumnado non sexa mero oínte e espectador en varias sesións de explicación, e poda participar nas sesión coa resolución de exercicios , ben teóricos ou prácticos.
- 4º - sesión de explicación e realización , de xeito maxistral ou ben a través de prácticas virtuais, de prácticas relacionadas coa unidade didáctica , co fin de aplicar as aprendizaxes adquiridas

Para o desenvolvemento desta metodoloxía a profesora seguirá o libro de texto proposto para esta materia (Física y Química 1º Bachillerato. Serie Investiga da Editorial Santillana) , no que se desenvolven os contidos curriculares antes expostos en 13 unidades didácticas, seguindo o currículo, e aportando ao final de cada unidade un resumo de ideas básicas, unha proposta de exercicios teóricos e problemas, outra proposta de exercicios resoltos, que servirán ao alumnado de guía para o desenvolvemento das distintas actividades ; e ademais explicacións de prácticas de laboratorio. Ao remate de cada unidade, se procede, levaranse a cabo as correspondentes prácticas de laboratorio, que este curso serán realizadas de xeito maxistral polo profesor ou mediante o emprego de simuladores, dada a actual situación sanitaria que recomenda a mínima manipulación posible por parte de todos.

Ao remate de cada unidade, adicaranse unha ou dúas sesións para reforzar contidos e procedementos, así como para o plantexamento de dúbidas, antes de pasar á unidade seguinte.

Os contidos curriculares expostos no punto 4, desenvólense en 13 unidades didácticas:

- UNIDADE 0: A medida
- UNIDADE 1: Identificación de sustancias
- UNIDADE 2: Os gases
- UNIDADE 3: Disolucións
- UNIDADE 4: Reaccións químicas
- UNIDADE 5: Termodinámica química
- UNIDADE 6: Química do carbono
- UNIDADE 7: O movemento
- UNIDADE 8: Tipos de movementos
- UNIDADE 9. As forzas
- UNIDADE 10: Dinámica
- UNIDADE 11: Traballo e enerxía
- UNIDADE 12: Forzas e enerxía

As unidades están ordeadas e encadeadas segundo os contidos curriculares e bloques que se indican no punto 4, de xeito que se van relacionando cada unidade coas anteriores na parte de Química e na parte de Física, co fin de que a medida que se avance o alumnado vaia globalizando coñecementos. A partir da unidade 7, inclúense os contidos non impartidos na Física e Química de 4º de ESO referentes todos eles á parte de Física.

Neste proceso o **traballo diario** do alumnado será avaliado e cualificado:

- A través da observación directa: participación activa nas distintas sesións (preguntas, atención, aportación de ideas, realización de tarefas..)
- A través da recollida de tarefas, de carácter obrigatorio ou voluntario, normalmente a través do correo ou da AV, xa que o alumnado de 1º de bacharelato estará matriculado no curso 1º Bac-FQ da AV do centro: exercicios propostos ao final de cada unidade, boletíns de reforzo dados pola profesora, controis, informes de prácticas)

Será un apartado da súa nota de cada avaliación, e unha parte importante do proceso de aprendizaxe, onde se detectarán os progresos e se atallarán posibles erros, para a súa rectificación

Terase en conta os distintos ritmos de aprendizaxes, propondo actividades de reforzo para aqueles alumnos cun ritmo máis lento, e de ampliación para aqueles que teñan un ritmo maior ou máis facilidade..

A outra parte do proceso será a avaliación parcial das aprendizaxes a través de probas escritas, co fin de globalizar coñecementos. Da cualificación destas probas, extraerase a segunda parte da nota de cada avaliación parcial.

## 5.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

### Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

Preténdese aplicar a mesma base metodolóxica no ensino temático que no presencial, partindo da base de que non haberá "presencialidade". É dicir, desenvolverase una metodoloxía didáctica a través da cal se consiga unha aprendizaxe constructivista, significativa, autónoma e activa por parte do alumnado, do mesmo xeito que se expuxo no apartado anterior do ensino presencial, pero neste caso a autonomía e actividade do alumno serán determinantes.

Os contidos curriculares expostos no punto 4, desenvólense en 13 unidades didácticas, igualmente que no apartado anterior. Para desenvolver esta metodoloxía a profesora seguirá máis ou menos sempre a mesmo esquema, de 4 puntos, os indicados no apartado do ensino presencial; a diferenza estará nos medios empregados para o desenvolvemento desta metodoloxía:

- Os puntos 1º e 2º referentes a introdución a cada unidade e explicación de contidos e procedementos, serán remitidos ao alumnado a través de documento pdf ou vídeo a través da AV do centro; cando sexa posible, en función da dispoñibilidade de medios e/ou conexión do alumnado e profesorado, desenvolveranse estes puntos a través da aplicación Cisco Webex ou calquera outra ( Meet, por exemplo) que permita a interacción entre o profesor e o alumnado en tempo real para a aclaración de contidos e/ou procedementos que non quedasen suficientemente claros a través de lectura de documentos ou visualización de vídeos

- O punto 3º referente ao traballo individual do alumno, seguirase igualmente coma no ensino presencial, entregando todas as súas tarefas, obrigatorias ou voluntarias a través da AV ou correo electrónico

Neste apartado do traballo diario:

- O recollido a través da observación directa ( participación activa nas distintas sesións : preguntas, atención, aportación de ideas, realización de tarefas..) quedará por unha banda limitado as sesións de videochamadas que se puidesen realizar; por outra banda, a AV permite comprobar a actividade e participación do alumnado na materia
- a recollida de tarefas, de carácter obrigatorio ou voluntario, farase integramente a través do correo ou da AV : exercicios dos boletíns propostos ao final de cada unidade, informes de prácticas; pero non se levarán a cabo controis telemáticamente

As probas escritas en este modelo de ensino realizaranse telemáticamente: marcaranse as datas das probas, igual ao modelo presencial, e ademais a hora de inicio ( recepción da proba a través de AV ou correo) e unha hora de finalización ( para o envío da proba resolta, ben por AV ou correo). Se os medios de alumnado e profesorado o permiten, a proba realizarase con videochamada ( CiscoWebex ou outra aplicación), para aclarar posibles dúbidas que puidesen xurdir. De xurdir algún problema que impidise a un alumno a realización da proba escrita, tras previa xustificación, acordarase outra data posible para a realización da proba pendente, nas mesmas condicións.

As tarefas que se avaliaran como traballo diario, marcaranse con tempo suficiente de entrega para que o alumnado poida facelas e entregalas; neste modelo non se levarán a cabo controis, outro dos instrumentos empregados para avaliar o traballo diario.

### 5.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

#### Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Para o ensino semipresencial plantéxase exactamente a mesma metodoloxía ca no presencial, agás no referente á realización das probas escritas.

No momento da redacción desta Programación non é posible facer una clase online en tempo real, é dicir, conectar na hora da sesión de clase co alumno ausente a través de aplicación de videochamada; ao longo do presente curso, se isto se consegue, farase, xa que é a mellor maneira de facer ao alumno participe do proceso aínda que non estea presente na aula. Dado que nestes momentos non é posible, a profesora, a través da AV do grupo, exporá diariamente as tarefas desenvolvidas na clase ( tanto por profesora como por alumnado), con material de apoio as explicacións presenciais ( documentos pdf ou word explicativos, vídeos, prácticas virtuais...). Tras a súa incorporación as clases presenciais o alumno presentará as súas dúbidas á profesora, que aclarará de ser necesario.

As tarefas de carácter obrigatorio e voluntario que tivese que presentar o alumnado en reximen semipresencial, serán remitidas a través da AV ou de correo electrónico á profesora

Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telemáticamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba despois da súa incorporación ao ensino presencial, tras a resolución de dúbidas.

Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, faríase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería

revisada e rectificada, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

## 6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

### Materiais e recursos didácticos (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Para o desenvolvemento do currículo e os contidos e procedementos nel sinalados a profesora seguirá o libro de texto proposto para este curso e materia, " Física y Química de 1º de Bac.- Serie Investiga" de Editorial Santillana, o cal recolle as 13 unidades didácticas indicadas no apartado 6.1, desenvolvendo todos os contidos e procedementos recollidos no currículo , así como algunhas prácticas recomendadas para cada unidade. Ao final de cada unidade adxúntanse tamén resumos das ideas básicas de cada unidade e as correspondentes propostas de exercicios, onde se recollen cuestións teóricas e problemas. O libro de texto conta tamén cunha recopilación de exercicios resoltos en cada unidade , que servirán como base ao alumnado para resolver exercicios similares

O libro de texto será un recurso común empregado nas tres modalidades de ensino,e serán postos a disposición do alumnado mediante a súa publicación na AV do centro as explicacións pertencentes a cada contido explicacdo así como os exercicios resoltos, a que o alumnado accederá a través do curso 1º Bac-F.Q. Neste curso da **AV do ies** será o lugar onde se publiquen os **recursos** a empregar tanto no **ensino presencial, semipresencial como telemático**: no curso de Física e Química de 1º de bacharelato iranse anotando a actividade diaria de cada sesión, as explicacións teóricas, os exercicios resoltos, todo o feito na clase; de ser preciso ,tamén se publicarán explicacións máis exhaustivas e de reforzo ou ampliación de contidos ( documentos pdf ou vídeos ou imaxes),e prácticas de laboratorio ( virtuais ou maxistrais, a través de vídeos).

A través da AV tamén se maracarán as datas de entrega de tarefas , así como a traves do correo electronico. Estes recursos permitirá tamén a aclaración de dúbidas e seguimento da actividade do alumnado en **réxime telemático e semipresencial**.

**No ensino presencial**, contarase con máis recursos. As sesións desenvolveranse na aula de referencia deste grupo,antiga Biblioteca do centro habilitada como aula, contando con pantalla, cañón, pizarra branca. Para o desenvolvemento de prácticas maxistrais o profesor levará á aula o material ou montaxe precisa dada a actual situación sanitaria; para evitar o movemento de material fora do laboratorio de Química, empregaranse tamén aplicacións virtuais que permitan a realización virtual das prácticas ou ben vídeos explicativos do desenvolvemento das mesmas. Todo este material será publicado na AV para o accseo do alumnado en rexime semipresencial ou no ensino telemático.

O alumnado precisará para desenvolver o seu traballo de calculadora científica.

No caso de ter que desenvolver un **ensino telemático** por mor dun confinamento, a profesora fará chegar ao alumnado as súas explicacións e desenvolverá a metodoloxía xa indicada empregando, como xa se mencionou a AV do centro e conectando , de ser posible, co alumnado a través de aplicacións como Cisco Webex ou similares, co fin de buscar a interacción máis directa profesor-alumno . Este recurso vai depender da posibilidade de medios e/ou conexión tanto do alumnado coma do profesor.

## 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

### 7.1 Criterios de avaliación

A avaliación do alumnado constará de varias partes:

**1º.- Avaliación inicial** . Nas primeiras semanas de clase levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado para coñecer cal é o punto de partida, sobre todo tendo en conta a situación de confinamento e ensino telemático que se viviron desde o 13 de marzo do pasado curso académico. Por medio da Memoria do curso 19-20, a profesora coñece cales foron os contidos impartidos e non impartidos na materia de 4º de ESO; co cal a avaliación inicial estará baseada nestes coñecementos impartidos antes do confinamento. En calquera caso, esta avaliación estará exentas de cualificación; servirá unicamente para que o profesor teña información do punto de partida dos seus alumnos..

**2º.- Avaliación continua**. O alumnado será avaliado de maneira continua, intentarase quer sexa diariamente, para analizar a evolución da súa aprendizaxe ao longo das diferentes unidades didácticas que se vaian desenvolvendo. Para esta avaliación o profesorado contará con diversos procedementos e instrumentos, a través dos cales o profesor poderá avaliar o **traballo diario do alumno**, saber como desenvolve destrezas e aplica novos coñecementos. Todos os instrumentos empregados serán deseñados polo profesorado co fin de que recollan os EA a acadar en cada unidade. Dentro desta avaliación continua, tamén se realizarán **probos escritos** que recollerán información sobre o avance do alumno a máis longo prazo. Estas probas tamén estarán deseñadas de tal xeito que recollan os EA indicados para cada unidade. Realizaranse 2 probas parciais escritas por trimestre . As probas constarán de exercicios do mesmo tipo dos feitos na clase, de todo tipo – cuestións teóricas de resposta curta, de desenvolvemento, resolución de cuestións prácticas curtas, de problemas- Trátase de recoller a través das probas todos os EA traballados, e que calquera alumno que traballe a materia sexa capaz de acadar o grao mínimo esixible.

**3º.- Avaliación final**. Esta parte refírese a *avaliación parcial de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes: parte A, referente as probas escritas; e parte B, referida ao traballo diario

#### Avaliacións parciais (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

**Ensino presencial:** Esta parte refírese a *avaliación de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes:

- **Parte A, referente as probas escritas:** A nota desta parte será a media ponderada das notas das probas escritas, realizaranse dúas probas escritas por trimestre.
- **Parte B, referida ao traballo diario:** A nota desta parte será a media de todas as notas acadadas polo alumno no seu traballo diario de todo o trimestre e recollidas no caderno do profesor ( chamadas de clase, controis, tarefas obrigatorias recollidas, prácticas, participación ...).

Esta nota de traballo diario poderase incrementar coa entrega de tarefas de carácter voluntario. Terase en conta a puntualidade na entrega das tarefas de carácter obrigatorio, para as cales se porá límite de entrega; fora de prazo as tarefas non serán cualificadas

Con respecto as probas escritas, terase en conta a caligrafía, presentación e ortografía :

A falta de asistencia a unha proba escrita – marcadas de antemán con suficiente antelación – deberá ser xustificada correctamente e en prazo para poder realizala con posterioridade noutra data acordada polo alumno e profesor; de non ser así, non se realizará a proba

Se o profesor se decata de que un alumno está a copiar nunha proba escrita, considerarase unha falta grave.

A nota parcial de avaliación , como se dixo anteriormente será a suma da parte A e B. Esta nota poderase baixar se o alumno ten faltas de orde

Nestes casos os alumnos realizarán unha **proba de recuperación**, unha vez rematada a avaliación, que será en 2º de bacharelato , a proba trimestral

**Ensino semipresencial:** Os criterios de avaliación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial, atendendo as concrecións metodolóxicas que para o ensino semipresencial se expuxeron no apartado 6.3, concretamente no referente as probas escritas: “ Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba, tras a resolución de dúbidas. Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, fariase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificada, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

**Ensino telemático:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial:

- **Parte A, referente as probas escritas:** A nota desta parte será a media ponderada das notas das probas escritas, realizaranse dúas probas escritas por trimestre.. A data e hora de realización destas probas será comunicada ao alumnado con suficiente antelación na AV; na data e hora indicadas os alumnos disporán do tempo que se lles indique para a recepción, realización e envío da proba resolta , ben a través de AV ou correo electrónico; se os medios disponibles nese momento son suficientes, a proba realizarase estando conectados a través de video chamada

- **Parte B, referida ao traballo diario:** A nota desta parte será a media de todas as notas acadadas polo alumno no seu traballo diario de todo o trimestre e recollidas no caderno do profesor ( tarefas obrigatorias recollidas, prácticas, participación a través da AV...).

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación, que será a proba trimestral correspondente a esa avaliación, ao rematar a avaliación; nesta situación , a recuperación realizaríase tamén telemáticamente ,na data e hora marcadas polo profesor e publicada na AV.

#### **Avaliación final (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

A nota da **avaliación ordinaria de xuño**, é dicir, a avaliación final , resultará da media aritmética das tres avaliacións trimestrais ou parciais.**Este criterio será o mesmo nas tres modalidades de ensino, presencial, semipresencial e telemático.** Ningún alumno poderá ter unha cualificación positiva en maio con algunha avaliación trimestral suspensa.

#### **Avaliación extraordinaria (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

Tanto para o ensino presencial como semipresencial, como telemático, os alumnos que non acaden cualificación positiva en maio someteranse á **avaliación extraordinaria de setembro** . As probas extraordinarias estarán deseñadas recollendo o grao mínimo de consecución dos EA marcados durante o curso.

No ensino semipresencial e telemático, se o alumno ten que realizar a proba extraordinaria de setembro, comunicárselle con suficiente antelación a data e hora de realización da proba. Contará con tempo suficiente para a recepción, realización e envío da proba resolta, a cal será enviada a través de AV ou correo electrónico,; se os medios disponibles son suficiente, tentarse a conexión a través de videochamada durante a realización da proba.

## 7.2 Criterios de cualificación

**Criterios de cualificación (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

**Ensino presencial:** Esta parte refírese a *avaliación de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes:

- **Parte A, referente as probas escritas: 75 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso unha nota mínima de 3
- **Parte B, referida ao traballo diario: 25 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso acadar como mínimo 1 punto, dos 2.5 posibles.

Esta nota de traballo diario poderase incrementar en 0.1 puntos como máximo por tarefa entregada de carácter voluntario. Terase en conta a puntualidade na entrega das tarefas de carácter obrigatorio, para as cales se porá límite de entrega; fora de prazo as tarefas non serán cualificadas e constará como nota da mesma 0

Con respecto as probas escritas, terase en conta a caligrafía, presentación e ortografía :

- por mala presentación e caligrafía, baixarase 0.25 puntos na cualificación global da proba
- por cada 10 faltas de ortografía baixarase 0.25 puntos na cualificación global da proba
- por cada 10 tildes baixarase 0.1 puntos na cualificación global da proba

A falta de asistencia a unha proba escrita – marcadas de antemán con suficiente antelación – deberá ser xustificada correctamente e en prazo para poder realizala con posterioridade noutra data acordada polo alumno e profesor; de non ser así, non se realizará a proba e a nota na mesma será 0.

Se o profesor se decata de que un alumno está a copiar nunha proba escrita, retiráraselle a proba e será cualificada con nota 0, xa que considerárase unha falta grave.

A nota parcial de avaliación , como se dixo anteriormente será a suma da parte A e B. Esta nota poderase baixar se o alumno ten faltas de orde: - 0.1 por falta leve; - 0.5 por falta grave. .

Se a nota parcial de avaliación é igual ou superior a 5, a avaliación estará aprobada; se a nota é inferior a 5, estará suspensa.

Nestes casos os alumnos realizarán unha **proba de recuperación**, unha vez rematada a avaliación. Nesa proba o alumno deberá acadar o grao mínimo de consecución dos EA. Se a nota desta recuperación está entre 5-6, constará como nota de avaliación un 5; se a nota da recuperación é superior a 7, a nota que constará como avaliación recuperada será de 6.

**Ensino semipresencial:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial e tendo en conta as concrecións metodolóxicas que para o ensino semipresencial se expuxeron no apartado 6.3, concretamente no referente as probas escritas: “ Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba, tras a resolución de dúbidas. Se a ausencia se produciuse en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, fariase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificada, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación ao rematar a avaliación; nesta situación de semipresencialidade, a recuperación realizaríase tras a incorporación do alumno e previo acordo co profesor sobre a data.

**Ensino telemático:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial, variando as porcentaxes das partes A e B:

- **Parte A, referente as probas escritas: 60 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso unha nota mínima de 3.

- **Parte B, referida ao traballo diario: 40 % da nota** de avaliación. ara facer media, será preciso acadar como mínimo 1 punto, dos 2.5 posibles.

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación ao rematar a avaliación; nesta situación , a recuperación realizaríase tamén telemáticamente ,na data e hora marcadas polo profesor e publicada na AV.

### 7.3 Criterios de promoción

#### Criterios de promoción (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Nas tres modalidades de ensino - presencial, semipresencial e telemático- promocionará aquel alumno que habendo superado a materia por avaliacións parciais – nota de 5 ou superior- , ou superando as correspondentes recuperacións. acadase nota igual ou superior a 5 nas avaliacións ordinaria de xuño, ou no seu defecto, na extraordinaria de setembro

## 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Ademáis de realizar a avaliación do alumnado, é imprescindible levar a cabo unha avaliación do propio proceso de ensinanza-aprendizaxe, da práctica docente e desta programación didáctica para analizar todos estes puntos se forma crítica e poder mellorar así a calidade do proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de		

cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		

4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes,		

etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

## 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En 1º de bacharelato non hai alumnado con materias pendentes

## 10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

### Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

En 1º de bacharelato non hai alumnado que precise acreditar coñecementps previos da materia de Física e Química

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

### Deseño da avaliación inicial

En 1º de bacharelato non se realiza proba explícita de avaliación inicial ( non se indica realización de sesión de avaliación inicial en cursos de bacharelato). Nas primeiras semanas do curso, como xa se expuxo anteriormente, a través da observación directa e o traballo diario desenvolvido, así como tomando como punto de partida os contidos impartidos no curso de 4º de ESO na materia de Física e Química, farase esta avaliación inicial do alumnado. Dito punto de partida é coñecido xa de antemán pola profesora que impartiu xa a materia a este grupo de alumnos no cursos 2019-2020 .

**Medidas individuais e colectivas**

A nivel individual non se tomará ningunha medida. A nivel colectivo, tal e como se sinala nas instrucións de inicio de curso, retomaranse os contidos non impartidos na Física e Química de 4º de ESO, nesta materia e curso , farase a partir do 2º trimestre , xa que será entón cando se comence a ver a parate de Física, que é a que corresponden os contidos non impartidos o curso anterior

## 12. Medidas de atención á diversidade

**Medidas de atención á diversidade**

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Terase en conta os distintos ritmos de aprendizaxes, propondo actividades de reforzo para aqueles alumnos cun ritmo máis lento , e de ampliación para aqueles que teñan un ritmo maior ou máis facilidade.

Tras as primeiras semana de curso 20-21 e tras falar co departamento de orientación, tomaranse medidas concretas de atención a determinados alumnos que presentan dificultades concretas ( déficit de atención e TDAH) e alumnos que en cursos inferiores da ESO tivesen reforzo educativo). Estas medidas axustaranse aos protocolos establecidos para este tipo de alumnado, tomando aquelas que mellor se axeiten ao alumnado : estes alumnos situaranse próximos á pizarra e á mesa do profesor, co fin de captar a súa atención e que non se dispersen; co mesmo fin, procurárase alternar na mesma sesión explicación e traballo individual , exercicios orais e/ou escritos, procurando que non sexan tarefas longas que poidan dispersar a atención do alumnado.

Para a realización de probas escritas , cando se detecte que o alumno o precisa, nestas cada exercicio a resolver irá nunha carilla, con letra de maior tamaño y marcando en negra preguntas ou palabras importantes nas que o alumnado deberá fixarse para a súa resolución

Neste curso 20-21 o número de alumnos en Física e Química de 1º de bacharelato é superior a 20 alumnos , o que dificultará o seguimento diario da aprendizaxe do alumnado; o profesor tratará de analizar os seus progresos e corrir as súas deficiencias diariamente, desenvolvendo actividades orais ( observación e avaliación directas) e tamén escritas ( recollidas a través da AV ou correo electrónico para a súa avaliación, e posteriormente entregadas ao alumnado para analizar e corrir posibles erros). Este tipo de ,de medidas serán tomadas no ensino presencial.

No ensino semipresencial e telemático as medidas de atención á diversidade estarán dirixidas a controlar máis frecuentemente e facer un seguimento máis marcado a aqueles alumnos que presenten dificultades, a través da AV ou do correo electrónico, aportando actividades de reforzo para afianzar aprendizaxes.

### 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

#### Elementos transversais que se traballarán

Na materia de Física e Química de 1º de bacharelato inclúiranse os seguintes elementos transversais : a **comprensión lectora** ( CL ), a **expresión oral y escrita** ( COE), a **comunicación audiovisual** ( CA), as **tecnoloxías da información e da comunicación**, ( TIC) o **emprendemento** ( E) e la **educación cívica e constitucional** ( ECC). Ben é certo que pola propia natureza da materia e a metodoloxía a desenvolver, os elementos que máis estarán presentes serán CL, EOE, CA, TIC e E.

Sen embargo, a través das distintas unidades didácticas a desenvolver nesta materia fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes y mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Tamén promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida , así como dos valores que sustentan a igualdade, a paz, o respecto aos dereitos humanos así como a prevención de calquera tipo de violencia. Evítanse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Co desenvolvemento desta programación fomentáranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa no traballo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

### 14. Actividades complementarias e extraescolares

#### Actividades complementarias e extraescolares

Nas datas en que se deseña a presente Programación Didáctica, este departamento non ten marcada a realización ningunha actividade complementaria, dada a actual situación sanitaria derivada pola pandemia por Covid-19.

Este departamento está aberto neste presente curso académico á colaboración con outros departamentos para a realización de outras posibles actividades complementarias que poidan resultar de interese para o alumnado, previa aprobación en sesión extraordinaria do consello escolar, e sempre que a situación sanitaria o permita.

### 15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

#### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Para o seguimento das programacións e análise do seu grao de cumprimento, ao remate da cada avaliación parcial cubrirase un modelo de seguimento da programación, proporcionada polo propio centro, e que se mostra a continuación:

**SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN POR AVALIACIÓN**

<b>DEPARTAMENTO</b>					<b>MATERIA/MÓDULO</b>							
Física e Química												
AVALIACIÓN: 1ª <input type="checkbox"/> 2ª <input type="checkbox"/> 3ª <input type="checkbox"/>					CURSO:							
UNIDADES DIDÁCTICAS OU ESTÁNDARES PREVISTOS	Impartíuse totalmente				Impartíuse parcialmente				Non se impartiu			
	A	B	C	D	A	B	C	D	A	B	C	D
CAUSAS DAS MODIFICACIÓNS NA TEMPORALIZACIÓN PREVISTA:												
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE												
1. PLANIFICACIÓN												
Indicador de logro						Valoración e propostas de mellora						
1. A temporalización programada é realista												
2. A secuencia dos contidos segue unha orde pedagóxica.												
3. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos adecuados ás necesidades e os intereses do alumnado.												
4. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa disciplina.												
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE												
2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO												

Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.	
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).	
3. Relaciona os contidos con aplicacións reais e/ou coa súa funcionalidade.	
4. Informa sobre os progresos alcanzados e as dificultades atopadas.	
5. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.	
6. Promove a reflexión dos temas tratados.	
3. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	
Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...	
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos coñecidos; intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos...	
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrece asesoría dentro e fóra das clases.	
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.	
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.	
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.	
7. Desenvolve os contidos dunha maneira ordenada e comprensible para os alumnos.	
8. Expón actividades grupais e individuais.	
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE	
Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.	
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.	
3. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora da súa aprendizaxe.	
4. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.	
5. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non fosen alcanzados.	
6. Propón actividades para profundar cando os obxectivos fosen alcanzados.	

7. Emprega medios adecuados e suficientes para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.	
--	--

Ditos seguimentos serán recollidos pola xefa de departamento e arquivados , co fin de poder ser revisados; así mesmo enviarase copia dos mesmos ao correo do centro ao término de cada avaliación parcial. No modelo de seguimento, como se pode observar, sinalanse as posibles modificacións realizadas na programación deseñada inicialmente , así como as súas causas e como se reaxustará dita programación para conseguir o seu cumprimento

Tamén se fará un seguimento das programacións a través das distintas reunións de departamento, que neste curso os membros levarán a cabo telemáticamente a través da aplicación de Cisco Webex mensualmente.

Ao finalizar o curso , tamén se fai balance do cumprimento da Programación da materia na Memoria anual.

No pasado curso 19-20, a causa da situación sanitaria provocada pola pandemia por Covid-19, a Consellería de Educación solicitou a Modificación das Programacións de cada curso e materia, adaptándoas as circunstancias sobrevidas polo confinamento no terceiro trimestre. De se repetir novamente esta situación, volveranse facer as pertinentes Modificacións , se fosen solicitadas pola Consellería.

# Programación didáctica

## BAC

<b>DEPARTAMENTO</b>	Física e Química	
<b>MATERIA OU ÁMBITO</b>	Física	
<b>CURSO E GRUPOS</b>	2º bacharelato	
<b>PROFESORADO</b>	M <sup>a</sup> Eugenia Blanco Gómez	
<b>LIBRO DE TEXTO</b>	(apuntamentos da profesora)	
	Ano de implantación	2019-2020

## Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	<b>Introdución e contextualización</b>	<b>3</b>
2.	<b>Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación</b>	<b>4</b>
3.	<b>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</b>	<b>8</b>
4.	<b>Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso</b>	<b>10</b>
5.	<b>Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:</b>	<b>25</b>
6.	<b>Concrecións metodolóxicas</b>	<b>46</b>
6.1	Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial	46
6.2	Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático	48
6.3	Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial	49
7.	<b>Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar</b>	<b>49</b>
8.	<b>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción</b>	<b>50</b>
8.1	Criterios de avaliación	50
8.2	Criterios de cualificación	52
8.3	Criterios de promoción	53
9.	<b>Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente</b>	<b>54</b>
10.	<b>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas</b>	<b>56</b>
11.	<b>Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato</b>	<b>57</b>
12.	<b>Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados</b>	<b>57</b>
13.	<b>Medidas de atención á diversidade</b>	<b>57</b>
14.	<b>Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda</b>	<b>58</b>
15.	<b>Actividades complementarias e extraescolares</b>	<b>59</b>
16.	<b>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora</b>	<b>59</b>

## 1. Introducción e contextualización

### Introdución xeral

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 24 do RD 1105/2014, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

A esta normativa de carácter xeral engádese este ano a emanada en relación coa pandemia da COVID 19:

- A Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

- As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinan as liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten mais dificultades.

- A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

- Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

- As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En consecuencia, ademais dos aspectos habituais, ás programacións didácticas terán en conta as aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso 2019-2020 e a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar períodos de docencia presencial, con outros telemáticos ou ben a implantación do ensino semipresencial.

## 2. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación

### Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos

A relación das aprendizaxes que se recollen neste apartado incorporaranse ao currículo para a **súa impartición preferente durante o primeiro trimestre**, pero **non será obxecto de cualificación**. Figuran neste apartado a contribución aos obxectivos e ás competencias clave; todos eles serán impartidos no primeiro trimestre ( **1ª avaliación** ) do presente curso 20-21 , co fin de poder desenvolver os contidos pertencen á materia de Física de 2º de bacharelato.

Bloque 6. Cinemática				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Sistemas de referencia inerciais. Principio de relatividade de Galileo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Distinguir entre sistemas de referencia inerciais e non inerciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB6.1.1. Analiza o movemento dun corpo en situacións cotiás razoando se o sistema de referencia elixido é inercial ou non inercial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB6.1.2. Xustifica a viabilidade dun experimento que distinga se un sistema de referencia se acha en repouso ou se move con velocidade constante.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Sistemas de referencia inerciais. Principio de relatividade de Galileo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Representar graficamente as magnitudes vectoriais que describen o movementos nun sistema de referencia adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB6.2.1. Describe o movemento dun corpo a partir dos seus vectores de posición, velocidade e aceleración nun sistema de referencia dado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Movementos rectilíneo e circular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Recoñecer as ecuacións dos movementos rectilíneo e circular, e aplicalas a situacións concretas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB6.3.1. Obtén as ecuacións que describen a velocidade e a aceleración dun corpo a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB6.3.2. Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións (movemento dun corpo nun plano) aplicando as ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme (MRU) e movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.3.3. Realiza e describe experiencias que permitan analizar os movementos rectilíneo ou circular, e determina as magnitudes involucradas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Movementos rectilíneo e circular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.4. Interpretar representacións gráficas dos movementos rectilíneo e circular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.4.1. Interpreta as gráficas que relacionan as variables implicadas nos movementos MRU, MRUA e circular uniforme (MCU) aplicando as ecuacións adecuadas para obter os valores do espazo percorrido, a velocidade e a aceleración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Movementos rectilíneo e circular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.5. Determinar velocidades e aceleracións instantáneas a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.5.1. Formulado un suposto, identifica o tipo ou os tipos de movementos implicados, e aplica as ecuacións da cinemática para realizar predicións acerca da posición e a velocidade do móbil.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. Movemento circular uniformemente acelerado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.6. Describir o movemento circular uniformemente acelerado e expresar a aceleración en función das súas compoñentes intrínsecas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.6.1. Identifica as compoñentes intrínsecas da aceleración en casos prácticos e aplica as ecuacións que permiten determinar o seu valor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. Movemento circular uniformemente acelerado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.7. Relacionar nun movemento circular as magnitudes angulares coas lineais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.7.1. Relaciona as magnitudes lineais e angulares para un móbil que describe unha traxectoria circular, establecendo as ecuacións correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>g</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.4. Composición dos movementos rectilíneo uniforme e rectilíneo uniformemente acelerado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.8. Identificar o movemento non circular dun móbil nun plano como a composición de dous movementos unidimensionais rectilíneo uniforme (MRU) e/ou rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.8.1. Recoñece movementos compostos, establece as ecuacións que os describen, e calcula o valor de magnitudes tales como alcance e altura máxima, así como valores instantáneos de posición, velocidade e aceleración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.8.2. Resolve problemas relativos á composición de movementos descompoñéndolos en dous movementos rectilíneos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB6.8.3. Emprega simulacións virtuais interactivas para resolver supostos prácticos reais, determinando condicións iniciais, traxectorias e puntos de encontro dos corpos implicados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul>
Bloque 7. Dinámica				

▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. A forza como interacción.</li> <li>▪ B7.2. Leis de Newton.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Identificar todas as forzas que actúan sobre un corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.1.1. Representa todas as forzas que actúan sobre un corpo, obtendo a resultante e extraendo consecuencias sobre o seu estado de movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.1.2. Debuxa o diagrama de forzas dun corpo situado no interior dun ascensor en diferentes situacións de movemento, calculando a súa aceleración a partir das leis da dinámica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Leis de Newton.</li> <li>▪ B7.3. Forzas de contacto. Dinámica de corpos ligados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Resolver situacións desde un punto de vista dinámico que involucran planos inclinados e/ou poleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.2.1. Calcula o módulo do momento dunha forza en casos prácticos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.2.2. Resolve supostos nos que aparezan forzas de rozamento en planos horizontais ou inclinados, aplicando as leis de Newton.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.2.3. Relaciona o movemento de varios corpos unidos mediante cordas tensas e poleas coas forzas que actúan sobre cada corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.5. Sistema de dúas partículas.</li> <li>▪ B7.6. Conservación do momento lineal e impulso mecánico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4. Aplicar o principio de conservación do momento lineal a sistemas de dous corpos e predicir o movemento destes a partir das condicións iniciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.4.1. Establece a relación entre impulso mecánico e momento lineal aplicando a segunda lei de Newton.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.4.2. Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.7. Dinámica do movemento circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.5. Xustificar a necesidade de que existan forzas para que se produza un movemento circular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.5.1. Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.8. Leis de Kepler.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.6. Contextualizar as leis de Kepler no estudo do movemento planetario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.6.1. Comproba as leis de Kepler a partir de táboas de datos astronómicos correspondentes ao movemento dalgúns planetas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB7.6.2. Describe o movemento orbital dos planetas do Sistema Solar aplicando as leis de Kepler e extrae conclusións acerca do período orbital destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

▪ i	▪ B7.9. Forzas centrais. Momento dunha forza e momento angular. Conservación do momento angular.	▪ B7.7. Asociar o movemento orbital coa actuación de forzas centrais e a conservación do momento angular.	▪ FQB7.7.1. Aplica a lei de conservación do momento angular ao movemento elíptico dos planetas, relacionando valores do raio orbital e da velocidade en diferentes puntos da órbita.	▪ CMCCT
			▪ FQB7.7.2. Utiliza a lei fundamental da dinámica para explicar o movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias, relacionando o raio e a velocidade orbital coa masa do corpo central.	▪ CMCCT
▪ i	▪ B7.10. Lei de gravitación universal.	▪ B7.8. Determinar e aplicar a lei de gravitación universal á estimación do peso dos corpos e á interacción entre corpos celestes, tendo en conta o seu carácter vectorial.	▪ FQB7.8.1. Expresa a forza da atracción gravitatoria entre dous corpos calquera, coñecidas as variables das que depende, establecendo como inciden os cambios nestas sobre aquela.	▪ CMCCT
			▪ FQB7.8.2. Compara o valor da atracción gravitatoria da Terra sobre un corpo na súa superficie coa acción de corpos afastados sobre o mesmo corpo.	▪ CMCCT
▪ i	▪ B7.11. Interacción electrostática: lei de Coulomb.	▪ B7.9. Enunciar a lei de Coulomb e caracterizar a interacción entre dúas cargas eléctricas puntuais.	▪ FQB7.9.1. Compara a lei de Newton da gravitación universal e a de Coulomb, e establece diferenzas e semellanzas entre elas.	▪ CCEC ▪ CMCCT
			▪ FQB7.9.2. Acha a forza neta que un conxunto de cargas exerce sobre unha carga problema utilizando a lei de Coulomb.	▪ CMCCT
▪ i	▪ B7.10. Lei de gravitación universal. ▪ B7.11. Interacción electrostática: lei de Coulomb.	▪ B7.10. Valorar as diferenzas e as semellanzas entre a interacción eléctrica e a gravitatoria.	▪ FQB7.10.1. Determina as forzas electrostática e gravitatoria entre dúas partículas de carga e masa coñecidas e compara os valores obtidos, extrapolando conclusións ao caso dos electróns e o núcleo dun átomo.	▪ CMCCT
Bloque 8. Enerxía				
▪ i	▪ B8.1. Enerxía mecánica e traballo. ▪ B8.2. Teorema das forzas vivas.	▪ B8.1. Establecer a lei de conservación da enerxía mecánica e aplicala á resolución de casos prácticos.	▪ FQB8.1.1. Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial.	▪ CMCCT

			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.1.2. Relaciona o traballo que realiza unha forza sobre un corpo coa variación da súa enerxía cinética, e determina algunha das magnitudes implicadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.3. Sistemas conservativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.2. Recoñecer sistemas conservativos como aqueles para os que é posible asociar unha enerxía potencial e representar a relación entre traballo e enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.2.1. Clasifica en conservativas e non conservativas, as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións enerxéticas que se producen e a súa relación co traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.4. Enerxía cinética e potencial do movemento harmónico simple.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.3. Describir as transformacións enerxéticas que teñen lugar nun oscilador harmónico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.3.1. Estima a enerxía almacenada nun resorte en función da elongación, coñecida a súa constante elástica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.3.2. Calcula as enerxías cinética, potencial e mecánica dun oscilador harmónico aplicando o principio de conservación da enerxía e realiza a representación gráfica correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.5. Diferenza de potencial eléctrico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B8.4. Vincular a diferenza de potencial eléctrico co traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico e coñecer a súa unidade no Sistema Internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB8.4.1. Asocia o traballo necesario para trasladar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico coa diferenza de potencial existente entre eles permitindo a determinación da enerxía implicada no proceso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

### 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

#### Competencias clave do currículo de ESO

#### Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 8/2013, se coñecen como competencias son "capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".

O RD 1105/2014 precisa que as competencias do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

**Competencias clave do currículo de ESO**

- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O Decreto autonómico 86/2015, que establece o currículo para a ESO e o bacharelato no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia precisa a relación entre as competencias clave e os criterios de avaliación. Deste xeito, facilítase a integración das competencias no currículo.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA**

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL**

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAS**

Indicadas no punto 4 xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

#### 4. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

##### Obxectivos de etapa

O RD 1105/2014 establece que os obxectivos do currículo son os referentes relativos aos logros que o estudante debe acadar ao finalizar cada etapa, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas con ese fin (Cfr. Artigo 2).

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- f) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- g) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- h) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- i) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- l) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- m) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

No artigo 26 do Decreto 86/2015 precísanse os obxectivos da ensinanza secundaria obrigatoria e do bacharelato ; a continuación concréntanse os obxectivos aos que contribúe esta materia a continuación para este curso , establecendo a súa vinculación cos contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave . Fundamentalmente a materia de Física de 2º de bacharelato contribúe aos obxectivos de etapa b,d, g, h, i , l e m

Física. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Estratexias propias da actividade científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica, propondo preguntas, identificando e analizando problemas, emitindo hipóteses fundamentadas, recollendo datos, analizando tendencias a partir de modelos, e deseñando e propondo estratexias de actuación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB1.1.2. Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB1.1.3. Resolve exercicios nos que a información debe deducirse a partir dos datos proporcionados e das ecuacións que rexen o fenómeno, e contextualiza os resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB1.1.4. Elabora e interpreta representacións gráficas de dúas e tres variables a partir de datos experimentais, e relaciónaaas coas ecuacións matemáticas que representan as leis e os principios físicos subxacentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Coñecer, utilizar e aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación no estudo dos fenómenos físicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB1.2.1. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil implantación no laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB1.2.2. Analiza a validez dos resultados obtidos e elabora un informe final facendo uso das TIC, no que se comunique tanto o proceso como as conclusións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Física. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB1.2.3. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica existente en internet e noutros medios dixitais.</li> <li>FSB1.2.4. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>g</li> <li>i</li> <li>l</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Estratexias necesarias na actividade científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Realizar de xeito cooperativo tarefas propias da investigación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB1.3.1. Realiza de xeito cooperativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Interacción gravitatoria				
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Campo gravitatorio.</li> <li>B2.2. Campos de forza conservativos.</li> <li>B2.3. Intensidade do campo gravitatorio.</li> <li>B2.4. Potencial gravitatorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Asociar o campo gravitatorio á existencia de masa, e caracterizalo pola intensidade do campo e o potencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB2.1.1. Diferencia os conceptos de forza e campo, establecendo unha relación entre a intensidade do campo gravitatorio e a aceleración da gravidade.</li> <li>FSB2.1.2. Representa o campo gravitatorio mediante as liñas de campo e as superficies de enerxía equipotencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Potencial gravitatorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Recoñecer o carácter conservativo do campo gravitatorio pola súa relación cunha forza central e asociarlle, en consecuencia, un potencial gravitatorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB2.2.1. Xustifica o carácter conservativo do campo gravitatorio e determina o traballo realizado polo campo a partir das variacións de enerxía potencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Enerxía potencial gravitatoria.</li> <li>B2.6. Lei de conservación da enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Interpretar as variacións de enerxía potencial e o signo desta en función da orixe de coordenadas enerxéticas elixida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB2.3.1. Calcula a velocidade de escape dun corpo aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

Física. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Lei de conservación da enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Xustificar as variacións enerxéticas dun corpo en movemento no seo de campos gravitatorios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB2.4.1. Aplica a lei de conservación da enerxía ao movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Relación entre enerxía e movemento orbital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Relacionar o movemento orbital dun corpo co raio da órbita e a masa xeradora do campo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB2.5.1. Deduce a velocidade orbital dun corpo, a partir da lei fundamental da dinámica, e relaciónaa co raio da órbita e a masa do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB2.5.2. Identifica a hipótese da existencia de materia escura a partir dos datos de rotación de galaxias e a masa do burato negro central.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Satélites: tipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Coñecer a importancia dos satélites artificiais de comunicacións, GPS e meteorolóxicos, e as características das súas órbitas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB2.6.1. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para o estudo de satélites de órbita media (MEO), órbita baixa (LEO) e de órbita xeostacionaria (GEO), e extrae conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Caos determinista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Interpretar o caos determinista no contexto da interacción gravitatoria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB2.7.1. Describe a dificultade de resolver o movemento de tres corpos sometidos á interacción gravitatoria mutua utilizando o concepto de caos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 3. Interacción electromagnética				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Campo eléctrico.</li> <li>▪ B3.2. Intensidade do campo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Asociar o campo eléctrico á existencia de carga e caracterizalo pola intensidade de campo e o potencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB3.1.1. Relaciona os conceptos de forza e campo, establecendo a relación entre intensidade do campo eléctrico e carga eléctrica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB3.1.2. Utiliza o principio de superposición para o cálculo de campos e potenciais eléctricos creados por unha distribución de cargas puntuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Potencial eléctrico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Recoñecer o carácter conservativo do campo eléctrico pola súa relación cunha forza central, e asociarlle, en consecuencia, un potencial eléctrico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB3.2.1. Representa graficamente o campo creado por unha carga puntual, incluíndo as liñas de campo e as superficies de enerxía equipotencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Física. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB3.2.2. Compara os campos eléctrico e gravitatorio, e establece analogías e diferenzas entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Diferenza de potencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Caracterizar o potencial eléctrico en diferentes puntos dun campo xerado por unha distribución de cargas puntuais, e describir o movemento dunha carga cando se deixa libre no campo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB3.3.1. Analiza cualitativamente a traxectoria dunha carga situada no seo dun campo xerado por unha distribución de cargas, a partir da forza neta que se exerce sobre ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Enerxía potencial eléctrica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Interpretar as variacións de enerxía potencial dunha carga en movemento no seo de campos electrostáticos en función da orixe de coordenadas enerxéticas elixida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB3.4.1. Calcula o traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico creado por unha ou máis cargas puntuais a partir da diferenza de potencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB3.4.2. Predí o traballo que se realizará sobre unha carga que se move nunha superficie de enerxía equipotencial e discúteo no contexto de campos conservativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Fluxo eléctrico e lei de Gauss.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Asociar as liñas de campo eléctrico co fluxo a través dunha superficie pechada e establecer o teorema de Gauss para determinar o campo eléctrico creado por unha esfera cargada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB3.5.1. Calcula o fluxo do campo eléctrico a partir da carga que o crea e a superficie que atravesan as liñas do campo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Aplicacións do teorema de Gauss.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Valorar o teorema de Gauss como método de cálculo de campos electrostáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB3.6.1. Determina o campo eléctrico creado por unha esfera cargada aplicando o teorema de Gauss.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.8. Equilibrio electrostático.</li> <li>B3.9. Gaiola de Faraday.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Aplicar o principio de equilibrio electrostático para explicar a ausencia de campo eléctrico no interior dos condutores e asócioa a casos concretos da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FSB3.7.1. Explica o efecto da gaiola de Faraday utilizando o principio de equilibrio electrostático e reconéceo en situacións cotiás, como o mal funcionamento dos móbiles en certos edificios ou o efecto dos raios eléctricos nos avións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

Física. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Campo magnético.</li> <li>▪ B3.11. Efecto dos campos magnéticos sobre cargas en movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Predicir o movemento dunha partícula cargada no seo dun campo magnético.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FSB3.8.1. Describe o movemento que realiza unha carga cando penetra nunha rexión onde existe un campo magnético e analiza casos prácticos concretos, como os espectrómetros de masas e os aceleradores de partículas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
**2º.-Avaliación continua.** O alumnado será avaliado de maneira continua, intentarase que sexa diariamente, para analizar a evolución da súa aprendizaxe ao longo das diferentes unidades didácticas que se vaian desenvolvendo. Para esta avaliación o profesorado contará con diversos procedementos e instrumentos, a través dos cales o profesor poderá avaliar o **traballo diario do alumno**, saber como desenvolve destrezas e aplica novos coñecementos. Todos os instrumentos empregados serán deseñados polo profesorado co fin de que recollan os EA a acadar en cada unidade. Dentro desta avaliación continua, tamén se realizarán **probos escritas** que recollerán información sobre o avance do alumno a máis longo prazo. Estas probas tamén estarán deseñadas de tal xeito que recollan os EA indicados para cada unidade. Realizaranse 2 probas parciais escritas por trimestre e alomenos dúas probas globais ( trimestrais) na 2ª e 3ª avaliacións, co fin de que o alumnado vaia globalizando e interrelacionando coñecementos. As probas constarán de exercicios do mesmo tipo dos feitos na clase, de todo tipo – cuestións teóricas de resposta curta, de desenvolvemento, resolución de cuestións prácticas curtas, de problemas- Trátase de recoller a través das probas todos os EA traballados, e que calquera alumno que traballe a materia sexa capaz de acadar o grao mínimo esixible. Neste caso dos alumnos de 2º de bacharelato, para as probas – a súa elaboración e corrección – seguiranse as orientacións marcadas polo grupo de traballo de Física da CIUGA.

**3º.- Avaliación final.** Esta parte refírese a *avaliación parcial de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes: parte A, referente as probas escritas; e parte B, referida ao traballo diario.

#### Avaliacións parciais (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

**Ensin presencial:** Esta parte refírese a *avaliación de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes:

- **Parte A, referente as probas escritas:** A nota desta parte será a media ponderada das notas das probas escritas, realizaranse dúas probas escritas no primeiro trimestre. No segundo e terceiro trimestre farase ademais unha terceira proba, *trimestral*, que suporá o 35% da nota correspondente a esta parte A, co fin de que o alumnado de 2º de bacharelato repase a materia que se vai impartindo ao longo do curso.

- **Parte B, referida ao traballo diario:** A nota desta parte será a media de todas as notas acadadas polo alumno no seu traballo diario de todo o trimestre e recollidas no caderno do profesor ( chamadas de clase, controis, tarefas obrigatorias recollidas, prácticas, participación ...).

Esta nota de traballo diario poderase incrementar coa entrega de tarefas de carácter voluntario. Terase en conta a puntualidade na entrega das tarefas de carácter obrigatorio, para as cales se porá límite de entrega; fora de prazo as tarefas non serán cualificadas

Con respecto as probas escritas, terase en conta a caligrafía, presentación e ortografía :

A falta de asistencia a unha proba escrita – marcadas de antemán con suficiente antelación – deberá ser xustificada correctamente e en prazo para poder realizala con posterioridade noutra data acordada polo alumno e profesor; de non ser así, non se realizará a proba

Se o profesor se decata de que un alumno está a copiar nunha proba escrita, considerarase unha falta grave.

A nota parcial de avaliación , como se dixo anteriormente será a suma da parte A e B. Esta nota poderase baixar se o alumno ten faltas de orde

Nestes casos os alumnos realizarán unha **proba de recuperación**, unha vez rematada a avaliación, que será en 2º de bacharelato , a proba trimestral

**Ensino semipresencial:** Os criterios de avaliación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial, atendendo as concrecións metodolóxicas que para o ensino semipresencial se expuxeron no apartado 6.3, concretamente no referente as probas escritas: “ Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba, tras a resolución de dúbidas. Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puideren levar a cabo segundos exames parciais, fariase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificadas, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

**Ensino telemático:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial:

- **Parte A, referente as probas escritas:** A nota desta parte será a media ponderada das notas das probas escritas, realizaranse dúas probas escritas no primeiro trimestre. No segundo e terceiro trimestre farase ademais unha terceira proba, *trimestral* , que suporá o 35% da nota correspondente a esta parte A, co fin de que o alumnado de 2º de bacharelato repase a materia que se vai impartindo ao longo do curso. A data e hora de realización destas probas será comunicada ao alumnado con suficiente antelación na AV; na data e hora indicadas os alumnos disporán do tempo que se lles indique para a recepción, realización e envío da proba resolta , ben a través de AV ou correo electrónico; se os medios disponibles nese momento son suficientes, a proba realizarase estando conectados a través de video chamada

- **Parte B, referida ao traballo diario:** A nota desta parte será a media de todas as notas acadadas polo alumno no seu traballo diario de todo o trimestre e recollidas no caderno do profesor ( tarefas obrigatorias recollidas, prácticas, participación a través da AV...).

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación, que será a proba trimestral correspondente a esa avaliación, ao rematar a avaliación; nesta situación , a recuperación realizaríase tamén telemáticamente ,na data e hora marcadas polo profesor e publicada na AV.

#### **Avaliación final (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

A nota da **avaliación ordinaria de maio**, é dicir, a avaliación final , resultará da media aritmética das tres avaliacións trimestrais ou parciais.**Este criterio será o mesmo nas tres modalidades de ensino, presencial, semipresencial e**

**telemático.** Ningún alumno poderá ter unha cualificación positiva en maio con algunha avaliación trimestral suspensa.

#### **Avaliación extraordinaria (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

Tanto para o ensino presencial como semipresencial, como telemático, os alumnos que non acaden cualificación positiva en maio someteranse á **avaliación extraordinaria de xuño** para o alumnado de 2º de bacharelato. As probas extraordinarias estarán deseñadas recollendo o grao mínimo de consecución dos EA marcados durante o curso.

No ensino semipresencial e telemático, se o alumno ten que realizar a proba extraordinaria de xuño, comunicaráselle con suficiente antelación a data e hora de realización da proba. Contará con tempo suficiente para a recepción, realización e envío da proba resolta, a cal será enviada a través de AV ou correo electrónico; se os medios disponibles son suficiente, tentarse a conexión a través de videochamada durante a realización da proba.

## 8.2 Criterios de cualificación

#### **Criterios de cualificación (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

**Ensinso presencial:** Esta parte refírese a *avaliación de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes:

- **Parte A, referente as probas escritas: 75 % da nota** de avaliación.. Para facer media, será preciso unha nota mínima de 3
- **Parte B, referida ao traballo diario: 25 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso acadar como mínimo 1 punto, dos 2.5 posibles.

Esta nota de traballo diario poderase incrementar en 0.1 puntos como máximo por tarefa entregada de carácter voluntario. Terase en conta a puntualidade na entrega das tarefas de carácter obrigatorio, para as cales se porá límite de entrega; fora de prazo as tarefas non serán cualificadas e constará como nota da mesma 0

Con respecto as probas escritas, terase en conta a caligrafía, presentación e ortografía :

- por mala presentación e caligrafía, baixaráse 0.25 puntos na cualificación global da proba
- por cada 10 faltas de ortografía baixaráse 0.25 puntos na cualificación global da proba
- por cada 10 tildes baixaráse 0.1 puntos na cualificación global da proba

A falta de asistencia a unha proba escrita – marcadas de antemán con suficiente antelación – deberá ser xustificada correctamente e en prazo para poder realizala con posterioridade noutra data acordada polo alumno e profesor; de non ser así, non se realizará a proba e a nota na mesma será 0.

Se o profesor se decata de que un alumno está a copiar nunha proba escrita, retiraráselle a proba e será cualificada con nota 0, xa que considerárase unha falta grave.

A nota parcial de avaliación , como se dixo anteriormente será a suma da parte A e B. Esta nota poderase baixar se o alumno ten faltas de orde: - 0.1 por falta leve; - 0.5 por falta grave. . Se a nota parcial de avaliación é igual ou superior a 5, a avaliación estará aprobada; se a nota é inferior a 5, estará suspensa.

Nestes casos os alumnos realizarán unha **proba de recuperación**, unha vez rematada a avaliación. Nesa proba o alumno deberá acadar o grao mínimo de consecución dos EA. Se a nota desta recuperación está entre 5-6, constará como nota de avaliación un 5; se a nota da recuperación é superior a 7, a nota que constará como avaliación recuperada será de 6. Para os alumnos de 2º de bacharelato, a proba trimestral constará como proba de recuperación.

**Ensino semipresencial:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial e tendo en conta as concrecións metodolóxicas que para o ensino semipresencial se expuxeron no apartado 6.3, concretamente no referente as probas escritas: “ Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba, tras a resolución de dúbidas. Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, fariase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificada, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación , que será en 2º de bacharelato a proba trimestral, ao rematar a avaliación; nesta situación de semipresencialidade, a recuperación realizaríase tras a incorporación do alumno e previo acordo co profesor sobre a data.

**Ensino telemático:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial, variando as porcentaxes das partes A e B:

- **Parte A, referente as probas escritas: 60 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso unha nota mínima de 3.
- **Parte B, referida ao traballo diario: 40 % da nota** de avaliación. ara facer media, será preciso acadar como mínimo 1 punto, dos 2.5 posibles.

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación, que será a proba trimestral correspondente a esa avaliación, ao rematar a avaliación; nesta situación , a recuperación realizaríase tamén telemáticamente ,na data e hora marcadas polo profesor e publicada na AV.

### 8.3 Criterios de promoción

#### Criterios de promoción (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Nas tres modalidades de ensino - presencial, semipresencial e telemático- promocionará aquel alumno que habendo superado a materia por avaliacións parciais – nota de 5 ou superior- , ou superando as correspondentes recuperacións. acadase nota igual ou superior a 5 nas avaliacións ordinaria de maio, ou no seu defecto, na extraordinaria de xuño.

## 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Ademais de realizar a avaliación do alumnado, é imprescindible levar a cabo unha avaliación do propio proceso de ensinanza-aprendizaxe, da práctica docente e desta programación didáctica para analizar todos estes puntos se forma crítica e poder mellorar así a calidade do proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordinase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		

3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		

2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

## 10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso académico 2020-2021 non hai alumnos en 2º de bacharelato coa Física e Química de 1º de bacharelato pendente .

## 11. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

### Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

No presente curso académico 2020-2021 non hai alumnos de Física de 2º de bacharelato que non tiveran cursado a materia de Física e Química en 1º de bacharelato

## 12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

### Deseño da avaliación inicial

En 2º de bacharelato non se realiza proba explícita de avaliación inicial ( non se indica realización de sesión de avaliación inicial en cursos de bacharelato). Nas primeiras semanas do curso, com xa se expuxo anteriormente, a través da observación directa e o traballo diario desenvolvido, así como tomando como punto de partida os contidos non impartidos no curso de 1º bacharelato na materia de Física e Química, farase esta avaliación inicial do alumnado. Dito punto de partida é coñecido xa de antemán pola profesora que impartiu xa a materia no curso pasado.

### Medidas individuais e colectivas

A nivel individual non se tomará ningunha medida. A nivel colectivo, tal e como se sinala nas instrucións de inicio de curso, nas primeiras semanas do curso 20-21 , retomaranse os contidos non impartidos na materia de Física e Química de 1º bacharelato, todos eles referentes a parte de Física , e fundamentais para o desenvolvemento da materia de Física de 2º de bacharelato.

## 13. Medidas de atención á diversidade

### Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan

a motivación e reforcen a súa autoestima.

Terase en conta os distintos ritmos de aprendizaxes, propondo actividades de reforzo para aqueles alumnos cun ritmo máis lento , e de ampliación para aqueles que teñan un ritmo maior ou máis facilidade.

Tras as primeiras semana de curso 20-21 e tras falar co departamento de orientación, tomaranse medidas concretas de atención a determinados alumnos que presentan dificultades concretas ( déficit de atención e TDAH) e alumnos que en cursos inferiores da ESO tivesen reforzo educativo). Estas medidas axustaranse aos protocolos establecidos para este tipo de alumnado, tomando aquelas que mellor se axeiten ao alumnado : estes alumnos situaranse próximos á pizarra e á mesa do profesor, co fin de captar a súa atención e que non se dispersen; co mesmo fin, procurárase alternar na mesma sesión explicación e traballo individual , exercicios orais e/ou escritos, procurando que non sexan tarefas longas que poidan dispersar a atención do alumnado.

Para a realización de probas escritas , cando se detecte que o alumno o precisa, nestas cada exercicio a resolver irá nunha carilla, con letra de maior tamaño y marcando en negriña preguntas ou palabras importantes nas que o alumnado deberá fixarse para a súa resolución

Neste curso 20-21 o número de alumnos en Física de 2º de bacharelato é de 6 , o que facilitará o seguimento diario da aprendizaxe do alumnado; o profesor tratará de analizar os seus progresos e corrixir as súas deficiencias diariamente, desenvolvendo actividades orais ( observación e avaliación directas) e tamén escritas ( recollidas para a súa avaliación, e posteriormente entregadas ao alumnado para analizar e corrixir posibles erros). Este tipo de ,de medidas serán tomadas no ensino presencial.

No ensino semipresencial e telemático as medidas de atención á diversidade estarán dirixidas a controlar máis frecuentemente e facer un seguimento máis marcado a aqueles alumnos que presenten dificultades, a través da Av ou do correo electrónico, aportando actividades de reforzo para afianzar aprendizaxes.

## 14. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

### Elementos transversais que se traballarán

Nas materia de Física de 2º de bacharelato incluíranse os seguintes elementos transversais : a **comprensión lectora** ( CL) , a **expresión oral y escrita** ( COE), a **comunicación audiovisual** ( CA), as **tecnoloxías da información e da comunicación**, ( TIC) o **emprendemento** ( E) e la **educación cívica e constitucional** ( ECC). Ben é certo que pola propia natureza da materia e a metodoloxía a desenvolver, os elementos que máis estarán presentes serán CL, EOE, CA, TIC e E.

Sen embargo, a través das distintas unidades didácticas a desenvolver nesta materia fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes y mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Tamén promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida , así como dos valores que sustentan a igualdade, a paz, o respecto aos dereitos humanos así como a prevención de calquera tipo de violencia. Evítanse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Co desenvolvemento desta programación fomentáranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade,a autonomía, a iniciativa no traballo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

## 15. Actividades complementarias e extraescolares

### Actividades complementarias e extraescolares

Nas datas en que se deseña a presente Programación Didáctica, este departamento non ten marcada a realización dunha actividade complementaria, dada a actual situación sanitaria derivada pola pandemia por Covid-19.

Este departamento está aberto neste presente curso académico á colaboración con outros departamentos para a realización de outras posibles actividades complementarias que poidan resultar de interese para o alumnado, previa aprobación en sesión extraordinaria do consello escolar, e sempre que a situación sanitaria o permita.

## 16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Para o seguimento das programacións e análise do seu grao de cumprimento, ao remate da cada avaliación parcial cubrirase un modelo de seguimento da programación, proporcionado polo propio centro, e que se mostra a continuación:

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN POR AVALIACIÓN

DEPARTAMENTO					MATERIA/MÓDULO							
Física e Química												
AVALIACIÓN: 1ª <input type="checkbox"/> 2ª <input type="checkbox"/> 3ª <input type="checkbox"/>					CURSO:							
UNIDADES DIDÁCTICAS OU ESTÁNDARES PREVISTOS	Impartíuse totalmente				Impartíuse parcialmente				Non se impartiu			
	A	B	C	D	A	B	C	D	A	B	C	D
CAUSAS DAS MODIFICACIÓNS NA TEMPORALIZACIÓN PREVISTA:												
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE												
1. PLANIFICACIÓN												
Indicador de logro					Valoración e propostas de mellora							
1. A temporalización programada é realista												
2. A secuencia dos contidos segue unha orde pedagóxica.												
3. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos adecuados ás necesidades e os intereses do alumnado.												
4. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa disciplina.												
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE												

2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	
Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.	
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).	
3. Relaciona os contidos con aplicacións reais e/ou coa súa funcionalidade.	
4. Informa sobre os progresos alcanzados e as dificultades atopadas.	
5. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.	
6. Promove a reflexión dos temas tratados.	
3. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	
Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...	
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos coñecidos; intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos...	
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrece asesoría dentro e fóra das clases.	
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.	
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.	
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.	
7. Desenvolve os contidos dunha maneira ordenada e comprensible para os alumnos.	
8. Expón actividades grupais e individuais.	
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE	
Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.	
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.	
3. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora da súa aprendizaxe.	
4. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.	

5. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non fosen alcanzados.	
6. Propón actividades para profundar cando os obxectivos fosen alcanzados.	
7. Emprega medios adecuados e suficientes para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.	

Ditos seguimentos serán recollidos pola xefa de departamento e arquivados , co fin de poder ser revisados; así mesmo enviarase copia dos mesmos ao correo do centro ao término de cada avaliación parcial. No modelo de seguimento, como se pode observar, sinalanse as posibles modificacións realizadas na programación deseñada inicialmente , así como as súas causas e como se reaxustará dita programación para conseguir o seu cumprimento

Tamén se fará un seguimento das programacións a través das distintas reunións de departamento, que neste curso os membros levarán a cabo telemáticamente a través da aplicación de Cisco Webex mensualmente.

Ao finalizar o curso , tamén se fai balance do cumprimento da Programación da materia na Memoria anual.

No pasado curso 19-20, a causa da situación sanitaria provocada pola pandemia por Covid-19, a Consellería de Educación solicitou a Modificación das Programacións de cada curso e materia, adaptándoas as circunstancias sobrevidas polo confinamento no terceiro trimestre. De se repetir novamente esta situación, volveranse facer as pertinentes Modificacións , se fosen solicitadas pola Consellería.

# Programación didáctica

## BAC

<b>DEPARTAMENTO</b>	Física e Química	
<b>MATERIA OU ÁMBITO</b>	Química	
<b>CURSO E GRUPOS</b>	2º Bacharelato	
<b>PROFESORADO</b>	M <sup>a</sup> Eugenia Blanco Gómez	
<b>LIBRO DE TEXTO</b>	Química 2º Bacharelato, Baía Edicións	
	Ano de implantación	2017-2018

## Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	<b>Introdución e contextualización</b>	3
2.	<b>Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación</b>	4
3.	<b>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</b>	4
4.	<b>Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso</b>	6
5.	<b>Concreción de cada estándar de aprendizaxe available:</b>	7
6.	<b>Concrecións metodolóxicas</b>	18
6.1	Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial	33
6.2	Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático	34
6.3	Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial	35
7.	<b>Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar</b>	35
8.	<b>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción</b>	36
8.1	Criterios de avaliación	36
8.2	Criterios de cualificación	38
8.3	Criterios de promoción	39
9.	<b>Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente</b>	40
10.	<b>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes</b>	42
11.	<b>Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato</b>	43
12.	<b>Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados</b>	43
13.	<b>Medidas de atención á diversidade</b>	43
14.	<b>Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda</b>	44
15.	<b>Actividades complementarias e extraescolares</b>	45
16.	<b>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora</b>	45

## 1. Introducción e contextualización

### Introdución xeral

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 24 do RD 1105/2014, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

A esta normativa de carácter xeral engádesse este ano a emanada en relación coa pandemia da COVID 19:

- A Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

- As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinan as liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten mais dificultades.

- A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

- Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

- As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En consecuencia, ademais dos aspectos habituais, ás programacións didácticas terán en conta as aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso 2019-2020 e a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar períodos de docencia presencial, con outros telemáticos ou ben a implantación do ensino semipresencial.

## 2. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación

Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos				
A relación das aprendizaxes que se recollen neste apartado incorporaranse ao currículo para a súa impartición preferente durante terceiro trimestre, xa que se relacionan e dan continuidade a contidos que se impartirán nesta materia no terceiro trimestre. Os contidos non impartidos da Física e Química de 1º de bacharelato corresponden o bloque da Química do carbono, concretamente a isomería, contidos que se volven a impartir e avaliar na Química de 2º de bacharelato. Figurarán, cando menos, nos apartados 3 (contribución ás competencias), 4 (contribución aos obxectivos) e 5 (temporalización).				
Física e Química. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5. Química do carbono				
▪ i	▪ B5.5. Isomería estrutural.	▪ B5.3. Representar os tipos de isomería.	▪ FQB5.3.1. Representa os isómeros dun composto orgánico.	▪ CMCCT
▪ i	▪ B5.6. Petróleo e novos materiais.	▪ B5.4. Explicar os fundamentos químicos relacionados coa industria do petróleo e do gas natural.	▪ FQB5.4.1. Describe o proceso de obtención do gas natural e dos derivados do petróleo a nivel industrial, e a súa repercusión ambiental.	▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ FQB5.4.2. Explica a utilidade das fraccións do petróleo.	▪ CMCCT
▪ i ▪ e	▪ B5.7. Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.	▪ B5.5. Diferenciar as estruturas que presenta o carbono no grafito, no diamante, no grafeno, no fullereno e nos nanotubos, e relacionalo coas súas aplicacións.	▪ FQB5.5.1. Identifica as formas alotrópicas do carbono relacionándoas coas propiedades fisicoquímicas e as súas posibles aplicacións.	▪ CMCCT
▪ a ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ l	▪ B5.7. Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.	▪ B5.6. Valorar o papel da química do carbono nas nosas vidas e recoñecer a necesidade de adoptar actitudes e medidas ambientalmente sustentables.	▪ FQB5.6.1. A partir dunha fonte de información, elabora un informe no que se analice e xustifique a importancia da química do carbono e a súa incidencia na calidade de vida	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ FQB5.6.2. Relaciona as reaccións de condensación e combustión con procesos que ocorren a nivel biolóxico.	▪ CMCCT

### 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

#### Competencias clave do currículo de ESO

##### Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 8/2013, se coñecen como competencias son "capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".

O RD 1105/2014 precisa que as competencias do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O Decreto autonómico 86/2015, que establece o currículo para a ESO e o bacharelato no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia precisa a relación entre as competencias clave e os criterios de avaliación. Deste xeito, facilítase a integración das competencias no currículo.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

**Competencias clave do currículo de ESO**

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS**

Indicadas no punto 4, xunto cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

## 4. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

**Obxectivos de etapa**

O RD 1105/2014 establece que os obxectivos do currículo son os referentes relativos aos logros que o estudante debe acadar ao finalizar cada etapa, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas con ese fin (Cfr. Artigo 2).

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- f) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- g) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- h) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- i) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- l) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- m) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.**

No artigo 26 do Decreto 86/2015 precísanse os obxectivos da ensinanza secundaria obrigatoria e do bacharelato; ; a continuación concréntanse os obxectivos aos que contribúe esta materia para este curso , establecendo a súa vinculación cos contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave . Fundamentalmente a materia de Química de 2º de bacharelato contribúe aos obxectivos de etapa b,e, g, h, i , l e m

Química. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ l</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Utilización de estratexias básicas da actividade científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar interpretacións, predicións e representación de fenómenos químicos a partir dos datos dunha investigación científica, e obter conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Importancia da investigación científica na industria e na empresa.</li> <li>▪ B1.3. Prevención de riscos no laboratorio</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Aplicar a prevención de riscos no laboratorio de química e coñecer a importancia dos fenómenos químicos e as súas aplicacións aos individuos e á sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.2.1.Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Investigación científica: documentación, elaboración de informes, comunicación e difusión de resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Empregar axeitadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, o manexo de aplicacións de simulación de probas de laboratorio, a obtención de datos e a elaboración de informes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Química. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ I</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.3.2. Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ I</li> <li>▪ I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Investigación científica: documentación, elaboración de informes, comunicación e difusión de resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Diseñar, elaborar, comunicar e defender informes de carácter científico, realizando unha investigación baseada na práctica experimental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica, a e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 2. Orixe e evolución dos compoñentes do Universo				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ I</li> <li>▪ I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estrutura da materia. Hipótese de Planck.</li> <li>▪ B2.2. Modelo atómico de Bohr.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Analizar cronoloxicamente os modelos atómicos ata chegar ao modelo actual, discutindo as súas limitacións e a necesidade dun novo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB2.1.1. Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos en relación cos feitos experimentais que levan asociados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB2.1.2. Calcula o valor enerxético correspondente a unha transición electrónica entre dous niveis dados, en relación coa interpretación dos espectros atómicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Química. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Modelo atómico de Bohr.</li> <li>▪ B2.3. Orbitais atómicos. Números cuánticos e a súa interpretación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Recoñecer a importancia da teoría mecanocuántica para o coñecemento do átomo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ QUB2.2.1. Diferencia o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, en relación co concepto de órbita e orbital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
- Os puntos 1º e 2º referentes a introducción a cada unidade e explicación de contidos e procedementos, serán remitidos ao alumnado a través de documento pdf ou vídeo a través da AV do centro; cando sexa posible, en función da dispoñibilidade de medios e/ou conexión do alumnado e profesorado, desenvolveranse estes puntos a través da aplicación Cisco Webex ou calquera outra (Meet, por exemplo) que permita a interacción entre o profesor e o alumnado en tempo real para a aclaración de contidos e/ou procedementos que non quedasen suficientemente claros a través de lectura de documentos ou visualización de vídeos

- O punto 3º referente ao traballo individual do alumno, seguirase igualmente coma no ensino presencial, entregando todas as súas tarefas, obrigatorias ou voluntarias a través da AV ou correo electrónico

Neste apartado do traballo diario:

- O recollido a través da observación directa (participación activa nas distintas sesións : preguntas, atención, aportación de ideas, realización de tarefas..) quedará por unha banda limitado as sesión de videochamada que se puidesen realizar; por outra banda, a AV permite comprobar a actividade e participación do alumnado na materia
- a recollida de tarefas, de carácter obrigatorio ou voluntario, farase integramente a través do correo ou da AV : exercicios dos boletíns propostos ao final de cada unidade, informes de prácticas; pero non se levarán a cabo controis telemáticamente

As probas escritas en este modelo de ensino realizaranse telematicamente: marcaranse as datas das probas, igual ao modelo presencial, e ademais a hora de inicio (recepción da proba a través de AV ou correo) e unha hora de finalización (para o envío da proba resolta, ben por AV ou correo). Se os medios de alumnado e profesorado o permitan, a proba realizarase con videochamada (CiscoWebex ou outra aplicación), para aclarar posibles dúbidas que puidesen xurdir. De xurdir algún problema que impidise a un alumno a realización da proba escrita, tras previa xustificación, acordarase outra data posible para a realización da proba pendente, nas mesmas condicións.

As tarefas que se avaliaran como traballo diario, marcaranse con tempo suficiente de entrega para que o alumnado poida facelas e entregalas; neste modelo non se levarán a cabo controis, outro dos instrumentos empregados para avaliar o traballo diario.

### 6.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

#### Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Para o ensino semipresencial plantéxase exactamente a mesma metodoloxía ca no presencial, agás no referente á realización das probas escritas.

No momento da redacción desta Programación non é posible facer una clase online en tempo real, é dicir, conectar na hora da sesión de clase co alumno ausente a través de aplicación de videochamada; ao longo do presente curso, se isto se consegue, farase, xa que é a mellor maneira de facer ao alumno participe do proceso aínda que non estea presente na aula. Dado que nestes momentos non é posible, a profesora, a través da AV do grupo, exorará diariamente as tarefas desenvolvidas na clase (tanto por profesora como por alumnado), con material de apoio as explicacións presenciais (documentos pdf ou word explicativos, vídeos, prácticas virtuais...). Tras a súa incorporación as clases presenciais o alumno presentará as súas dúbidas á profesora, que aclarará de ser necesario.

As tarefas de carácter obrigatorio e voluntario que tivese que presentar o alumnado en reximen semipresencial, serán remitidas a través da AV ou de correo electrónico á profesora

Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba, tras a resolución de dúbidas.

Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, fariase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificadas, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

## 7. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

#### Materiais e recursos didácticos (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Para o desenvolvemento do currículo e os contidos e procedementos nel sinalados a profesora seguirá o libro de texto proposto para este curso e materia, Química de 2º de Bac., de Baía Edicións, o cal recolle as 7 unidades didácticas indicadas no apartado 6.1, desenvolvendo todos os contidos e procedementos recollidos no currículo e as indicacións dadas polo grupo de Química da CIUGA, así como as prácticas recomendadas para cada unidade. Ao final de cada unidade adxúntanse tamén resumos das ideas básicas de cada unidade e as correspondentes propostas de exercicios, onde se recollen cuestións teóricas, problemas e prácticas similares ás propostas polo grupo de Química da CIUGA na súa páxina web.

O libro de texto será un recurso común empregado nas tres modalidades de ensino, e serán postos a disposición do alumnado mediante a súa publicación na AV do centro as explicacións pertencentes a cada contido explicadas así como os exercicios resoltos, a que o alumnado accederá a través do curso 2º Bac-Química. Neste curso da **AV do ies** será o lugar onde se publiquen grande parte dos **recursos** a empregar tanto no **ensino presencial, semipresencial como telemático**: no curso de Química de 2º de bacharelato iranse anotando a actividade diaria de cada sesión, as explicacións teóricas, os exercicios resoltos, todo o feito na clase; se ser preciso, tamén se publicarán explicacións máis exhaustivas e de reforzo ou ampliación de contidos (documentos pdf ou vídeos ou imaxes), e prácticas de laboratorio (virtuais ou maxistrais, a través de vídeos).

A través da AV tamén se marcarán as datas de entrega de tarefas , así como a través do correo electrónico. Estes recursos permitirán tamén a aclaración de dúbidas e seguimento da actividade do alumnado en **réxime telemático e semipresencial**. **No ensino presencial**, contarase con máis recursos. As sesións desenvolveranse na aula de referencia deste grupo, aula suficientemente ampla, contando con pantalla, cañón, pizarra branca. Para o desenvolvemento de prácticas máximas o profesor levará á aula o material ou montaxe precisa dada a actual situación sanitaria; para evitar o movemento de material fora do laboratorio de Química, empregaranse tamén aplicacións virtuais que permitan a realización virtual das prácticas ou ben vídeos explicativos do desenvolvemento das mesmas. Todo este material será publicado na AV para o acceso do alumnado en réxime semipresencial ou no ensino telemático.

O alumnado precisará para desenvolver o seu traballo de calculadora científica, das características que se indiquen por parte da CIUGA , para a súa utilización sen problemas nas probas de ABAU ou de acceso a C.S.

No caso de ter que desenvolver un **ensino telemático** por mor dun confinamento, a profesora fará chegar ao alumnado as súas explicacións e desenvolverá a metodoloxía xa indicada empregando, como xa se mencionou a AV do centro e conectando , de ser posible, co alumnado a través de aplicacións como Cisco Webex ou similares, co fin de buscar a interacción máis directa profesor-alumno . Este recurso vai depender da posibilidade de medios e/ou conexión tanto do alumnado coma do profesor.

## 8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

### 8.1 Criterios de avaliación

A avaliación do alumnado constará de varias partes:

**1º.- Avaliación inicial** . Nas primeiras semanas de clase levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado para coñecer cal é o punto de partida, sobre todo tendo en conta a situación de confinamento e ensino telemático que se viviron desde o 13 de marzo do pasado curso académico. Por medio da Memoria do curso 19-20, a profesora coñece cales foron os contidos impartidos e non impartidos na materia de 1º bacharelato; co cal a avaliación inicial estará baseada en estes coñecementos. En calquera caso, esta avaliación estará exentas de cualificación; servirá unicamente para que o profesor teña información do punto de partida dos seus alumnos..

**2º.-Avaliación continua**. O alumnado será avaliado de maneira continua, intentarase que sexa diariamente, para analizar a evolución da súa aprendizaxe ao longo das diferentes unidades didácticas que se vaian desenvolvendo. Para esta avaliación o profesorado contará con diversos procedementos e instrumentos, a través dos cales o profesor poderá avaliar o **traballo diario do alumno**, saber como desenvolve destrezas e aplica novos coñecementos. Todos os instrumentos empregados serán deseñados polo profesorado co fin de que recollan os EA a acadar en cada unidade. Dentro desta avaliación continua, tamén se realizarán **probos escritos** que recollerán información sobre o avance do alumno a máis longo prazo. Estas probas tamén estarán deseñadas de tal xeito que recollan os EA indicados para cada unidade. Realizaranse 2 probas parciais escritas por trimestre e alomenos dúas probas globais ( trimestrais) na 2ª e 3ª avaliacións , co fin de que o alumnado vaia globalizando e interrelacionando coñecementos . As probas constarán de exercicios do mesmo tipo dos feitos na clase, de todo tipo – cuestións teóricas de resposta curta, de desenvolvemento, resolución de cuestións prácticas curtas, de problemas- Trátase de recoller a través das probas todos os EA traballados, e que calquera alumno que traballe a materia sexa capaz de acadar o grao mínimo esixible. Neste caso dos alumnos de 2º de bacharelato, para as probas – a súa elaboración e corrección – seguiranse as orientacións marcadas polo grupo de traballo de Química da CIUGA.

**3º.- Avaliación final**. Esta parte refírese a *avaliación parcial de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes: parte A, referente as probas escritas; e parte B, referida ao traballo diario

**Avaliacións parciais (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

**Ensino presencial:** Esta parte refírese a *avaliación de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes:

- **Parte A, referente as probas escritas:** A nota desta parte será a media ponderada das notas das probas escritas, realizaranse dúas probas escritas no primeiro trimestre. No segundo e terceiro trimestre farase ademais unha terceira proba, *trimestral*, que suporá o 35% da nota correspondente a esta parte A, co fin de que o alumnado de 2º de bacharelato repase a materia que se vai impartindo ao longo do curso.
- **Parte B, referida ao traballo diario:** A nota desta parte será a media de todas as notas acadadas polo alumno no seu traballo diario de todo o trimestre e recollidas no caderno do profesor (chamadas de clase, controis, tarefas obrigatorias recollidas, prácticas, participación ...).

Esta nota de traballo diario poderase incrementar coa entrega de tarefas de carácter voluntario. Terase en conta a puntualidade na entrega das tarefas de carácter obrigatorio, para as cales se porá límite de entrega; fora de prazo as tarefas non serán cualificadas

Con respecto as probas escritas, terase en conta a caligrafía, presentación e ortografía :

A falta de asistencia a unha proba escrita – marcadas de antemán con suficiente antelación – deberá ser xustificada correctamente e en prazo para poder realizala con posterioridade noutra data acordada polo alumno e profesor; de non ser así, non se realizará a proba

Se o profesor se decata de que un alumno está a copiar nunha proba escrita, considerarase unha falta grave.

A nota parcial de avaliación, como se dixo anteriormente será a suma da parte A e B. Esta nota poderase baixar se o alumno ten faltas de orde

Nestes casos os alumnos realizarán unha **proba de recuperación**, unha vez rematada a avaliación, que será en 2º de bacharelato, a proba trimestral

**Ensino semipresencial:** Os criterios de avaliación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial, atendendo as concrecións metodolóxicas que para o ensino semipresencial se expuxeron no apartado 6.3, concretamente no referente as probas escritas: “ Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba, tras a resolución de dúbidas. Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, fariase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificada, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

**Ensino telemático:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial:

- **Parte A, referente as probas escritas:** A nota desta parte será a media ponderada das notas das probas escritas, realizaranse dúas probas escritas no primeiro trimestre. No segundo e terceiro trimestre farase ademais unha terceira proba, *trimestral*, que suporá o 35% da nota correspondente a esta parte A, co fin de que o alumnado de 2º de bacharelato repase a materia que se vai impartindo ao longo do curso. A data e hora de realización destas probas será comunicada ao alumnado con suficiente antelación na AV; na data e hora indicadas os alumnos disporán do tempo que se lles indique para a recepción, realización e envío da proba resolta, ben a través de AV ou correo electrónico; se os medios disponibles nese momento son suficientes, a proba realizarase estando conectados a través de vídeo chamada

- **Parte B, referida ao traballo diario:** A nota desta parte será a media de todas as notas acadadas polo alumno no seu traballo diario de todo o trimestre e recollidas no caderno do profesor (tarefas obrigatorias recollidas, prácticas, participación a través da AV...).

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación, que será a proba trimestral correspondente a esa avaliación, ao rematar a avaliación; nesta situación, a recuperación realizaríase tamén telemáticamente, na data e hora marcadas polo profesor e publicada na AV.

#### Avaliación final (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

A nota da **avaliación ordinaria de maio**, é dicir, a avaliación final, resultará da media aritmética das tres avaliacións trimestrais ou parciais. **Este criterio será o mesmo nas tres modalidades de ensino, presencial, semipresencial e telemático.** Ningún alumno poderá ter unha cualificación positiva en maio con algunha avaliación trimestral suspensa.

#### Avaliación extraordinaria (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Tanto para o ensino presencial como semipresencial, como telemático, os alumnos que non acaden cualificación positiva en maio someteranse á **avaliación extraordinaria de xuño** para o alumnado de 2º de bacharelato. As probas extraordinarias estarán deseñadas recollendo o grao mínimo de consecución dos EA marcados durante o curso.

No ensino semipresencial e telemático, se o alumno ten que realizar a proba extraordinaria de xuño, comunicáraselle con suficiente antelación a data e hora de realización da proba. Contará con tempo suficiente para a recepción, realización e envío da proba resolta, a cal será enviada a través de AV ou correo electrónico; se os medios disponibles son suficiente, tentarse a conexión a través de videochamada durante a realización da proba.

## 8.2 Criterios de cualificación

#### Criterios de cualificación (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

**Enseno presencial:** Esta parte refírese a *avaliación de cada trimestre* que quedará rexistrada no boletín de notas do alumno. Para esta avaliación teranse en conta todas as cualificacións do alumno ao longo do trimestre. Esta avaliación constará de dúas partes:

- **Parte A, referente as probas escritas: 75 % da nota** de avaliación.. Para facer media, será preciso unha nota mínima de 3
- **Parte B, referida ao traballo diario: 25 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso acadar como mínimo 1 punto, dos 2.5 posibles.

Esta nota de traballo diario poderase incrementar en 0.1 puntos como máximo por tarefa entregada de carácter voluntario. Terase en conta a puntualidade na entrega das tarefas de carácter obrigatorio, para as cales se porá límite de entrega; fora de prazo as tarefas non serán cualificadas e constará como nota da mesma 0

Con respecto as probas escritas, terase en conta a caligrafía, presentación e ortografía :

- por mala presentación e caligrafía, baixarase 0.25 puntos na cualificación global da proba
- por cada 10 faltas de ortografía baixarase 0.25 puntos na cualificación global da proba
- por cada 10 tildes baixarase 0.1 puntos na cualificación global da proba

A falta de asistencia a unha proba escrita – marcadas de antemán con suficiente antelación – deberá ser xustificada correctamente e en prazo para poder realizala con posterioridade noutra data acordada polo alumno e profesor; de non ser así, non se realizará a proba e a nota na mesma será 0.

Se o profesor se decata de que un alumno está a copiar nunha proba escrita, retiráraselle a proba e será cualificada con nota 0, xa que considerárase unha falta grave.

A nota parcial de avaliación , como se dixo anteriormente será a suma da parte A e B. Esta nota poderase baixar se o alumno ten faltas de orde: - 0.1 por falta leve; - 0.5 por falta grave. .

Se a nota parcial de avaliación é igual ou superior a 5, a avaliación estará aprobada; se a nota é inferior a 5, estará suspensa.

Nestes casos os alumnos realizarán unha **proba de recuperación**, unha vez rematada a avaliación. Nesa proba o alumno deberá acadar o grao mínimo de consecución dos EA. Se a nota desta recuperación está entre 5-6, constará como nota de avaliación un 5; se a nota da recuperación é superior a 7, a nota que constará como avaliación recuperada será de 6. Para os alumnos de 2º de bacharelato, a proba trimestral constará como proba de recuperación.

**Ensino semipresencial:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial e tendo en conta as concrecións metodolóxicas que para o ensino semipresencial se expuxeron no apartado 6.3, concretamente no referente as probas escritas: “ Se durante a ausencia do alumno se tivese levado a cabo algunha proba escrita, esta levarase a cabo tras a súa reincorporación ao ensino presencial. Non se levarán a cabo probas escritas telematicamente aos alumnos nesta modalidade. Alumno e profesora acordarán data e hora para a realización da proba, tras a resolución de dúbidas. Se a ausencia se producise en datas próximas as sesións de avaliacións e non se puidesen levar a cabo segundos exames parciais, fariase a media de avaliación con ese 2º exame sen cualificar, de modo que esta nota de avaliación sería revisada e rectificadada, de ser necesario, tras a realización da proba pendente presencialmente.

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación , que será en 2º de bacharelato a proba trimestral, ao rematar a avaliación; nesta situación de semipresencialidade, a recuperación realizaríase tras a incorporación do alumno e previo acordo co profesor sobre a data.

**Ensino telemático:** Os criterios de cualificación para este ensino serán os mesmos que para o ensino presencial, variando as porcentaxes das partes A e B:

- **Parte A, referente as probas escritas: 60 % da nota** de avaliación. Para facer media, será preciso unha nota mínima de 3.
- **Parte B, referida ao traballo diario: 40 % da nota** de avaliación. ara facer media, será preciso acadar como mínimo 1 punto, dos 2.5 posibles.

No caso de que o alumno non acadase nota igual ou superior a 5 e tivese a avaliación parcial suspensa, realizaría unha proba de recuperación, que será a proba trimestral correspondente a esa avaliación, ao rematar a avaliación; nesta situación , a recuperación realizaríase tamén telematicamente ,na data e hora marcadas polo profesor e publicada na AV.

### 8.3 Criterios de promoción

#### Criterios de promoción (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Nas tres modalidades de ensino - presencial, semipresencial e telemático- promocionará aquel alumno que habendo superado a materia por avaliacións parciais – nota de 5 ou superior- , ou superando as correspondentes recuperacións. acadase nota igual ou superior a 5 nas avaliacións ordinaria de maio, ou no seu defecto, na extraordinaria de xuño.

## 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Ademais de realizar a avaliación do alumnado, é imprescindible levar a cabo unha avaliación do propio proceso de ensinanza-aprendizaxe, da práctica docente e desta programación didáctica para analizar todos estes puntos se forma crítica e poder mellorar así a calidade do proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordinase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		

2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos		

estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

## 10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso académico 2020-2021 non hai alumnos en 2º de bacharelato coa Física e Química de 1º de bacharelato pendente .

## 11. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

### Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

No presente curso académico 2020-2021 non hai alumnos de Química de 2º de bacharelato que non tiveran cursado a materia de Física e Química en 1º de bacharelato

## 12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

### Deseño da avaliación inicial

En 2º de bacharelato non se realiza proba explícita de avaliación inicial ( non se indica realización de sesión de avaliación inicial en cursos de bacharelato). Nas primeiras semanas do curso, como xa se expuxo anteriormente, a través da observación directa e o traballo diario desenvolvido, así como tomando como punto de partida os contidos impartidos no curso de 4º de ESO e 1º bacharelato na materia de Física e Química, farase esta avaliación inicial do alumnado. Dito punto de partida é coñecido xa de antemán pola profesora que impartiu xa a materia a este grupo de alumnos nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 .

### Medidas individuais e colectivas

A nivel individual non se tomará ningunha medida. A nivel colectivo, tal e como se sinala nas instrucións de inicio de curso, retomaranse os contidos non impartidos na Física e Química de 1º de bacharelato, nesta materia e curso , farase no 3º trimestre cando se aborde o bloque de Química do carbono

## 13. Medidas de atención á diversidade

### Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Terase en conta os distintos ritmos de aprendizaxes, propondo actividades de reforzo para aqueles alumnos cun ritmo máis lento , e de ampliación para aqueles que teñan un ritmo maior ou máis facilidade.

Tras as primeiras semana de curso 20-21 e tras falar co departamento de orientación, tomaranse medidas concretas de atención a determinados alumnos que presentan dificultades concretas ( déficit de atención e TDAH) e alumnos que en cursos inferiores da ESO tivesen reforzo educativo). Estas medidas axustaranse aos protocolos establecidos para este tipo de alumnado, tomando aquelas que mellor se axeiten ao alumnado : estes alumnos situaranse próximos á pizarra e á mesa do profesor, co fin de captar a súa atención e que non se dispersen; co mesmo fin, procurárase alternar na mesma sesión explicación e traballo individual , exercicios orais e/ou escritos, procurando que non sexan tarefas longas que poidan dispersar a atención do alumnado.

Para a realización de probas escritas , cando se detecte que o alumno o precisa, nestas cada exercicio a resolver irá nunha carilla, con letra de maior tamaño y marcando en negra preguntas ou palabras importantes nas que o alumnado deberá fixarse para a súa resolución

Neste curso 20-21 o número de alumnos en Química de 2º de bacharelato é inferior a 20 alumnos , o que facilitará o seguimento diario da aprendizaxe do alumnado; o profesor tratará de analizar os seus progresos e corrixir as súas deficiencias diariamente, desenvolvendo actividades orais ( observación e avaliación directas) e tamén escritas ( recollidas para a súa avaliación, e posteriormente entregadas ao alumnado para analizar e corrixir posibles erros). Este tipo de ,de medidas serán tomadas no ensino presencial.

No ensino semipresencial e telemático as medidas de atención á diversidade estarán dirixidas a controlar máis frecuentemente e facer un seguimento máis marcado a aqueles alumnos que presenten dificultades, a través da AV ou do correo electrónico, aportando actividades de reforzo para afianzar aprendizaxes.

## 14. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

### Elementos transversais que se traballarán

Nas materia de Física de 2º de bacharelato incluíranse os seguintes elementos transversais : a **comprensión lectora** ( CL) , a **expresión oral y escrita** ( COE), a **comunicación audiovisual** ( CA), as **tecnoloxías da información e da comunicación**, ( TIC) o **emprendemento** ( E) e la **educación cívica e constitucional** ( ECC). Ben é certo que pola propia natureza da materia e a metodoloxía a desenvolver, os elementos que máis estarán presentes serán CL, EOE, CA, TIC e E.

Sen embargo, a través das distintas unidades didácticas a desenvolver nesta materia fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes y mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Tamén promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida , así como dos valores que sustentan a igualdade, a paz, o respecto aos dereitos humanos así como a prevención de calquera tipo de violencia. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Co desenvolvemento desta programación fomentáranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade,a autonomía, a iniciativa no traballo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

### 15. Actividades complementarias e extraescolares

<b>Actividades complementarias e extraescolares</b>
Nas datas en que se deseña a presente Programación Didáctica, este departamento non ten marcada a realización dunha actividade complementaria, dada a actual situación sanitaria derivada pola pandemia por Covid-19.
Este departamento está aberto neste presente curso académico á colaboración con outros departamentos para a realización de outras posibles actividades complementarias que poidan resultar de interese para o alumnado, previa aprobación en sesión extraordinaria do consello escolar, e sempre que a situación sanitaria o permita.

### 16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

<b>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación</b>															
Para o seguimento das programacións e análise do seu grao de cumprimento, ao remate da cada avaliación parcial cubrirase un modelo de seguimento da programación, proporcionadao polo propio centro, e que se mostra a continuación:															
<b>SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN POR AVALIACIÓN</b>															
DEPARTAMENTO						MATERIA/MÓDULO									
Física e Química															
AVALIACIÓN: 1ª <input type="checkbox"/> 2ª <input type="checkbox"/> 3ª <input type="checkbox"/>						CURSO:									
UNIDADES DIDÁCTICAS OU ESTÁNDARES PREVISTOS				Impartíuse totalmente				Impartíuse parcialmente				Non se impartiu			
				A	B	C	D	A	B	C	D	A	B	C	D

CAUSAS DAS MODIFICACIÓNS NA TEMPORALIZACIÓN PREVISTA:														
<b>INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE</b>														
<b>1. PLANIFICACIÓN</b>														
<b>Indicador de logro</b>							<b>Valoración e propostas de mellora</b>							
1. A temporalización programada é realista														
2. A secuencia dos contidos segue unha orde pedagóxica.														
3. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos adecuados ás necesidades e os intereses do alumnado.														
4. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa disciplina.														
<b>INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE</b>														
<b>2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO</b>														
<b>Indicador de logro</b>							<b>Valoración e propostas de mellora</b>							
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.														
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).														
3. Relaciona os contidos con aplicacións reais e/ou coa súa funcionalidade.														
4. Informa sobre os progresos alcanzados e as dificultades atopadas.														
5. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.														
6. Promove a reflexión dos temas tratados.														
<b>3. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO</b>														
<b>Indicador de logro</b>							<b>Valoración e propostas de mellora</b>							
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con														

mapas conceptuais, esquemas...	
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos coñecidos; intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos...	
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrece asesoría dentro e fóra das clases.	
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.	
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.	
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.	
7. Desenvolve os contidos dunha maneira ordenada e comprensible para os alumnos.	
8. Expón actividades grupais e individuais.	
4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE	
Indicador de logro	Valoración e propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.	
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.	
3. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora da súa aprendizaxe.	
4. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.	
5. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non fosen alcanzados.	
6. Propón actividades para profundar cando os obxectivos fosen alcanzados.	
7. Emprega medios adecuados e suficientes para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.	

Ditos seguimentos serán recollidos pola xefa de departamento e arquivados , co fin de poder ser revisados; así mesmo enviarase copia dos mesmos ao correo do centro ao término de cada avaliación parcial. No modelo de seguimento, como se pode observar, sinalanse as posibles modificacións realizadas na programación deseñada inicialmente , así como as súas causas e como se reaxustará dita programación para conseguir o seu cumprimento

Tamén se fará un seguimento das programacións a través das distintas reunións de departamento, que neste curso os membros levarán a cabo telemáticamente a través da aplicación de Cisco Webex mensualmente.

Ao finalizar o curso , tamén se fai balance do cumprimento da Programación da materia na Memoria anual.

No pasado curso 19-20, a causa da situación sanitaria provocada pola pandemia por Covid-19, a Consellería de Educación solicitou a Modificación das Programacións de cada curso e materia, adaptándoas as circunstancias sobrevidas polo confinamento no terceiro trimestre. De se repetir novamente esta situación, volveranse facer as pertinentes Modificacións , se fosen solicitadas pola Consellería.



# Programación didáctica

## ESO ADULTOS

DEPARTAMENTO	FÍSICA E QUÍMICA	
MATERIA OU ÁMBITO	ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO	
CURSO E GRUPOS	MÓDULO I (Semipresencial)	
PROFESORADO	LAURA DÍAZ LÓPEZ	
LIBRO DE TEXTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>) Libros para a educación secundaria a distancia de adultos. Ámbito científico-tecnolóxico, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.</li> <li>) Matemáticas ESO 1, Ed. Anaya. 2016.</li> <li>) Matemáticas ESO 2, Ed. Anaya. 2016.</li> <li>) Matemáticas. Serie Resolve. 2º ESO, Editorial Santillana.</li> </ul>	
	Ano de implantación	2020

## Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	<b>Introdución e contextualización</b> .....	3
2.	<b>Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación</b> .....	4
3.	<b>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</b> .....	4
4.	<b>Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso</b> .....	5
5.	<b>Concreción de cada estándar de aprendizaxe available:</b> .....	6
6.	<b>Concrecións metodolóxicas</b> .....	23
6.1	Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial.....	40
6.2	Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático.....	41
6.3	Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial .....	42
7.	<b>Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar</b> .....	42
8.	<b>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción</b> .....	43
8.1	Criterios de avaliación.....	43
8.2	Criterios de cualificación .....	47
8.3	Criterios de promoción.....	48
9.	<b>Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente</b> .....	48
10.	<b>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes</b> .....	49
11.	<b>Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados</b> .....	50
12.	<b>Medidas de atención á diversidade</b> .....	51
13.	<b>Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda</b> .....	51
14.	<b>Actividades complementarias e extraescolares</b> .....	51
15.	<b>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora</b> .....	53

## 1. Introducción e contextualización

### Introdución xeral

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica distintos aspectos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, considera a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida. En coherencia con este principio, a lei dedica o capítulo IX do seu título I á educación das persoas adultas e establece, no seu artigo 66, que esa educación ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezoito anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Inmediatamente despois, o texto da lei enumera os obxectivos da educación de adultos, que son, entre outros, adquirir a formación básica, facilitar o acceso aos diferentes niveis do sistema educativo, mellorar a cualificación profesional, desenvolver a participación na vida social e corrir os riscos de exclusión social.

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliados de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

O Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño, regula as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, de acordo co disposto no Real Decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determina na súa disposición adicional cuarta que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por vía regulamentaria poderá establecer currículos específicos para a educación de persoas adultas que conduzan á obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

A nivel autonómico, a ORDE do 20 de marzo de 2018 é pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. Con base nesta habilitación normativa e co fin de adaptar a oferta da formación básica ás condicións, necesidades e intereses das persoas adultas, nesta orde (do 20 de marzo de 2018) establécese un currículo específico, aberto, flexible e adecuado ás características do alumnado adulto, correspondéndolle a cada centro educativo as súas adaptacións ás condicións concretas do seu alumnado.

A educación secundaria para as persoas adultas estrutúrase tamén en dous niveis, con recoñecemento académico en todo o Estado. En cada nivel intégranse tres ámbitos de coñecemento, os ámbitos de comunicación, social e científico-tecnolóxico, organizado cada un deles en catro módulos, aos cales se incorporan os aspectos básicos das materias da educación secundaria obrigatoria previstas na disposición derradeira primeira do Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, que modifica a disposición adicional cuarta do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro.

O alumnado do IES O Ribeiro procede de familias da comarca do Ribeiro, cun perfil socioeconómico medio e medio baixo. As actividades produtivas da zona son fundamentalmente do sector primario, predominantemente rurais e orientadas ao autoconsumo o que levou a un éxodo do campo á cidade e á emigración. No sector secundario, a industria e a construción vive unha situación de estancamento, con unha produtividade baixa. O sector terciario, e o sector económico que máis se desenvolveu nos últimos tempos cun crecemento xeneralizado do comercio a hostalería e o transporte, aínda que atreavesando momentos moi complicados nestas circunstancias de pandemia do Covid-19.

O Municipio de Ribadavia como capital do Ribeiro conta con todas as instalacións, infraestruturas e servizos públicos e privados, necesarios para o desenvolvemento de toda actividade social, económica e cultural.

No tecido empresarial destaca a industria da madeira, a pedra, a produción vitivinícola (ademais da produción privada con innumerables adegas particulares existe a Cooperativa coa denominación de orixe de viño Ribeiro) e tamén carpintería metálica. Os sectores que teñen máis potencialidade para o seu crecemento son os relacionados cos servizos xerártricos, debido a tendencia demográfica; os balnearios, recursos termais fonte de riqueza con posibilidade de explotación; o sector do enoturismo, turismo asociado ao viño e a oferta turística; produción auxiliar do automóbil pola súa posición con excelentes comunicacións e a súa proximidade a Citrón de Vigo; factorías relacionadas coa produción e envasado de produtos agrícolas, en concreto a industria cárnica, os pementos de Arnoia como produto incluído dentro da Indicación Xeográfica Protexida e empresas relacionadas co subsector forestal.

## 2. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior. Plan de reforzo e recuperación

### Aprendizaxes imprescindibles non adquiridos

A relación das aprendizaxes que se recollen neste apartado incorporaranse ao currículo para a súa impartición preferente durante o primeiro trimestre, pero non será obxecto de cualificación. Figurarán, cando menos, nos apartados 3 (contribución ás competencias), 4 (contribución aos obxectivos) e 5 (temporalización).

Realizarase unha avaliación inicial de cada Unidade Didáctica para detectar o nivel do alumnado e decidir se é necesario recordar os coñecementos previos. Reforzaranse conceptos matemáticos básicos polo seu carácter instrumental e básico para a comprensión e resolución de problemas que teñen orixe doméstica ou cotiá, e para sentar unha base no comezo do Modulo I. O Plan de Reforzo constará de explicacións e boletíns de exercicios básicos.

## 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

### Competencias clave do currículo de ESO

Segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 8/2013, se coñecen como competencias as “capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”.

O RD 1105/2014 precisa que as competencias do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O Decreto autonómico 86/2015, que establece o currículo para a ESO e o bacharelato no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia precisa a relación entre as competencias clave e os criterios de avaliación e a Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. Deste xeito, facilítase a integración das competencias no currículo.

O ámbito científico-tecnolóxico ten como finalidade que o alumnado se capacite para ofrecer unha explicación lóxica do mundo físico e adquiera unha cultura científica básica que constitúa a base para a adquisición de novos coñecementos dende unha visión global e integradora da realidade. O logro deste fin implica a adquisición de competencias para formalizar e sistematizar a construción de conceptos dun modo interrelacionado, desenvolver procedementos característicos das disciplinas que comprenden as ciencias naturais e construír un sistema de valores propios, socialmente recoñecibles, conducentes á reflexión e á análise sobre as implicacións éticas da intervención do ser humano na natureza e dos grandes avances científicos da actualidade. O conseqüente proceso de alfabetización científica contribuirá á comprensión de fenómenos naturais, de problemas que atopan solucións no desenvolvemento científico e tecnolóxico e de actitudes responsables dirixidas a sentar as bases dun desenvolvemento sustentable.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Indicadas no cadro do punto 4 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA

Indicadas no cadro do punto 4 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL</b>
Indicadas no cadro do punto 4 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER</b>
Indicadas no cadro do punto 4 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS</b>
Indicadas no cadro do punto 4 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR</b>
Indicadas no cadro do punto 4 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI</b>
Indicadas no cadro do punto 4 xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

#### 4. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

B7.4.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, interpretando os resultados.	Observación directa	Non	6	2	2	3			3	
B7.4.2. Planifica unha experiencia, e describe o procedemento que se seguirá no laboratorio, que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.	Observación directa	Non	6	2	2	2			2	
B7.4.3. Realiza algunha experiencia de laboratorio en que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.	Observación directa	Non	6	2	2	2				
B7.5.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoniaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.	Proba escrita	Si	6	2	2				2	
B7.5.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración.	Observación directa	Si	7			2				2

celular.										
B7.5.3. Describe casos concretos de reaccions de neutralización de importancia biolóxica e industrial.	Proba escrita	Si	6	2	2				3	4
B7.6.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	Proba escrita	Si	6	2		2				
B7.6.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	Proba escrita	Si	6					2		
B7.7.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas do ambiente de importancia global.	Observación directa	Si	6		2		2	3	2	2
B7.8.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios e identifica os diferentes tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	Proba escrita	Si	6	2	2	2	2	2		3
		Total	100	22	27	20	8	7	9	7

Unidade 8: O movemento.		Segundo Cuadrimestre: Febreiro a Xuño.								
Estándares de aprendizaxe	Instrumento de avaliación	Mínimo exigible	Peso orientativo (%)	Peso orientativo competencias clave (%)						
				C C L	CMCCT	C D	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
B8.1.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema internacional de unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	Observación directa	Si	7	2	3					
B8.1.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema internacional de unidades.	Observación directa	Non	9	2	3			2		2
B8.2.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	Proba escrita	Si	9	2	3		2			
B8.2.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación	Proba escrita	Si	7	2	3	2			2	

preventivas.										
B8.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.	Proba escrita	Si	7	2	3					
B8.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	Observación directa	Non	7	2	3					
B8.5.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.	Proba escrita	Si	7	2	3			2		
B8.6.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo interpretando o resultado.	Observación directa	Non	7	2	3	4	3			
B8.6.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	Proba escrita	Si	9	2	3					
B8.7.1. Deducer a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	Proba escrita	Si	9	2	3	3				

B8.7.2. Xustifica se un movemente é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	Observación directa	Si	7	2	3	3	3			
B8.8.1. Clasifica distintos tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.	Observación directa	Si	8	2	3					
B8.8.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), razoando o concepto de velocidade instantánea.	Observación directa	Non	7	2	3		2		3	2
		Total	100	26	39	12	10	4	5	4

## 6. Concrecións metodolóxicas

### 6.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

#### Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais son de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas pódense desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua. Como xa ocurría antes do contexto COVID, o Departamento de Física e Química potencia o proceso de ensinanza-aprendizaxe mediante a Aula Virtual do centro.

A metodoloxía que propoñemos parte do enfoque da aprendizaxe como proceso significativo e construtivo que debe ter sempre en conta os conceptos previos e intereses do alumnado para implicalos ó máximo no proceso de ensino-aprendizaxe. A nosa proposta está baseada na utilización de guías de actividades que permitan a construción dos conceptos a partir das ideas previas do alumnado. Estas actividades estarán encamiñadas a adquirir os contidos programados e ao desenvolvemento das competencias clave.

- Actividades iniciais: Pretendemos que o alumnado se sitúe no tema a tratar e sexa consciente do seu punto de partida con respecto ós contidos que nel se abordarán para o cal ditas actividades iniciais non só se referirán ós preconceptos senón que tamén serán de tipo motivador para despertar o interese do alumnado.
  - Actividades de introdución de contidos, de estruturación dos coñecementos e de aplicación: Están dirixidas á construción dos novos aprendizaxes.
  - Actividades de descubrimento dirixido: a partir de problemas sinxelos realizarán experiencias que lles permitan extraelas conclusións previstas e poder formular novos conceptos.
  - Actividades de aplicación e consolidación que permitan unha memorización comprensiva.
  - Resolución de problemas con datos a partir de exemplos resoltos e aplicación a outros problemas similares.
  - A interpretación de resultados experimentais, a aplicación dos coñecementos adquiridos en situacións ou problemas concretos, a exposición da propia opinión ante certos casos son actividades propostas co fin de facilitar a reestruturación do coñecemento.
  - Nas diferentes unidades apoiarse en recursos dixitais de diferente indole, preparados para impartir clases desde a metodoloxía do encerado dixital ou ben utilizando os computadores propios do alumnado. Estes recursos inclúen actividades interactivas, animacións, ligazóns a Internet, banco de imaxes, presentacións ou tests interactivos.
  - Exercicios e actividades diversificadas (de reforzo, de ampliación, uso das TIC...), traballados de forma secuencial por niveis de dificultade e que facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos.
  - Actividades de síntese. O remate de cada unidade, cada alumno/a deberá facer unha actividade de síntese (esquema, resumo, mapa conceptual,..). Ten como obxectivos:
    - - cada alumno/a esquematice e estruture o coñecemento adquirido,
    - - destacar a relación entre o que sabía e o que aprendeu,
    - - incorporar as novas ideas a contextos mais amplos.
- O abano de actividades a desenvolver nos diferentes escenarios serían:
- Teleaulas co apoio dos materiais da Aula Virtual a disposición do alumnado e exposicións empregando pizarra virtual dixital interactiva ou a tableta gráfica
  - Simuladores.
  - Resolución de problemas propostos periódicamente
  - Resolución de cuestións propostas
  - Elaboración de informes de prácticas de laboratorio virtual
  - Exposición vía Webex de traballos monográficos
  - Pequenos desafíos de análise de observacións e investigacións.
  - Desafíos e test de Kahoot
  - Formularios tipo test en Google Forms

## 6.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

### Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

Para as clases non presenciais, a expensas de instrucións do centro ou da Consellaría, as clases telemáticas vía Cisco Webex e a Aula Virtual serían os medios principais de comunicación co alumnado. A Aula Virtual é unha potentísima ferramenta que permite ter un repositorio de información e para enviar e recibir as diferentes actividades propostas, a través da comunicación continua co alumnado vía Foro de Novas e correo electrónico. Isto permite unha atención colectiva e individualizada. Os teleencontros vía Cisco Webex son de gran interese por permitir un contacto directo, visual e auditivo co alumnado. O apoio dunha pizarra virtual dixital interactiva (unha das opcións de Webex ou OpenBoard, ou dado o caso tableta gráfica) permite dispoñer dun encerado online cunha gran semellanza ás pantallas táctiles da aula física. O abano de actividades a desenvolver nos diferentes escenarios serían:

- Teleaulas co apoio dos materiais da Aula Virtual a disposición do alumnado e exposicións empregando pizarra virtual dixital interactiva ou a tableta gráfica
- Simuladores.
- Resolución de problemas propostos periódicamente

- Resolución de cuestións propostas
- Elaboración de informes de prácticas de laboratorio virtual
- Exposición vía Webex de traballos monográficos
- Pequenos desafíos de análise de observacións e investigacións.
- Desafíos e test de Kahoot
- Formularios tipo test en Google Forms

No caso de alumnado en corentena, ou dun confinamento parcial ou total con suspensión das clases presenciais, aplicarase a mesma metodoloxía concretada no apartado anterior, pero optando polas clases virtuais mediante videoconferencias a través da plataforma Webex ofrecida pola Xunta. Contaremos con tarefas e boletíns de exercicios por medio da aula virtual, así como simulacións prácticas no caso de experiencias de laboratorio ou actividades interactivas prácticas.

Debido a situación que nos encontramos dende Marzo de 2020 por mor da Covid-19, e preveendo que a situación podería continuar, xa dende o inicio deste curso 2020/2021 utilizaranse todos os recursos informáticos, correo electrónico e a aula virtual. Traballarase engadindo as tarefas por este medio, e o alumnado enviando as entregas tamén deste xeito. Realizaremos formacións co alumnado para que se adquiren os coñecementos adecuados para poder comunicarse, formas de entrega, adxuntado de imaxes, formatos en pdf, etc.

Revisaranse as necesidades informáticas, de equipos e conexión do alumnado.

### 6.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

#### Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Neste caso seguiremos as concrecións metodolóxicas citadas anteriormente, compaxinando o exposto no apartado de presencialidade e de ensino telemático, mediante clases virtuais por videoconferencias a través da plataforma Webex ofrecida pola Xunta e os medios telemáticos empregados na aula Virtual, combinando coas explicacións presenciais a expensas de instrucións do centro ou a Consellería.

## 7. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

#### Materiais e recursos didácticos

Para o desenvolvemento do currículo tomarase como referencia os libros das editoriais dispoñibles de Matemáticas de 1º e 2º ESO, así como Libros para a educación secundaria a distancia de adultos: Ámbito científico-tecnolóxico, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Matemáticas ESO 1, Ed. Anaya. 2016, Matemáticas ESO 2, Ed. Anaya. 2016 e Matemáticas Serie Resolve 2º ESO, Editorial Santillana. Os materiais e recursos serán similares en todos os escenarios posibles, diferenciándose as explicacións en clases presenciais, que nas outras dúas modalidades serían a través de videoconferencias por Cisco Webex.

Tamén se poderán utilizar diferentes libros de texto do mesmo ou similar nivel dos que se dispoñan na biblioteca do centro ou da aula. Manexo doutros libros de Física ou Química, Bioloxía, Matemáticas, Tecnoloxía de nivel superior para a ampliación de coñecementos ou para a aclaración dos mesmos, ou para investigación bibliográfica.

E os materiais e recursos dixitais mínimos:

- Materiais de elaboración propia do Departamento
- Diferentes materiais e recursos de internet recompilados na Aula Virtual.

- Libros de texto.
- Demostracións e vídeos recollidos en YouTube.
- Presentacións de Genially.
- Xogos de Genially a modo de escape game.
- Simulacións online interactivas, en especial da Universidade de Colorado (PhET)
- Kahoot e-learning
- Google Forms, etc.

Para acceder a internet utilizarase a conexión da que se dispón na aula, ademais do ordenador da profesora, canón e pantalla e os ordenadores do alumnado dos que dispoñen nas aulas de informática, ou no caso que algún alumno/a non dispoña del.

Utilizarase a aula virtual da materia para ter o material de traballo sempre accesible ao alumnado. Tamén o correo electrónico.

Fichas realizadas polo profesora e/ou o alumnado.

Páxinas web de Internet de diferentes tipos e estruturas nas que se desenvolven aspectos dos tratados nos diferentes temas e que en moitos casos permiten a simulación de situacións próximas ás cotiás e incluso a realización de exercicios, cuestións e mesmo a súa comprobación.

Ademais tamén será un material importante no desenvolvemento da clase o encerado de sempre coas xices tanto brancas como de cores, o encerado dixital do que dispón a aula, apoiando as explicacións polo método tradicional co emprego das novas tecnoloxías.

O alumnado deberá dispoñer dun caderno tamaño folio e bolígrafos. Preferiblemente tamén un ordenador con carga, ao longo do curso valorarase que dispoñan dun pen drive. Material para prácticas do que se dispoña no laboratorio do centro, que se levarán á aula para mostrar xa que se debe cumprir o protocolo Covid e non compartir material. No caso de avance positivo da epidemia e se poida volver á utilización compartida, serían os seguintes: aparatos de medidas diversos como balanzas, termómetros, calibres, material de vidro para medir volumes, produtos para realizar disolucións e estudo de separación de mesturas, reactivos para reaccións sinxelas, etc.

## 8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

### 8.1 Criterios de avaliación

#### Avaliacións parciais

Criterios de avaliación comúns en todos os cursos desta etapa educativa e en todas as modalidades de ensino presencial, semipresencial e telemático:

1. A execución das tarefas encomendadas
  - A orde na execución e na presentación
  - A realización nos prazos acordados
  - A colaboración naquelas que se realizan en grupo.
2. A actitude ante o traballo
  - A súa predisposición cara o traballo
  - O interese por corrixir os seus propios erros
  - A súa disposición para solicitar as axudas necesarias
  - A cooperación cos seus compañeiros/as

- A colaboración na creación dun clima na aula ou teleconferencias que propicie un bo desenvolvemento da clase
- A asistencia a clase ou teleconferencia e o seu aproveitamento.

### 3. A capacidade comunicativa oral, escrita e gráfica

- Terase en conta a exposición ordenada dun tema
- A utilización dunha linguaxe axeitada ó contido da materia e cos compañeiros
- A toma de notas no seu caderno de traballo é axeitada
- Se son ampliadas as explicacións con consultas a libros ou outras fontes
- Terase en conta se fai un uso axeitado dos diferentes medios como gráficas, esquemas, táboas, ..
- A súa capacidade para comprender a información que se lle presenta en textos, táboas, gráficas, esquemas, etc.

### 4. Os aspectos propios da área

- Teranse en conta os criterios específicos de coñecemento da área que correspondan a cada unha das unidades didácticas programadas para o cuadrimestre.
- O mantemento, no centro escolar, de hábitos saudables e de respecto ao medio ambiente.

Recursos e instrumentos para a avaliación:

A) Avaliación das actitudes e comportamentos: non cuantificable numericamente pero que nos permite coñecer o nivel de integración, a súa motivación e a participación nos traballos en grupo.

- Interese e actitude inicial (motivado, pouco motivado, nada motivado).
- Interese na realización do traballo.
- Formas de participación nas diferentes tarefas.
- Estilo de participación (impositivo, aberto, reflexivo,...).
- Participación no traballo en equipo.

B) Avaliación de contidos: implica unha metodoloxía que se concreta na aplicación de recursos e instrumentos que nos poidan ofrecer toda a información que sexa posible sobre o proceso de ensino-aprendizaxe e o nivel acadado por cada alumno/a. Destacamos os seguintes:

- Observación directa do alumnado, feitas ditas observacións en diferentes momentos e situacións (traballo individual, en equipo, postas en común, explicacións, laboratorios virtuais, traballos de investigación). Entre as observacións concretas a realizar destacamos:
  - manifestación de dúbidas, certezas, erros
  - dominio e utilización da linguaxe científica
  - argumentación das súas opinións
  - aplicación dos conceptos e procedementos aprendidos ás situacións expostas
  - hábitos de traballo; coidado e respecto polo material; autoconfianza...

- Revisión dos traballos realizados polo alumnado nos seus cadernos e/ou na súa carpeta dixital; podemos obter información sobre os aspectos seguintes:

- nivel alcanzado na proposta de traballo presentado
- comprensión e desenvolvemento das actividades
- estratexias na resolución de problemas
- dificultades atopadas
- hábitos e métodos de traballo
- ideas ou conceptos mal elaborados
- nivel de expresión escrita e gráfica
- claridade, limpeza, orde, esquemas e resumos, etc.

- Probas específicas de avaliación que poden ser de diferentes tipos en función dos contidos que queiramos avaliar:

- probas de aplicación
- presentación de temas, comentarios de textos, noticias, resolución de cuestionario sobre un tema
- probas de resolución de problemas
- controis escritos que se realizarán ó remate de cada unidade didáctica ou unidades didácticas e que se anunciarán previamente. Poderán constar de preguntas tipo definición dun concepto, preguntas de razoamento e/ou de relacionar conceptos e/ou de elixir unha opción e razoar esa elección e de exercicios para resolver numericamente pola aplicación dunha lei, ou aplicar conceptos matemáticos, ... Farase media dos controis sempre que a nota mínima de cada un sexa 3,5 ou superior, en caso contrario será necesario a súa recuperación.

No caso de modalidade semipresencial, deixáranse para realizar estes controis escritos de xeito presencial e o resto de xeito telemático. Para a modalidade telemática, agás no caso dun confinamento extremo que non permita acudir a realizar no centro probas presenciais, mantense o sistema de avaliación descrito na programación. Agás os exames escritos e algunhas prácticas de laboratorio que non se poden desenvolver de xeito alternativo mediante simuladores, o resto dos instrumentos e procedementos de avaliación son aplicables en calquera escenario. No caso de confinamento total, ou alumnado en corentena que non poida asistir ás probas escritas, conectaránse á hora sinalada, e subirase a proba á aula virtual, mentras o alumnado estará conectado por videoconferencia para realizar a proba. Unha vez rematada a sesión, daráselle 15 minutos para gardar, escanear e enviar a proba á profesora.

Realizarase unha proba global de síntese e/ou recuperación despois da avaliación.

Non se repetirá ningún control se non se recibe xustificación documental oficial na data prevista para a proba ou nos dous días seguintes.

As probas e traballos levarán os criterios de cualificación e corrección para cada un.

- As probas escritas constarán de:

- cuestións, teñen varias respostas xa indicadas e os alumnos/as deberán elixir de xeito razoado\* cal é a resposta correcta ou ben dar unha explicación ou facer un comentario a unha pregunta ou expoñer unha definición ou demostración.
- problemas correctamente razoados \*

\*Exercicios razoados:

- as solucións numéricas non acompañadas de unidades ou incorrectas: -0,25
- os erros de cálculo, en cada apartado: -0,25
- a utilización directa de fórmulas que se desenvolven a partir de leis básicas, a metade do apartado.
- a elección de resposta sen razoamento, nas preguntas de resposta múltiple só contan de 0,05 a 0,1, se a resposta é válida.
- a elección de verdadeiro ou falso, sen razoamento, neste tipo de preguntas só contan de 0,05 a 0,1, se a resposta é válida.
- poñer a fórmula ou dar un resultado sen demostrar, nunha pregunta non puntúa.
- A nota da proba será a suma dos valores obtidos en cada pregunta.

#### . OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Cada alumno debe asistir o exame co seu material, de querer pedir prestado material durante o exame so poderá facelo á profesora, que deberán desinfectar e en cuxo caso levará un desconto na nota da proba de 2 puntos.
- O móbil, non é material escolar nin necesario durante unha clase, logo non se pode usar durante a mesma, nin como calculadora.
- As fotocopias de apoio á materia, que a profesora considere necesarias, danse unha soa vez logo de ter gardado corentena de 24 horas para a súa desinfección..

Para aprobar a avaliación haberá que obter unha nota mínima de cinco.

#### Avaliación final

Será común para calquer tipo de ensino, sexa presencial, semipresencial e telemático, a expensas doutras posibles instrucións da Consellería:

A nota final calcularase facendo a media das avaliacións, utilizando o sistema de redondeo:

- Se contidos actitudinais non restan pódese redondear a alza
- Se contidos actitudinais restan nalgún apartado redondearase á baixa independentemente de cal sexa o decimal da nota.

Para aprobar a materia haberá que obter unha nota mínima de cinco.

#### Avaliación extraordinaria

Será común para calquer tipo de ensino, sexa presencial, semipresencial e telemático, a expensas doutras posibles instrucións da Consellería:

Os alumnos que durante o curso non sexan capaces de seguir a secuenciación de contidos que se pretenden desenvolver na materia, sempre e cando mostrasen interese polo traballo e se esforzasen por acadar os mínimos sen logralo, ben porque presente dificultades de expresión oral ou de cálculo matemático, terán as seguintes recomendacións para a preparación da proba extraordinaria de Maio e así adquirir as estratexias máis adecuadas para acadar os coñecementos correspondentes e os hábitos de traballo necesarios para superar con éxito os obxectivos.

#### Actividades de recuperación e profundización

Unha cualificación negativa non quere dicir que fallase en todos os aspectos sinalados, pode ser que só fallase nalgún deles. Aquel alumnado que non acade os mínimos esixidos e, por tanto, non teña unha nota mínima de suficiente, poderá obtela na seguinte convocatoria se segue un plan de recuperación que a continuación se detalla referido a cada un dos criterios de avaliación.

Criterio de avaliación 1. No caso de non acadar os mínimos en relación con este criterio, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos do seu traballo deberá modificar. No caso de que llo indique a profesora deberá completar ou mellorar o caderno ou realizar os traballos que non fixera. Se segue as indicacións da profesora pode acadar a avaliación positiva neste criterio e entenderase que recuperou a valoración negativa.

Criterio de avaliación 2. De igual xeito que no criterio anterior, o/a alumno/a deberá falar coa profesora para coñecer que aspectos da súa actitude deberá modificar. Se segue as indicacións da profesora e na avaliación seguinte acada unha valoración positiva neste criterio, entenderase que recuperou a valoración negativa inicial.

Restantes criterios. No caso de non alcanzar unha nota mínima de 5 nos criterios máis propios da área, recoméndase para cada unha das leccións:

- Facer un esquema no que se resuman os conceptos máis importantes de cada lección.
- Estudar as definicións que se remarcaron durante o curso.
- Facer para cada tema unha táboa coas fórmulas, o que significa cada símbolo que aparece nelas e as unidades SI, principalmente.
- Resolver para cada lección, a lo menos os exercicios que traen os temas e que foron resoltos na clase. Repetilos hasta que se saiban resolver sen mirar a solución.
- Sería, aconsellable, facer tamén os exercicios dados en fotocopias e os propostos na aula virtual.
- Repetir os exercicios resoltos hasta que se saiban facer sen mirar a solución.
- Visitar as páxinas de internet recomendadas e facer as actividades que propoñen

O alumnado deberá realizar a proba escrita de recuperación na convocatoria extraordinaria, convocada pola xefatura de estudos.

- O exame de maio é único e sempre será de contidos mínimos de toda a materia.
- O estilo da proba será o mesmo que os realizados durante o cuadrimestre e durante o curso e se rexerán polas mesmas normas que as da avaliación ordinaria.
- As preguntas versarán sobre os contidos mínimos dos temas do currículo.

A proba de Maio terá unha cualificación máxima de 5, dado que só será sobre contidos mínimos.

Se a cualificación da proba é insuficiente, non acadará como mínimo 5, o alumnado quedará coa materia suspensa e terá que matricularse da mesma no seguinte curso.

## 8.2 Criterios de cualificación

### Criterios de cualificación

Será común para calquer tipo de ensino, sexa presencial, semipresencial e telemático, a expensas doutras posibles instrucións da Consellería:

A nota do módulo obterase: 80% Contidos conceptuais-procedimentais + 20% Contidos actitudinais – Faltas de orde e/ou expulsións.

Os criterios de avaliación 1, 2 e 3 (contidos actitudinais) suporán un 20% da cualificación e terá en conta o traballo voluntario, saídas ó encerado (ou á pizarra dixital virtual) para facer algún exercicio (0,8 contará cun un mínimo de seis saídas para que conte, máis de tres e menos de seis conta a metade, entre tres e unha conta 0,2 e ningunha non conta nada); facer deberes e traer o material necesario (0,5 estes controis serán aleatorios na avaliación, se se detecta unha soa vez conta a metade, se dous ou máis veces sen facer deberes ou traer material non conta nada); comportamento/actitude (0,5 coidar linguaxe utilizado sen usar palabras malsoantes e que non haxa chamadas de atención sobre o seu comportamento na aula ata 2 veces); estar na páxina de internet indicada /ou estar noutra materia /ou facer os deberes da seguinte sesión (0,2 este control será aleatorio, ata 1 vez); por expulsións ou faltas de orde descontarase 0,5 puntos ilimitadamente. O criterio 4 (contidos conceptuais-procedimentais) será o 80% da media das probas escritas, cando na avaliación se realicen prácticas virtuais ou traballos o reparto será (70% para a media das probas escritas e o 10% para a media das prácticas virtuais e o seu informe, se non se entrega o informe a práctica contará cero e/ou media dos traballos específicos individuais e a media das notas numéricas de resolución de exercicios e/ou toma de leccións en clase ou videoconferencias). Para aprobar a materia é necesario obter como mínimo un 5.

Para facer a media e calcular a nota final no criterio 4, o alumno/a, deberá acadar, como pouco, a nota mínima de 3,5 en cada un dos controis/probas realizados. Se hai valores inferiores a 3,5 nalgunha das probas, para calcular a nota final, realizarase a media, se da inferior a 5 esa será a nota de avaliación. No caso de que haxa probas con valores inferiores a 3,5 e que calculada a media dea 5 ou superior, a nota de avaliación será 5 menos o tanto por cento que lle falte a nota obtida para chegar a 3,5, por exemplo se lle falta o 20% teríase  $5 - 0,2 = 4,8$  e non poderá redondearse á alza.

Cando a nota de avaliación sae decimal utilizarase o redondeo:

- Se contidos actitudinais non restan pódese redondear a alza
- Se contidos actitudinais restan nalgún apartado redondearase á baixa independentemente de cal sexa o decimal da nota.

Para aprobar a avaliación haberá que obter unha nota mínima de cinco.

Nas recuperacións as notas serán as obtidas cando se corrixa as probas das mesmas e o sistema de redondeo o citado anteriormente.

A nota final da avaliación calcularase facendo a media das avaliacións, utilizando o sistema de redondeo anterior.

Se na avaliación ordinaria, algún alumno/a, non chega a nota mínima para a media, poderá recuperala na convocatoria extraordinaria, tendo que realizar o plan de recuperación e repaso proposto na área. Se na convocatoria extraordinaria non chegara a superar positivamente a área, en cuestión, quedará coa materia pendente para o seguinte curso.

Enténdese que supera a materia, en calquera convocatoria, cando acadará unha nota de 5 ou superior.

## 8.3 Criterios de promoción

## Criterios de promoción

A promoción na materia producirase cando aplicados os criterios de avaliación e de cualificación referidos nos puntos anteriores se obteña unha nota de avaliación final de cinco ou superior.

## 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

## Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente

## ASPECTO QUE SE AVALIA: PLANIFICACIÓN

Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.						
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.						
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.						
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.						
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.						
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.						
7. Coordinase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.						

## ASPECTO QUE SE AVALIA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.						
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).						
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.						
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.						
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.						
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.						
7. Promove a reflexión dos temas tratados.						

## ASPECTO QUE SE AVALIA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...						
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...						
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.						
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.						
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.						
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.						
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.						
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.						
9. Plantexa actividades grupais e individuais.						
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</b>						
Indicadores	Valoración					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.						
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.						
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.						
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.						
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.						
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.						
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.						
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.						
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.						
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.						
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.						

## 10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na ESO Adultos, os ámbitos son de contido progresivo e deben se superados nivel a nivel ou promocionados pola xunta de avaliación segundo a normativa vixente, polo que non se contemplan medidas diferentes. Pero si se lles axudará a preparar a proba extraordinaria de maio con propostas de actividades sobre o ámbito que deu durante o primeiro cuatrimestre. E para os ámbitos do segundo cuatrimestre propórase as convocatorias oficiais que se realizarán o mes de setembro. Nestas convocatorias oficiais realízanse probas sobre toda a materia.

O profesor encargado de supervisar o progreso destes alumnos é o profesor que imparte á materia no curso actual.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

### Deseño da avaliación inicial

A proba de avaliación inicial realizarase a comezos de curso, neste caso do Módulo II, en Febreiro.

#### OBXECTIVOS:

- Indagar sobre as características e o nivel de competencias que presenta o alumnado en relación con esta materia.
- Saber qué alumnado ten dificultades de aprendizaxe dende principio de curso e cales son as súas carencias.
- Coñecer as peculiaridades do curso como grupo.
- Recoller información sobre as expectativas académicas do alumnado do grupo.
- Informar ao Equipo Docente das características xerais do grupo e das circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa dos mesmos.

#### QUE SE VAI A AVALIAR:

Coñecementos específicos, adquiridos en cursos anteriores, necesarios para a materia.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Mediante os mesmos veremos o grao de adquisición dos contidos avaliados.

#### VALORACIÓN DOS INDICADORES:

A valoración dos indicadores realizarase mediante a escala: Bo, Aceptable, Insuficiente.

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Consistirá nunha proba escrita común, para valorar os coñecementos específicos adquiridos en cursos anteriores, o grao de desenvolvemento na comunicación escrita e os intereses académicos do alumnado.

#### VALORACIÓN FINAL:

A valoración final do nivel que presenta o alumnado será:

- Bo.- Supera o 70%.
- Aceptable.- Supera entre o 50% e o 70%.
- Baixo.- Non supera o 50%.

### Medidas individuais e colectivas

Nas primeiras semanas de curso o equipo docente de cada grupo de alumnos/as reúnen en sesión de avaliación inicial e á vista dos resultados obtidos nas probas de avaliación inicial de cada materia, os informes do historial do alumnado, a súa traxectoria académica, o asesoramento do departamento de orientación e a supervisión de xefatura de estudos decídese cales das medidas que sinala a lexislación entre as que citamos: atención individualizada na

aula para a realización das actividades propostas, de reforzo e ampliación, adaptación curricular, programa de seguimento, exencións de materias, flexibilización do currículo, etc., son as máis apropiadas a cada caso.

## 12. Medidas de atención á diversidade

### Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Unha das ferramentas para auxiliar na detección de alumnos con problemas é a avaliación inicial que, con carácter informativo, faise ao alumnado cando se incorpora ao curso.

Dado que nos atopamos nunha ensinanza non obrigatoria debe quedar claro que todo o alumnado debe acadar os niveis mínimos xa sinalados, pero isto pódese conseguir de xeito non uniforme dentro da mesma clase para o cal faremos unha diferenciación clara entre actividades básicas e complementarias correspondentes a cada unidade.

Dentro das actividades básicas destacamos:

- cuestións de diagnóstico previo ao comezo do tema para introducilo e ao mesmo tempo motivalos
- actividades de desenvolvemento que permiten ir reestruturando o coñecemento do alumnado
- actividades experimentais de nivel básico
- actividades de síntese para asegurar uns coñecementos mínimos a todo o alumnado.

Dentro das actividades complementarias destacaremos:

- resolución de exercicios cun nivel de razoamento máis elevado que permiten relacionar diferentes aspectos do tema tratado; requírese un grao de abstracción maior así como un nivel de cálculo moitas veces superior.

Xa se falou dos aspectos relacionados coa avaliación de actividades de repaso necesarias para o alumnado que non acadou avaliación positiva e debe con elas adquirir os coñecementos máis significativos destacados nos contidos mínimos.

## 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

### Elementos transversais que se traballarán

Elemento transversal	Actividades/ procedementos/ferramentas	Unidades							
		1	2	3	4	5	6	7	8
Comprensión lectora	Actividades de final da unidade formas de pensar	x	x	x	x	x	x	x	x
	Fomentar a comprensión lectora traballando a linguaxe propio da asignatura buscando na prensa diaria e revistas de divulgación artigos relacionados coa materia	x		x					
	Proposta da realización de traballos bibliográficos e biográficos sobre algún dos científicos nomeados nos temas ou nos artigos de prensa e publicacións para buscar os datos en enciclopedias, libros de historia, internet, etc., resaltando aqueles onde os científicos sexan mulleres.					x			

Expresión oral e escrita	Actividades da unidade referidas ao apartado formas de pensar	x	x	x	x	x	x	x	x
	Conversación e debate sobre os problemas ambientais que se están producindo a nivel global		x						
	Extracción da idea principal dun texto científico						x		
Comunicación audiovisual	Actividades de final da unidade	x			x				
	Mapa conceptual teoría cinética e cambios de estado		x						
	Esquema resumen da unidade			x			x	x	
	A actividade física e a dieta equilibrada (consumo de enerxía)							x	x
	Realización PowerPoint aprendo a aforrar enerxía en calefacción								x
	Utilizar os recursos de internet para unha mellor comprensión de conceptos utilizando as numerosas animacións, montaxes prácticas e applets.	x	x			x	x	x	
As tecnoloxías da información e da comunicación	Incorporación da aula virtual do centro como ferramenta para o desenvolvemento da materia.		x			x			
	Incorporación da aula virtual para o desenvolvemento da materia.	x	x	x	x	x	x	x	x
	Realización de tarefas que poñan de manifesto as súas habilidades para obter, procesar e comunicar información e para transformarlá en coñecemento.			x	x				
	PowerPoint aprendo a aforrar enerxía en calefacción								x
	Analizar un texto científico	x		x					
	Traballo cooperativo de final de capítulo			x	x	x			
Emprendemento	Aplicando técnicas de representación						x		
	Transformacións e transferencias de enerxía que teñen lugar nas centrais eléctricas							x	
	Aprendo a aforrar enerxía en calefacción								x
	A importancia de traballar dun modo cooperativo	x							
	O desenvolvemento sustentable e o medio ambiente		x						
Educación cívica e constitucional	Colaboro achegando ideas para frear o desxeo dos polos		x						
	Coidado da nosa contorna e medio ambiente		x		x				
	Fomento do uso de materiais non contaminantes ou que contaminen menos e de enerxías renovables			x			x	x	



	Valoración				
	1	2	3	4	5
1. Recoñecemento e respecto polas disposicións legais que determinan os seus principios e elementos básicos.					
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
3. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
5. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.					
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
7. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
8. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach].					
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
11. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).					
12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.					
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].					
16. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
18. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
19. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.					
21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.					
22. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					

Valorados os indicadores anteriores e os do punto 9, a puntuación que terá que acadar a programación será a lo menos do 55% da total.